

69 Regap

Revista Galega de Administración Pública

Núm. 69 (xaneiro-xuño 2025)

_ ESTUDIOS |01| VITALE, Carmen. «Il sentiero del Brigante» (a ruta do Bandoleiro). Itinerarios turístico-culturais e restricións paisaxísticas entre a normativa e a praxe **|02|** ÁLVAREZ GARCÍA, Vicente. A normalización e a homologación militar de materiais en España **|03|** GARCÍA LOZANO, Luis Miguel. A concesión de augas en Italia para a xeración de enerxía hidráulica: ante o reto da súa modernización **|04|** DE ROMÁN CASTRO, Carlos. Automatización e Administración pública **|05|** TAHIRÍ MORENO, Jesús A. O despregamento da intelixencia artificial nas comunidades autónomas: estudo da pioneira Lei 2/2025, do 2 de abril, para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia **_ COMENTARIOS E CRÓNICAS |06|** LÓPEZ PORTAS, María Begoña. O controvertido papel da Oficina de Conflitos de Intereses como mecanismo de control das influencias indebidas nas decisións políticas **|07|** BENEDITO CADÓRNIGA, José Luis. Análise sobre as modificacións operadas pola Lei orgánica de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza no ámbito da xurisdicción contencioso-administrativa **_ RECENSIÓNS |08|** VILAS VILLAMARÍN, Andrés. La iniciativa cidadana de referéndum y de consultas populares en España **|09|** BARREIRO CASTRO, Luis. Las razones del voto en la España democrática 1977-2023

_ ESTUDIOS |01| VITALE, Carmen. «Il sentiero del Brigante» (La ruta del Bandolero). Itinerarios turístico-culturales y restricciones paisajísticas entre la normativa y la praxis. **|02|** ÁLVAREZ GARCÍA, Vicente. La normalización y la homologación militar de materiales en España **|03|** GARCÍA LOZANO, Luis Miguel. La concesión de aguas en Italia para la generación de energía hidráulica: ante el reto de su modernización **|04|** DE ROMÁN CASTRO, Carlos. Automatización y Administración pública **|05|** TAHIRÍ MORENO, Jesús A. El despliegue de la IA en las CCAA: estudio de la pionera Ley 2/2025, de 2 de abril, para el desarrollo e impulso de la inteligencia artificial en Galicia **_ COMENTARIOS Y CRÓNICAS |06|** LÓPEZ PORTAS, María Begoña. El controvertido papel de la Oficina de Conflictos de Intereses como mecanismo de control de las influencias indebidas en las decisiones políticas **|07|** BENEDITO CADÓRNIGA, José Luis. Análisis sobre las modificaciones operadas por la Ley orgánica de medidas en materia de eficiencia del Servicio Público de Justicia en el ámbito de la jurisdicción contencioso-administrativa **_ RECENSIONES |08|** VILAS VILLAMARÍN, Andrés. La iniciativa ciudadana de referéndum y de consultas populares en España **|09|** BARREIRO CASTRO, Luis. Las razones del voto en la España democrática 1977-2023



XUNTA
DE GALICIA

A Regap, que iniciou a súa andaina en 1992, estruturase ao xeito clásico das publicacións deste tipo con estudos doutrinarios, xurisprudenciais e normativos. Pero é vontade desta Administración que se dedique a temas de actualidade, que analice e achegue a contribución dos máximos e máis destacados especialistas en temas como o dereito autonómico, as novas tecnoloxías, os retos da Administración no século XXI, o Estatuto dos empregados públicos ou a ordenación do territorio e o medio. E en especial, pretende reservarlle un espazo destacado á Administración local, a o seu funcionariado, ao réxime xurídico destas administracións e a problemas que lle afectan directamente, como a súa articulación territorial, o financiamento, réxime xurídico dos seus bens, urbanismo, etc. As principais persoas desta revista son o persoal público e o profesionais do sector privado que desenvolven as súas actividades no eido do dereito.

En suma, pretende converterse na publicación de dereito público de referencia da Comunidade Autónoma de Galicia, e ao tempo alcanzar as máis altas cotas de calidade científica. Actualmente atópase catalogada no Directorio Latindex e está incluída na base de datos Dice (Difusión e Calidade Editorial das Revistas Españolas de Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas - CSIC), Rebiun (Rede de Bibliotecas Universitarias) e Dialnet.

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Director: **Juan José Lavilla Rubira**, Universidade Pontificia de Comillas; directora técnica: **Sonia Rodríguez-Campos González**, directora da EGAP, Universidade de Vigo; secretario: **Alejandro Villanueva Turnes**, Universidade de Santiago de Compostela; vogais do Consello Editorial: **Jesús Ángel Fuentetaja Pastor**, Universidade Nacional de Educación a Distancia; **Mercedes Fuertes López**, Universidade de León; **Javier Guillén Caramés**, Universidade Rey Juan Carlos; **Alejandro Huergo Lora**, Universidade de Oviedo; **Jacinto Lareo Jiménez**, Universidade de Vigo; **Mariano López Benítez**, Universidade de Córdoba; **Pedro Nevado Batalla**, Universidade de Salamanca; **Belén Noguera de la Muela**, Universidade de Barcelona; **Carlos Pérez González**, Universidade da Coruña; **Montserrat María Otero Oitavén**, Universidade de Vigo; **José Julio Fernández Rodríguez**, Universidade de Santiago de Compostela; **Juan Raposo Arceo**, Universidade da Coruña; **Diana Santiago Iglesias**, Universidade de Santiago de Compostela; **Xosé Antón Sarmiento Méndez**, Universidade de Santiago de Compostela; **Ricardo Rivero Ortega**, Universidade de Salamanca; **Jaime Rodríguez-Arana Muñoz**, Universidade da Coruña.

COMITÉ CIENTÍFICO:

Luis Míguez Macho, Universidade de Santiago de Compostela; **Tomás Cano Campos**, Universidade Complutense de Madrid; **Antonio Cándido Macedo de Oliveira**, Universidade do Minho; **Jean-Bernard Auby**, SciencesPo; **Luis Béjar Rivero**, Universidade Panamericana; **Roberto Blanco Valdés**, Universidade de Santiago de Compostela; **María José Bravo Bosch**, Universidade de Vigo; **María Pilar Canedo Arrillaga**, Deustuko Unibertsitatea; **Pedro Costa Gonçalves**, Universidade de Coimbra; **Iñigo del Guayo Castiella**, Universidade de Almería; **Antonio Fernández de Buján y Fernández**, Universidad autónoma de Madrid; **Juan Ramón Fernández Torres**, Universidade Complutense de Madrid; **Giuseppe Franco Ferrari**, Università Luigi Bocconi; **José L. García Pita y Lastres**, Universidade da Coruña; **Julio V. González García**, Universidade Complutense de Madrid; **Vicente González Radio**, Universidade da Coruña; **Carlos Lema Devesa**, Universidade Complutense de Madrid; **Fernanda Paula Oliveira**, Universidade de Coimbra; **Miguel A. Pérez Álvarez**, Universidade da Coruña; **Thomas Perroud**, Université Panthéon-Sorbonne; **Johann-Christian Pielow**, Ruhr-Universität Bochum; **Giuseppe Piperata**, Universidade de Venecia; **Joan Manuel Trayter Jiménez**, Universidade de Girona; **Claudia Tubertini**, Universidade de Bolonia, Italia.

Entidade editora:

ESCOLA GALEGA DaADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Rúa de Madrid 2-4 – As Fontiñas

15707 Santiago de Compostela (Galicia, España)

Tel. +34 981 546 040 - Fax +34 981 546 249

Web: <http://egap.xunta.es/publicacions> | correo-e: regap@xunta.gal

Periodicidade: semestral

Formato: en liña | papel

ISSN-L: 1132-8371

DOI: <https://doi.org/10.36402/regap.v1i69>

Depósito legal: C-1.596-91

Tradución e supervisión lingüística: Ramiro Combo García;

Deseño cuberta: Campus na nube, SL

Deseño gráfico e impresión: Campus na nube, SL

Siglas utilizadas:

UDC: Universidade da Coruña

USC: Universidade de Santiago de Compostela

UVigo: Universidade de Vigo

UAM: Universidad Autónoma de Madrid

UB: Universitat de Barcelona

UCM: Universidad Complutense de Madrid

UdG: Universitat de Girona

UNED: Universidad Nacional de Educación a Distancia

USAL: Universidad de Salamanca

IUAV: Università IUAV di Venezia

RUB: Ruhr-Universität Bochum

UC: Universidade de Coimbra

UNIBO: Università di Bologna

A EGAP non se identifica necesariamente cos xuízos emitidos polos autores dos artigos que aparezan nesta revista, senón que serán única e exclusivamente responsabilidade do ou dos seus autores.

Ningunha parte desta revista poderá ser reproducida sen o consentimento expreso dos titulares do *copyright*.

Revista Galega de Administración Pública

ISSN-L: 1132-8371

Núm. 69, xaneiro-xuño 2025 \ Number 69, January-June 2025

Sumario/Summary

1 ESTUDOS / STUDIES

Carmen Vitale

«Il sentiero del Brigante» (a ruta do Bandoleiro). Itinerarios turístico-culturalis e restricións paisaxísticas entre a normativa e a praxe 5

'Il sentiero del Brigante' (The Brigand's Trail): Regulation and Praxis for Cultural Tourism Itineraries and Landscape Restrictions

Vicente Álvarez García

A normalización e a homologación militar de materiais en España 33

Standardisation and military approval of materials in Spain

Luis Miguel García Lozano

A concesión de augas en Italia para a xeración de enerxía hidráulica: ante o reto da súa modernización 47

Water Concessions in Italy for Hydropower Generation: The Challenge of Modernisation

Carlos de Román Castro

Automatización e Administración pública 69

Automation and Public Administration

Jesús A. Tahirí Moreno

O despregamento da intelixencia artificial nas comunidades autónomas: estudo da pioneira Ley 2/2025, do 2 de abril, para o desenvolvemento e impulso da intelixencia artificial en Galicia 95

The Deployment of Artificial Intelligence in Autonomous Communities: An Analysis of the Pioneering Law 2/2025 of 2nd April for the Development and Promotion of Artificial Intelligence in Galicia

2 COMENTARIOS E CRÓNICAS / COMMENTS AND CHRONICLES

M.^a Begoña López Portas

O controvertido papel da Oficina de Conflitos de Intereses como mecanismo de control das influencias indebias nas decisións políticas. . 129

The Controversial Role of the Office for Conflicts of Interest as a Mechanism for Controlling Undue Influence in Political Decision-Making

José Luis Benedito Cadórniga

Análise sobre as modificacións operadas pola Lei orgánica de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza no ámbito da xurisdición contencioso-administrativa 145

Analysis of the Amendments Introduced by the Organic Law on Measures to Improve the Efficiency of the Public Justice Service in the Field of Administrative Jurisdiction

3 RECENSIÓNS / REVIEWS

Andrés Vilas Villamarín

La iniciativa cidadana de referéndum y de consultas populares en España 159

Luis Barreiro-Castro

Las razones del voto en la España democrática 1977-2023. 165

Regap

Estudios

1



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 69_xaneiro-xuño | pp. 5-32
Santiago de Compostela, 2025
<https://doi.org/10.36402/regap.v2i69.5353>
© Carmen Vitale
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371
Recibido: 17/09/2024 | Aceptado: 26/06/2025
Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License

«Il sentiero del Brigante» (a ruta do Bandoleiro). Itinerarios turístico-culturais e restricións paisaxísticas entre a normativa e a praxe

«Il sentiero del Brigante»
(la ruta del Bandolero).
Itinerarios turístico-culturales
y restricciones paisajísticas
entre la normativa y la praxis
'Il sentiero del Brigante' (The
Brigand's Trail): Regulation
and Praxis for Cultural
Tourism Itineraries and
Landscape Restrictions

69 Regap

Regap



ESTUDOS

CARMEN VITALE
Investigadora
Universidade de Macerata
carmen.vitale@unimc.it

Resumo: O ensaio aborda a cuestión da protección paisaxística dunha ruta de turismo cultural a través da medida de declaración de interese público. Despois de recordar as posicións predominantes da xurisprudencia administrativa sobre o exercicio da potestade ministerial de coacción, reconstrúe os trazos esenciais da regulación dos itinerarios turístico-culturais, á luz dun recente proxecto de lei sobre a materia, e conclúe con algunhas reflexións acerca da cuestión da relación entre os itinerarios turístico-culturais e o desenvolvemento de territorios fráxiles e sobre a conveniencia do uso do poder de coacción (e os seus límites) en casos similares.

Palabras clave: Paisaxe, patrimonio cultural, itinerarios, valorización, desenvolvemento local.

Resumen: El ensayo aborda la cuestión de la protección paisajística de una ruta de turismo cultural a través de la medida de declaración de interés público. Después de recordar las posiciones predominantes de la jurisprudencia administrativa sobre el ejercicio de la potestad ministerial de coacción, reconstruye los rasgos esenciales de la regulación de los itinerarios turístico-culturales, a la luz de un reciente proyecto

de ley sobre la materia, y concluye con algunas reflexiones acerca de la cuestión de la relación entre los itinerarios turístico-culturales y el desarrollo de territorios frágiles y sobre la conveniencia del uso del poder de coacción (y sus límites) en casos similares.

Palabras clave: Paisaje, patrimonio cultural, itinerarios, valorización, desarrollo local.

Abstract: The essay addresses the issue of landscape protection of a cultural tourism route through the measure of declaration of public interest. After recalling the prevailing positions of administrative jurisprudence on the exercise of the ministerial power of constraint, it reconstructs the essential features of the regulation of cultural tourist itineraries, in the light of a recent draft law on the subject, and concludes with some reflections on the issue of the relationship between cultural tourist itineraries and the development of fragile territories and on the appropriateness of the use of the power of constraint (and its limits) in similar cases.

Key words: Landscape, cultural heritage, itineraries, recovery, local development.

SUMARIO: Introducción. 1. «A ruta do Brigante» no interior da Rexión de Calabria. 2. Réxime xurídico dos itinerarios turístico-culturais: entre a pluralidade da normativa e intentos de racionalización. 3. Restricións paisaxísticas para a conservación dos itinerarios turístico-culturais: «coñecer ben para actuar ben». 4. Itinerarios turístico-culturais e valorización do territorio (do interior da rexión): utilidade das restricións paisaxísticas. 5. Conclusións: o Camiño de Santiago en España para comparar coas normas italianas.

Introdución

O 18 de decembro de 2023 publicáronse no Diario Oficial do Estado¹ as medidas con que a Dirección Xeral de Arqueoloxía, Belas Artes e Paisaxe da Secretaría Rexional de Calabria declaraba os edificios e as zonas situadas dentro do perímetro da ruta do Brigante de grande interese público e, polo tanto, suxeitos a protección paisaxística en virtude dos artigos 136, 137, 140 e 141 do Decreto lei n.º 42 de 2004.

As devanditas medidas pertencen a un procedemento destinado a protexer o itinerario, xa iniciado coa candidatura da Ruta para formar parte do Atlas dos Camiños de Italia presentada pola FAI (delegación de Reggio Calabria) e a asociación GEA.

O proxecto dun Atlas Dixital dos Camiños de Italia¹ naceu en 2016 durante o Ano Nacional dos Camiños (convocado pola Directiva do daquela MiBACT «*Cammini*» o 16 de decembro de 2025), co obxectivo de poder actualizar regularmente os sendeiros e as rutas, e de cara a revalorizar a paisaxe e facer promoción da rexión.

A este respecto, a Directiva do Ministerio² definiu os *Camiños* como «itinerarios culturais de especial importancia europea e/ou nacional que poden percorrerse a pé ou mediante outras formas de mobilidade pouco invasivas e sostibles, e ofrecen o desfrute do vasto patrimonio natural e cultural, así como unha oportunidade de poñer en valor os atractivos naturais e culturais dos seus territorios».

No proxecto participaron os gobernos do Estado, as rexións e os municipios, e particulares para revalorizar os 6.600 km de camiños que cumprían cos criterios

¹ <https://www.italianostra.org/sezioni-e-consigli-regionali/atlante-digitale-dei-cammini-ditalia/>

² <https://storico.beniculturali.it/mibac/multimedia/MiBAC/documents/feed/pdf/Direttiva%202016-imported-56667.pdf>

definidos polo Comité³ (composto polo Ministerio, os gobernos rexionais e das provincias autónomas e a ANCI, Asociación Nacional de Municipios Italianos), o cal debía avaliar os informes e decidir a incorporación dos camiños no Atlas.

A primeira elaboración oficial do mapa, presentada o 4 de novembro de 2017, contiña máis de 40 camiños, entre eles a ruta do Brigante. Non obstante, dos 116 revisados polo Comité dos Camiños, só 44 foron aceptados, mentres que de entre os 72 sendeiros restantes presentados ao Comité, nun principio non incluídos no Atlas, dous son de especial interese: a vía *Appia* e a vía *Francigena*.

O caso e as medidas en cuestión suscitan interese por diferentes motivos. En primeiro lugar, as medidas de protección paisaxística aquí mencionadas caracterízanse por representar o primeiro caso dunha ruta protexida como itinerario turístico-cultural polo Ministerio de Cultura co propósito de protexer as súas características naturais e os seus centros históricos, mediante a elaboración de normas comúns para a xestión dos proxectos de transformación actuais e futuros.

Trátase, por outra parte, das medidas de protección paisaxística máis ambiciosas para unha rexión (Calabria) que figura entre as menos sometidas a restricións de Italia⁴ e na cal aínda non se aprobou un plan paisaxístico⁵.

A segunda razón concirne á relación entre a protección da paisaxe e os itinerarios turístico-culturais. Vista a correlación entre a valorización da paisaxe e a creación de itinerarios turístico-culturais, posta de relevo pola doutrina⁶ e explicitada polo poder lexislativo⁷ (así como polo Ministerio coa Directiva antes citada), formúlase aquí a cuestión de se os instrumentos que o Código de Bens Culturais dispón para a protección da paisaxe (e, en concreto, as medidas restritivas) son adecuados para protexer e poñer en valor os camiños.

Por último, en termos xerais, o asunto brinda a oportunidade de retomar unha cuestión ben presente e debatida na doutrina⁸: se os itinerarios de turismo cultural poden influír positivamente no desenvolvemento dos territorios⁹, sobre todo dos máis vulnerables, e en que condicións.

³ Presenza de rutas lineais e accesibles; presenza de sinais horizontais e verticais en cada etapa; ruta de uso seguro; porcentaxe de vías asfaltadas non superior ao 40%; etapas con servizos de asistencia ao sendeirista; descrición en liña na web de cada etapa; servizos de restauración e aloxamento a menos de 5 km da ruta; presenza dun órgano de goberno da ruta; mantemento e vixilancia do percorrido; xeorreferenciación da ruta; actualización periódica da web da ruta.

⁴ <https://sitap.cultura.gov.it/>.

⁵ Véxanse os plans aprobados en xuño de 2021, https://media.beniculturali.it/mibac/files/boards/388a5474724a15af0ace7a40ab3301de/file_pdf/Pianificazione%20paesaggistica%20-%20Quadro%20sinottico%20-%20aggiornamento%20giugno%202021.pdf.

⁶ Cfr. L. CASINI, *Valorizzazione e gestione*, en C. BARBATI, M. CAMMELLI, L. CASINI, G. PIPERATA, G. SCIULLO, *Diritto del patrimonio culturale*, Boloña, 2020, 214.

⁷ Cfr. apdo. 3 ter do art. 11, Decreto lei n.º 83/2014 e apdo. 2 do art. 6 da Lei de pequenos municipios, 6 de outubro de 2017, n.º 158.

⁸ <https://www.agenziacoesione.gov.it/wp-content/uploads/2022/01/Snai-Versante-Ionico-Serre-Doc-strategico-22.3.21.pdf>.

⁹ Sobre este tema, A. Sau, *Le frontiere del turismo culturale*, Aedon, 1, 2020. Afonda sobre este tema o cap. IV do libro de A. Areddu, *Contributo allo studio degli itinerari culturali*, Nápoles, 2019. Máis recente, B. Accettura, M. Brocca, F.F. Tuccari, *Turismo sostenibile e politiche territoriali. Profili giuridici*, <https://www.ambienteditto.it/dottrina/turismo-sostenibile-e-politiche-territoriali-profilo-giuridici/>.

1. A ruta do Brigante no interior da Rexión de Calabria

A ruta do Brigante esténdese polas cristas das montañas de Calabria, unindo o Parque do Aspromonte co Parque de Serre. Percorre as pegadas dos bandoleiros ao longo de 140 km, atravesando 2 provincias, cruzando 31 municipios e 5 centros históricos das provincias de Reggio Calabria e Vibo Valentia (Fabrizia, Mongiana, Bivongi, Serra San Bruno e San Stefano in Aspromonte).

É unha ruta cultural caracterizada polo seu relevante interese natural, grazas á presenza de bosques, regueiros, fervezas, paisaxes montañosas e mediterráneas, pero tamén de asentamentos rurais, residencias señoriais, poboacións, excepcionais obras arquitectónicas e xacementos de arqueoloxía industrial¹⁰.

É interesante sinalar, tamén con respecto ás consideracións que seguen, que a zona afectada polas medidas está cualificada como zona interior da Rexión de Calabria, para os efectos da Estratexia Nacional para as Zonas Interiores (SNAI, pola súa sigla en italiano)¹¹. En particular, os cinco centros históricos de Fabrizia, Mongiana, Bivongi, Serra San Bruno e San Stefano in Aspromonte pertencen á zona interior Versante Ionico-Serre¹².

A este respecto, cabe recordar que a principal acción entre as previstas dentro da Estratexia para a zona pola SNAI nestes territorios contempla a creación dun «Biodistrito»¹³, co «obxectivo de estruturar o territorio a xeito de Distrito como un instrumento de gobernanza local, que poida poñer de manifesto os valores da biodiversidade e a singularidade da produción agraria, orientado a activar o modelo de distrito alimentario, para favorecer a integración de recursos, apoiar e fortalecer as identidades locais e caracterizar e orientar os procesos.

O Distrito eríxese como instrumento de gobernanza local, unha especie de axencia para o desenvolvemento sostible, co fin de lograr a integración entre as comunidades locais e entre os sectores de produción, e para deseñar e desenvolver redes no territorio que se conecten e permitan, cun aumento da complexidade da acción, responder aos fenómenos territoriais e socioeconómicos actuais. Tamén busca a preservación e valorización do patrimonio histórico-cultural e dos recursos ambientais, de acordo cos principios da sostibilidade, establecendo relacións co sistema turístico local»¹⁴. Ademais do Biodistrito, a Estratexia para a zona prevé precisamente

¹⁰ Véxase o informe que acompaña as medidas.

¹¹ Ao respecto, pódese consultar a Strategia nazionale per le aree interne: definizione, obiettivi, strumenti e governance, Materiali Uval, 2014, MUVAL_31_Aree_interne.pdf. Véxanse tamén as Linee guida del Mibact per la Strategia nazionale per le aree interne, http://focus.formez.it/sites/all/files/linee_guida_mibact_v05122016.pdf.

¹² <https://www.agenziacoesione.gov.it/wp-content/uploads/2022/01/Snai-Versante-Ionico-Serre-Doc-strategico-22.3.21.pdf>.

¹³ Non obstante, parece que o proceso de formalización aínda non concluíu, <https://www.galsrerrecalabresi.it/biodistretto-delle-serre/>.

¹⁴ <https://www.agenziacoesione.gov.it/wp-content/uploads/2022/01/Snai-Versante-Ionico-Serre-Doc-strategico-22.3.21.pdf>, p. 38.

a creación de rutas e itinerarios destinados ao reposicionamento competitivo dos destinos turísticos¹⁵.

O exemplo proposto, entre os moitos outros dispoñibles, confirma unha clara correlación entre os itinerarios de turismo cultural e o desenvolvemento dos territorios, especialmente os denominados fráxiles (sección 4), e a recorrencia de certas cuestións xerais relativas aos itinerarios de turismo cultural (en primeiro lugar, a da gobernanza dos itinerarios, na cal nos centraremos a continuación).

2. Réxime xurídico dos itinerarios turístico-culturais: entre a pluralidade da normativa e intentos de racionalización

Antes de considerar as implicacións que derivan respecto á regulación xurídica positiva das medidas restritivas do Ministerio, pode ser útil recordar brevemente que é un itinerario de turismo cultural.

A este respecto, cómpre partir da definición que figura nun dos primeiros e máis interesantes estudos sobre o tema, segundo a cal «os itinerarios son percorridos por etapas (nodos), conectados por segmentos, caracterizados por un (ou varios) tema cultural unificador, que dá sentido a todo o itinerario, o cal se desenvolve de forma lineal, reticular ou en espiral, afectando a un territorio máis ou menos amplo. A conexión funcional de segmentos e nodos co tema e ter como referencia un territorio concreto son, polo tanto, os seus elementos estruturais. A función é organizar e promover a difusión do turismo cultural e o emprego xuvenil¹⁶».

A definición anterior expón algúns dos elementos máis característicos dos itinerarios, explorados en profundidade en estudos posteriores dedicados a este tema¹⁷. O primeiro dato refírese ao carácter «territorial» do itinerario (a estreita correlación cun territorio máis ou menos extenso), que sitúa as cuestións relativas aos itinerarios de turismo cultural no marco das políticas territoriais consideradas nun sentido amplo. O segundo dato deriva do carácter «funcional» do itinerario (difusión do turismo cultural e fomento do emprego xuvenil), que en certa medida prevalece sobre a súa connotación xurídica.

Noutras palabras, o itinerario cultural pode definirse máis polas funcións desempeñadas que pola coherencia entre unha ou varias entidades xurídicas concretas, como o demostran as leis rexionais que non fan referencia específica aos itinerarios turístico-culturais como tales, senón que regulan diferentes institucións que perseguen os mesmos fins (valorización do territorio, creación de redes de servizos

¹⁵ <https://www.agenziacoeseione.gov.it/wp-content/uploads/2022/01/Snai-Versante-Ionico-Serre-Doc-strategico-22.3.21.pdf>, p. 45.

¹⁶ S. Amorosino, Gli itinerari turistico culturali nell'esperienza amministrativa italiana, Aedon, 3, 2000.

¹⁷ Fai referencia, en particular, á monografía de A. Areddu, Contributo allo studio degli itinerari culturali, Nápoles, 2019, espec. 30 e ss.

e reforzo das infraestruturas mediante o financiamento de proxectos ad hoc), como é o caso da creación dos distritos culturais¹⁸ ou ecomuseos¹⁹.

As múltiples e heteroxéneas referencias normativas (sobre todo rexionais²⁰, como as rutas do viño, rutas do aceite, rutas de transhumancia e ecomuseos), consecuencia de atribuír a cuestión á competencia rexional (dada a súa función de revalorización do patrimonio cultural), confirman tamén a pluralidade e heteroxeneidade dos diferentes tipos que poden adscribirse á categoría de itinerario turístico-cultural.

Ademais, os itinerarios culturais, tal e como se definiu anteriormente, poden abranguer diferentes elementos: bens culturais e paisaxísticos, segundo o artigo 10 do Código de Bens Culturais e da Paisaxe, ademais do patrimonio inmaterial, relativo ao conxunto de tradicións, costumes e coñecementos (como a produción artesanal, vitivinícola ou gastronómica).

Por todo iso, a instauración ou realización do itinerario leva consigo a implicación necesaria de entes públicos e privados (como o proceso de elaboración do Atlas dos Camiños ou o caso do Biodistrito das serras calabresas) e, polo tanto, a busca de mecanismos de coordinación axeitados ou de gobernanza do propio itinerario²¹, que representa outra das principais cuestións relacionadas coa regulación dos itinerarios.

No ámbito normativo, cabe sinalar que as disposicións nacionais e rexionais non menoscaban as referencias normativas relativas aos itinerarios turístico-culturalis, que, é máis, gozan dunha atención significativa e crecente a escala europea e internacional e son obxecto dunha regulación multinivel²².

En particular, o Consello Europeo foi o responsable do lanzamento do programa de itinerarios culturais²³ coa Declaración de Santiago de Compostela. Nas resolucións CM/RES (2010) 53 e máis tarde CM/RES (2013) 66, pódese identificar substancialmente o núcleo duro da normativa europea sobre itinerarios.

¹⁸ Ao respecto, véxase G.P. Barbetta, M. Cammelli, S. Della Torre (eds.), *I distretti culturali. Dalla teoria alla pratica*, Boloña, 2013.

¹⁹ Véxanse, en especial, a lei rexional de Puglia do 6 de xullo de 2011, n.º 15, *Istituzione degli ecomusei della Puglia*; a de Lombardia, 7 de outubro de 2016, n.º 25, *Politiche culturali della regione Lombardia. Riordino normativo*; a de Friuli-Venecia Giulia, 20 de xuño de 2006, n.º 10, *Istituzione degli ecomusei in Friuli Venezia-Giulia*. Sobre o tema dos ecomuseos, entre outros, V. Caputi Jambreggi, *Interventi sul territorio extraurbano, Ecomusei, paesaggi, periferie, in giustamm.it*, 2019, 11; F. Fracchia, L.Gili, *Ecomusei e aree protette tra sussidiarietà e sviluppo sostenibile*, en W. Cortese (eds.), *Diritto al paesaggio e diritto del paesaggio*. Actas do Congreso de Lampedusa, 21-23 de xuño de 2007, Editoriale Scientifica, Nápoles, 2008; G. Reina, *L'ecomuseo fra territorio e comunità*, Id. (eds.) *Gli ecomusei, Una risorsa per il futuro*, Venecia, 2014.

²⁰ Véxase, entre outras, a lei rexional de Lombardía, 7 de outubro de 2016, n.º 25 *Politiche regionali in materia culturale. Riordino normativo*, que, no art. 20, define unha categoría omnicompreensiva de itinerario turístico-cultural. Pode atoparse unha definición xeral na lei rexional das Marcas, 9 de febreiro de 2010, n.º 4, *Norme in materia di beni e attività culturali*, que no art. 2 indica a organización de itinerarios culturais e turísticos como un dos fins do desenvolvemento. Máis vaga é a mención na lei rexional de Puglia, 25 de xullo de 2013, n.º 17, *Disposizioni in materia di beni culturali, relativa «aos itinerarios de visita» xenéricos* (art. 4, apdo. 1, let. f). Na lei rexional dos Abruzos, 3 de marzo de 2005, n.º 19, *Norme per la costituzione dei Consorzi di beni culturali e delega di funzioni regionali*, defínese exhaustivamente a constitución de consorcios de patrimonio cultural, como entidades encargadas da organización de itinerarios turístico-culturalis; a lei rexional de Emilia-Romaña, 7 de abril de 2000, n.º 23, *Disciplina degli itinerari enogastronomici dell'Emilia-Romagna*; lei rexional de Basilicata, 11 de agosto de 2015, n.º 27, *Disposizioni in materia di patrimonio culturale finalizzate alla valorizzazione, gestione e fruizione dei beni materiali e immateriali della Regione Basilicata*; lei do 7 de agosto de 1997, n.º 270, *Piano degli interventi di interesse nazionale relativi a percorsi giubilari e pellegrinaggi in località al di fuori del Lazio*, emitida de cara ao xubileu do ano 2000; lei rexional de Molise, 5 de maio de 2005, n.º 19, *Promozione, tutela e valorizzazione del patrimonio tratturale e della civiltà della transumanza nella regione Molise*.

²¹ https://www.icomositalia.com/_files/ugd/57365b_d8d00a05c0da4f5f83d87b5771796fd7.pdf.

²² Ao respecto, de novo, A. Areddu, *Contributo*, cit., espec. 47 e ss.

²³ <https://www.coe.int/it/web/cultural-routes/about>.

Segundo o APA (Acordo Parcial Ampliado)²⁴ asinado polo Consello Europeo e recollido finalmente na segunda das resolucións mencionadas, o itinerario sería «un proxecto de cooperación cultural, educativa, patrimonial e turística destinado a desenvolver e promover un itinerario ou unha serie de itinerarios baseados nun camiño histórico, un concepto ou unha persoa, un fenómeno cultural de dimensións transnacionais que sexan relevantes para a comprensión e o respecto dos valores europeos comúns».

Deste xeito, a normativa europea sobre itinerarios caracterízase esencialmente por dous perfís: o educativo e cultural (orientado á comprensión e o respecto dos valores europeos) e o cooperativo (caso dun proxecto de cooperación).

A escala internacional²⁵, ademais da Convención da Unesco, que admite o recoñecemento dos itinerarios como patrimonio digno de protección²⁶, cabe mencionar o Documento sobre itinerarios turístico-culturais do ICOMOS²⁷, que resulta especialmente interesante, sobre todo cando afirma que «o recoñecemento dos itinerarios culturais como novo concepto ou categoría de patrimonio cultural concorda e non se solapa con outras categorías de bens...»²⁸, encaixando co fenómeno xeral de ampliación da definición de patrimonio cultural²⁹, que leva a doutrina a preferir o concepto de «patrimonio cultural»³⁰.

En definitiva, como se observou³¹, malia non identificarse unha institución xurídica regulada unitariamente por normas xurídicas (que non son imprescindibles para a constitución do propio itinerario), o establecemento de itinerarios turístico-culturais é cada vez máis frecuente no ámbito administrativo, ao que, con frecuencia, acaban vinculándose normas xurídicas ad hoc ou procedementos administrativos (como no caso que nos ocupa) segundo un proceso de abaixo cara a arriba, coñecido noutros sectores do dereito administrativo (como, por exemplo, na xestión de bens comúns).

A este respecto, cabe citar dous recentes proxectos de lei (5 de agosto de 2021) n.º 2367 do Senado, Disposicións para a promoción dos camiños como itinerarios culturais. Delegación de competencias ao Goberno en materia de camiños³², asignado

²⁴ [https://www.coe.int/it/web/cultural-routes/about-the-epa#:~:text=L'Accordo%20Parziale%20Allargato%20\(APA,con%20altri%20paesi%20e%20regioni.](https://www.coe.int/it/web/cultural-routes/about-the-epa#:~:text=L'Accordo%20Parziale%20Allargato%20(APA,con%20altri%20paesi%20e%20regioni.)

²⁵ Pódense atopar algunhas referencias aos itinerarios de turismo cultural nas Directrices da UNESCO <https://whc.unesco.org/en/guidelines/>. Ao respecto, A. Areddu, *Analisi giuridica degli itinerari culturali*, Aedon, 1, 2020.

²⁶ A este respecto, o MIC iniciou o proceso de inscrición da Appia Antica na Lista de Patrimonio Mundial, <https://www.unesco.it/it/news/il-ministero-della-cultura-avvia-liter-di-candidatura-della-via-appia-antica-per-liscrizione-nella-lista-del-patrimonio-mondiale-dellunesco/>.

²⁷ https://www.icomositalia.com/_files/ugd/57365b_d8d00a05c0da4f5f83d87b5771796fd7.pdf.

²⁸ Véxase o preámbulo do documento.

²⁹ Sobre a noción de patrimonio cultural, en particular, L. Casini, *Patrimonio culturale*, in *Enc. dir., I tematici, III, Funzioni amministrative*, Milán, 2022, 817 e ss.; S. Cassese, *I beni culturali dalla tutela alla valorizzazione*, Gda, 7, 1998, 673 e ss.; A. Lupo, *La nozione positiva di patrimonio culturale alla prova del diritto globale*, Aedon, 2, 2019, A. Tarasco, *Il patrimonio culturale. Concetto, problemi, confini*, Nápoles, Ed. Scientifica, 2019; G. Volpe, *Patrimonio al futuro. Un manifesto per i beni culturali ed il paesaggio*, Milán, Electa, 2015; G. Morbidelli, A. Bartolini, *L'immateriale economico nei beni culturali*, Turín, Giappichelli, 2016.

³⁰ M. Cammelli G. Piperata, *Patrimoni culturali: innovazioni da completare; tensioni da evitare*, Aedon, 1, 2022.

³¹ Pode remitirse a C. Vitale, *Percorsi di valorizzazione sostenibile del patrimonio culturale e promozione turistica: la disciplina degli itinerari enogastronomici per lo sviluppo dei territori*, *Agr. ist. merc.*, 3, 2018, 51.

³² <https://www.senato.it/service/PDF/PDFServer/BGT/01313729.pdf>.

á Comisión de Educación Pública e Patrimonio Cultural o 9 de febreiro de 2022 e n.º 562, aprobado pola Comisión de Cultura o 7 de febreiro de 2024, Disposicións para a promoción dos camiños como itinerarios culturais³³.

Os proxectos de lei citados, moi similares en esencia, presentan distintos perfís de interese. O primeiro está relacionado co intento de racionalizar e simplificar a normativa pertinente, a través dunha serie de normas de principio, útiles para identificar unha categoría unitaria de itinerarios turístico-culturalis, cuxa definición deriva da coexistencia de determinados requisitos³⁴, substancialmente superpostos aos previstos para a inclusión do camiño nos Camiños de Italia antes mencionados (véxase nota ao pé de páxina 4) ou, no seu lugar, da presenza das consabidas características presentes na lexislación europea e rexional³⁵.

O segundo elemento está relacionado coa ampliación considerable dos fins do itinerario³⁶, que poñen de manifesto o seu carácter instrumental con respecto á satisfacción de intereses públicos primarios (protección do patrimonio cultural, valorización das poboacións, impulso da actividade turística e cultural dos territorios). Tamén cabe destacar como no primeiro dos dous proxectos de lei se explicaba oportunamente a función de apoio dos itinerarios de turismo cultural respecto ás accións previstas dentro da Estratexia Nacional para as Zonas Interiores.

O terceiro dato destacable é de carácter organizativo e refírese á definición dun modelo articulado de gobernanza do sistema de camiños. En concreto, prevese a creación dun Centro de Control Nacional de Camiños (artigo 3), establecido na Presidencia do Consello de Ministros coa función de formular propostas³⁷, así como de carácter

³³ <https://www.senato.it/leg/19/BGT/Schede/FascicoloSchedeDDL/ebook/56673.pdf>.

³⁴ Artigo 1, Decreto lei n.º 2367 «Para os efectos desta lei, considéranse "camiños" os itinerarios culturais de particular relevancia que reúnan as seguintes características: a) ser accesibles a pé, en bicicleta, a cabalo ou mediante outras formas de mobilidade pouco invasivas e sostibles, en calquera caso por medios non motorizados, con excepción dos casos en que o uso de medios motorizados sexa necesario para actividades de salvamento, protección civil e mantemento, así como para actividades agroforestais ou no caso de que resulten imprescindibles para persoas con mobilidade reducida; b) ser recoñecidos como merecedores de protección por conectaren lugares con valor histórico destacado, xa sexa polos seus feitos ou personaxes históricos, a súa arte e cultura, ciencia, literatura, arquitectura, relixión e espiritualidade, acontecementos sociais ou tradicións histórico-culturalis, vitivinícolas e gastronómicas, ou pola presenza de contornas naturais, de rúas ou trazados históricos.

³⁵ Cfr. artigo 1 do Decreto n.º 562 «A República promove e valoriza os camiños, incluídas as vías navegables fluviais e marítimas, como itinerarios de importancia europea, nacional ou rexional, que poden percorrerse a pé ou con outras formas de mobilidade pouco invasivas e sostibles, sen a axuda de vehículos de motor, divididos en etapas diarias, que representan unha forma de gozar do rico patrimonio natural e cultural, a valorización dos atractivos culturais, históricos, artísticos, relixiosos, lingüísticos, paisaxísticos, enogastronómicos e deportivos, así como o desenvolvemento turístico dos territorios en cuestión. Sen prexuízo do disposto na primeira frase, autorízase a circulación motorizada dos medios indispensables para permitir a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida».

³⁶ Abranguen desde a protección e valorización dos monumentos, lugares e sitios de interese histórico, cultural, relixioso e natural, pasando pola protección do medio ambiente e da paisaxe, ata a valorización das poboacións, a reactivación das actividades culturais nos territorios limítrofes ou polos que pasa unha ruta e os servizos de aloxamento, como apoio a unha estratexia nacional en favor das zonas interiores; entre outros fins do estudo atópanse os relacionados coa gastronomía e viticultura, así como os relativos ás tradicións e o patrimonio cultural. Non queda atrás o obxectivo de promover estilos de vida axeitados e a capacidade integradora das actividades culturais e turísticas especificamente adaptadas ás persoas discapacitadas ou con mobilidade reducida, artigo 1 de ambos os dous textos.

³⁷ En relación con: 1) accións dirixidas a apoiar a protección, valorización e recuperación de testemuños e legados históricos, culturais, relixiosos, ambientais e paisaxísticos relacionados cos camiños; 2) accións dirixidas a apoiar e coordinar a protección e valorización de poboacións e centros históricos; 3) iniciativas de promoción e apoio ás actividades artísticas, artesanais e tradicionais, e outras actividades comerciais recoñecidas como expresión da identidade cultural colectiva en virtude das Convencións da UNESCO; 4) iniciativas, tamén coa participación de universidades, institutos culturais, asociacións e escolas do territorio, destinadas a promover o coñecemento e a promoción do patrimonio cultural dos camiños e actividades de for-

normativo, e exercer poderes de control, impulso e coordinación xeral en canto ás intervencións relativas aos camiños, e determinar estándares de seguridade e calidade para toda a rede de camiños, e cuxa composición³⁸ reflecta a amplitude das cuestións e competencias ligadas á regulación dos itinerarios.

O Decreto lei 2367 consideraba a presenza dun comité científico (artigo 4)³⁹ (eliminado no Proxecto de Lei 562), ao que se asignaban tarefas de carácter formativo e consultivo, e que non aparece no segundo proxecto de lei, mentres que a Mesa Permanente («Tavolo Permanente»), presente nos dous textos, constitúe a sede de consulta (entre todas as institucións implicadas de forma diferente na xestión e mantemento dos Camiños)⁴⁰.

As disposicións incluídas nos proxectos de lei mencionados distínguense polo enfoque «promocional»⁴¹ e pola atención prestada respecto ao tema dos itinerarios como instrumento de valorización do patrimonio cultural e desenvolvemento territorial. Igualmente apreciable é o intento de reforzar a implicación das universidades, o terceiro sector e as empresas no mantemento do patrimonio cultural, a promoción dos camiños e da actividade hoteleira.

Este aspecto, en particular, merece ser destacado a partir de agora. O papel do impacto dos itinerarios no desenvolvemento dos territorios e, polo tanto, na mellora

mación para operadores turísticos, operadores dos establecementos hoteleiros e de aloxamento; 5) intervencións dirixidas a garantir as conexións cos medios de transporte públicos; 6) intervencións dirixidas a favorecer a interconexión das infraestruturas dos camiños coas redes de sendeiros e os itinerarios rexionais e locais, valorizando os territorios e os itinerarios locais limítrofes aos camiños; 7) intervencións de apoio, tamén con financiamento expreso, a itinerarios con capacidades inclusivas, con características que favorezan o seu uso tamén por familias e persoas con discapacidade ou mobilidade reducida; 8) intervencións destinadas a garantir a sostibilidade ecolóxica dos camiños; 9) intervencións de reurbanización e reutilización de bens públicos; 10) a identificación dos campos prioritarios aos que dirixir o financiamento das intervencións e iniciativas máis adecuadas para mellorar os camiños e alcanzar os fins desta lei; 11) a promoción e realización de estudos, proxectos e modelos organizativos que favorezan a valorización dos itinerarios e o seu disfrute turístico e cultural, con especial atención á definición de especificacións de calidade para o uso dos servizos e a construción de redes de empresas e institucións para a xestión e valorización dos camiños. O centro de control tamén leva a cabo un recoñecemento periódico e puntual do estado de execución das intervencións, tamén a través das actividades de supervisión, seguimento e control levadas a cabo polo comité científico; propón un plan nacional integrado para o mantemento de rutina dos camiños e presenta un informe anual sobre as súas actividades ao ministro de Cultura antes do 31 de xaneiro de cada ano. Na versión actual do proxecto de Lei n.º 562, a parte relativa á función do centro de control simplifícase, xa que non contén unha lista tan detallada de actividades, limitándose o artigo 3 do Decreto lei n.º 562 a atribuírle ao centro de control as seguintes funcións: a) definir os estándares de calidade dos «Camiños de Italia»; b) definir os métodos de creación, xestión e actualización da base de datos; c) definir o programa nacional para o desenvolvemento e promoción "dos Camiños de Italia", aos que se refire no artigo 5, e o seguimento da súa aplicación; d) aprobar calquera outra proposta ou iniciativa útiles en favor do desenvolvemento e promoción dos «Camiños de Italia».

³⁸ A composición do centro de control tamén se simplifica no segundo decreto lei.

³⁹ Composto por nove expertos, nomeados por decreto do presidente do Consello de Ministros, por proposta dos ministros de Cultura e Turismo, de acordo cos ministros de Asuntos Rexionais e Autonomías, de Infraestruturas e Mobilidade Sostibles, de Innovación Tecnolóxica e Transición Dixital, de Transición Ecolóxica e de Economía e Facenda, logo de consulta á conferencia única.

⁴⁰ Os membros do comité directivo, representantes do sector cultural e turístico, representantes de asociacións, organizacións do terceiro sector e outros organismos do sector, representantes de institucións relixiosas, representantes de asociacións de discapacitados, xunto con expertos, participan na mesa permanente, co fin de posibilitar un enfoque común e integrado sobre o tema dos camiños.

⁴¹ A este respecto, cabe destacar o artigo 7 do Decreto lei n.º 562, relativo ás campañas promocionais dos camiños. Por outra banda, é interesante observar que a última versión do proxecto de lei xa non inclúe algunhas disposicións interesantes que se previran inicialmente (e que se sulgaron potencialmente contrarias á normativa europea) relativas á desgravación fiscal das organizacións do terceiro sector encargadas da xestión dos camiños (artigo 8); a exención fiscal dos empresarios cuxos centros de traballo estean situados nos municipios polos que pasan os camiños (artigo 9); a promoción de obras de arte de novos artistas para o embelecemento dos camiños (artigo 6).

do benestar das comunidades (sobre o que trataremos máis adiante) non é tanto unha cuestión de recoñecemento normativo ou administrativo do camiño (ao que as comunidades recoñecen normalmente un forte valor identitario mesmo en ausencia do devandito recoñecemento formal), senón máis ben da provisión de medidas que permitan a súa xestión e sostibilidade a longo prazo (o mantemento das redes de sendeiros ou espazos paisaxísticos, a realización de eventos ou actividades de formación e promoción, o uso efectivo do patrimonio cultural e a rehabilitación ou reutilización do patrimonio público degradado ou abandonado a miúdo presente).

Todo iso pasa, naturalmente, pola provisión de medidas incentivadoras que permitan unha implicación a maior escala dalgúns operadores específicos (privados sen ánimo de lucro), aos que se lles poida confiar a xestión dos camiños de xeito asociado coas administracións interesadas.

Neste sentido, o abano de instrumentos xurídicos dispoñibles hoxe en día é amplo e variado (asociacións especiais⁴², acordos co terceiro sector⁴³ e concesións gratuítas de bens inmobiliarios), aínda que os recursos necesarios probablemente non sexan os suficientes.

En termos xerais, segue existindo unha concienciación insuficiente por parte das administracións públicas sobre a relevancia de determinadas cuestións, así como sobre a capacidade de aplicar correctamente a normativa vixente. A este respecto, non obstante, a crecente atención do poder lexislativo e do Ministerio parece amosar un raio de esperanza.

Por outro lado, resulta desconcertante a clara «centralización» da regulación dos camiños (tanto no que se refire á definición das normas de seguridade e usabilidade como aos aspectos máis programáticos⁴⁴), o cal ameaza con relegar as comunidades locais como meros executores, que, en cambio, representan o «contido esencial» dos camiños, sen o cal se corre o risco de despoxalos da súa esencia.

⁴² Véxase G. Sciuolo, Il partenariato público-privato in tema di patrimonio culturale dopo il Codice dei contratti, en Aedon, 3, 2021, P. Carpentieri, Appalti nel settore dei beni culturali, cit., 1026 e ss.; L. Casini, Art. 151, en R. Garofoli, G. Ferrari (eds.) Codice dei contratti pubblici, Tomo II, Molfetta, 2017, 2280; M. Cammelli, Cooperazione, en C. Barbati, M. Cammelli, L. Casini, G. Piperata, G. Sciuolo, Diritto del patrimonio culturale, cit., 308 e ss.; M. Croce, S. de Nitto, I partenariati per la valorizzazione del patrimonio dismesso, in disuso, en A. Moliterni (eds.) Patrimonio culturale e soggetti privati, Napoli, 2019, 169 e ss.; F.G. Albinini, I contratti pubblici I contratti pubblici concernenti i beni culturali, in Giorn. dir. amm., 2016, 4, 514. Ao respecto, recentemente, a deliberación da ANAC sobre o uso do instrumento por parte das localidades con lugares de interese declarados pola UNESCO, <https://www.anticorruzione.it/-/delibera-n-538-del-21-novembre-2023>.

⁴³ A. Fici, L. Gallo, F. Giglioni (eds.) I rapporti tra pubbliche amministrazioni ed enti del terzo settore. Dopo la sentenza della Corte Costituzionale n. 131 del 2020, Nápoles, 2020; E. Frediani, I rapporti con la pubblica amministrazione alla luce dell'art. 55 del codice del Terzo settore, en Non profit, n. 1, 2017, 157 e ss.; L. Gili, Il Codice del Terzo settore ed i rapporti collaborativi con la P.A., Urb e app., 1, 2018, 15 e ss.; D. Palazzo, Le attività di interesse generale del terzo settore tra sussidiarietà e valori costituzionali, Dir. Amm., 2, 2022, 513-552; S. Pellizzari, La co-progettazione come forma di collaborazione tra p.a. e enti del terzo settore, in Munus, n. 2, 2019, 545 e ss.

⁴⁴ Véxase, en particular, o artigo 5, do Decreto lei n.º 562, segundo o cal «o centro de control, tras consultar a mesa permanente, elabora o programa nacional para o desenvolvemento e a promoción dos camiños de Italia, en diante chamado "o programa", indicando as prioridades das intervencións e definindo a estratexia unitaria para a promoción e a valorización dos camiños de Italia a nivel nacional. O programa terá unha duración de tres anos».

3. Itinerarios de turismo cultural e restricións paisaxísticas: «coñecer ben para actuar ben»

Como se mencionou anteriormente, coa medida ditada pola Dirección Rexional de Arqueoloxía, Belas Artes e Paisaxe de Calabria, declarouse de grande interese público a zona comprendida dentro do perímetro da ruta do Brigante, de conformidade co artigo 136 e seguintes do Código de Bens Culturais.

A declaración de grande interese público (que consiste, como é sabido, na imposición dunha restrición mediante unha medida administrativa⁴⁵) é o método máis tradicional de protección da paisaxe: unha restrición⁴⁶ «armada»⁴⁷ que, ademais de identificar o ben, debe regular o seu uso (véxase máis adiante).

No caso que nos ocupa, a medida foi ditada polo Ministerio de Cultura, por indicación da superintendencia de Arqueoloxía, Belas Artes e Paisaxe da cidade metropolitana de Reggio Calabria e da provincia de Vibo Valentia, que remitiu á Comisión Rexional para os Bens Culturais de Calabria a proposta de declarar de grande interese público os inmobles e zonas comprendidas no perímetro da ruta do Brigante, tendo en conta as observacións presentadas polo Departamento do Territorio e Protección do Medio Ambiente, Dirección Xeral e o Sector QTRP, o Observatorio das Transformacións e a Paisaxe, Políticas Territoriais e o Centro Cartográfico Rexional da Rexión de Calabria.

En canto ao procedemento da declaración de grande interese público, a normativa outórgalle á Rexión a competencia para ditar a medida baseándose na proposta dunha comisión en que tamén deben participar os organismos estatais (artigos 137 e 140 do Código de Bens Culturais, modificado en 2008)⁴⁸.

Existe, non obstante, unha segunda hipótese regulada polos artigos 138, parágrafo 3⁴⁹ e 141, que lle atribúen ao Ministerio a competencia «concorrente» (non só

⁴⁵ Sobre o carácter declarativo, constitutivo ou mixto da medida, véxase S. AMOROSINO, *Introduzione al diritto del paesaggio*, Roma, 2010, 90.

⁴⁶ Sobre as restricións paisaxísticas, M. IMMORDINO, *Vincolo paesaggistico e regime dei beni*, Milán, 1991; A. BARTOLINI, *Art. 140* en M. Cammelli (ed.), *Il codice dei beni culturali e del paesaggio*, Bologna, 2007; N. Aicardi, *I vincoli paesaggistici tra Codice e l.r. n. 23/2009*, *Ist. Fed.*, 2010, 81 e ss.; G. Sciuillo, *I vincoli paesaggistici «ex lege» origine e «ratio»*, Aedon, 2012; Id., *A proposito delle valutazioni di compatibilità rispetto a vincoli storico artistici e paesaggistici*, Aedon, 2018.

⁴⁷ Moi debatida na doutrina é a cuestión do carácter declarativo ou constitutivo da declaración; véxase A. Crosetto, *L'individuazione dei beni paesaggistici*, en A. Crosetto, D. Vaiano, *Beni culturali e paesaggistici*, Turín, 2018, cit., 216-217. Recentemente, abriuse paso a hipótese de carácter mixto do acto, que ten natureza declarativa do valor paisaxístico dos bens e un efecto constitutivo da restrición sobre os bens; véxase G. Piperata, *Paesaggio*, en C. Barbati, M. Cammelli, L. Casini, G. Piperata, G. Sciuillo, *Diritto del patrimonio culturale*, cit., 274.

⁴⁸ A. Bartolini, *Commento agli artt. 136 e 140*, en M. Cammelli, *Il Codice dei beni culturali*, cit., 521 e 536; P. Carpentieri, *I decreti correttivi e integrativi del Codice dei beni culturali e del paesaggio*, *Urb e app.*, 2006, 625 e ss.; Id., *Salvaguardia dei valori del paesaggio*, en G. Leone, A. Tarasco, *Commentario del Codice dei beni culturali e del paesaggio*, 2006, 841 e ss.; G.F. Cartei, *L'individuazione dei beni paesaggistici nel Codice dei beni culturali e del paesaggio: profili esegetici e aspetti problematici*, en V. Piergigli, A.L. Maccari (eds.) *Il Codice dei beni culturali tra teoria e prassi*; Milán, 2006, 509; P. Marzaro, *Il nuovo regime del provvedimento di dichiarazione di notevole interesse pubblico: dal procedimento alla separazione delle funzioni di tutela dei beni paesaggistici*, *Riv. giur. Urb.*, 2009, 131 e ss.; A. Quaglia, *Commento all'art. 138* en M. A. Sandulli (ed.), *Codice dei beni culturali e del paesaggio*, Milán, 2006, 885 e ss.

⁴⁹ Enténdese sen prexuízo do poder do Ministerio, por proposta do superintendente, logo de ditame da rexión interesada, que deberá manifestarse no prazo máximo de trinta días desde a solicitude, para declarar o interese público dos edificios e espazos a que se refire o artigo 136.

substitutiva)⁵⁰ de identificar os bens paisaxísticos considerados dignos de protección, en ausencia dunha vontade neste sentido manifestada explicitamente polo goberno da Rexión, como no caso que nos ocupa.

Unha primeira cuestión formulada pola medida que tratamos está relacionada, polo tanto, coa repartición de competencias entre o Estado e as Rexións en materia de paisaxe⁵¹ e o perímetro da competencia atribuída ao Ministerio.

O Tribunal Constitucional tamén se pronunciou recentemente ao respecto (Sentenza n.º 164 de 2021), segundo a cal «non hai nada de extraordinario ou excepcional na competencia recoñecida a un órgano do Estado polo artigo 138, parágrafo 3, do Código de Bens Culturais, dado que se trata do desenvolvemento natural das competencias do Estado na materia».

Precisamente, nunha ocasión anterior (Sentenza n.º 140 de 2015) o Tribunal Constitucional subliñara que «é necesario que a regulación e o exercicio unitario das funcións destinadas á identificación dos bens constitutivos do patrimonio cultural, así como a súa protección e conservación, permanezan inequivocamente atribuídas ao Estado para os efectos da súa protección»⁵², de cara a dar preferencia á protección da paisaxe (Tribunal Constitucional n.º 367/2007).

Así mesmo, coa Sentenza n.º 164 de 2021, o Tribunal Constitucional especificou, con base na chamada «lóxica incremental» (Sentenza n.º 367 de 2007), que «a competencia rexional só pode utilizarse co fin de enriquecer o catálogo de bens paisaxísticos en virtude do coñecemento que teña a autoridade máis próxima ao territorio onde se sitúan, e non para reduci-lo conforme as consideracións que sexan contrarias ás asumidas polo Estado, ou en todo caso impulsadas pola vontade de afirmar a prevalencia de intereses opostos, dependendo da autonomía rexional, como acontece no ámbito da xestión territorial»⁵³.

Ademais, desde esta perspectiva, é totalmente inherente á finalidade de conservar a paisaxe que, en principio, a declaración de interese público non se limite a recoñecer o valor paisaxístico dun ben, senón que vaia acompañada de medidas destinadas a regular o seu uso, ata a posibilidade de prohibilo por completo, como recalcou o Tribunal Constitucional en numerosas ocasións (sentenzas n.º 246 de 2018 e n.º 172 de 2018).

⁵⁰ Véxase, A. Crosetti, *L'inviduazione dei beni paesaggistici*, cit., 228; G. Piperata, *Paesaggio*, ivi. Na xurisprudencia, entre outras, Consello de Estado, sec. VI, n. 914/2016.

⁵¹ G.F. Cartei, *Il paesaggio*, en S. Cassese (ed.), *Trattato di diritto amministrativo, Diritto amministrativo speciale*, Milán, 2002, IV, 2110 e ss.; S. Civitarese Matteucci, *Il paesaggio nel nuovo Titolo V, Parte II della Costituzione*, Riv. giur. amb., 2003, 253 e ss.; P. Carpentieri, *La nozione giuridica di paesaggio*, Riv. trim. dir. pubbl., 2004, 363 e ss.; N. Olivetti Rason, *La natura ed il paesaggio nel diritto costituzionale*, en A. Crosetti (ed.) *La tutela della natura e del paesaggio*, Trattato di diritto dell'ambiente, III, 59 e ss.; C. Marzuoli, *Il paesaggio nel nuovo Codice dei beni culturali*, Aedon, 3, 2008.

⁵² Este, ademais, alude á calidade dos bens paisaxísticos, como «categoría de bens orixinariamente de interese público» (Corte Constitucional, n. 56 de 1968).

⁵³ Merece mencionarse, a este respecto, que na coñecida sentenza Tuxiveddu (Consello de Estado, VI, 3 de marzo de 2011, n.º 1366) o xuíz administrativo precisou como, en vista do Código, as decisións tomadas en relación co plan paisaxístico prevalecían sobre calquera outro instrumento de planificación local. Sobre o tema da autonomía da protección da paisaxe respecto ao urbanismo e ao goberno do territorio, véxase P. Urbani, *Urbanistica, tutela del paesaggio e interessi differenziati* (Nota a Corte cost., 21 dicembre 1985, n. 359), en *Le Regioni*, 1986, 665 e ss.; F. Fracchia, *Governo del territorio e ambiente* en S. Civitarese Matteucci, E. Ferrari, P. Urbani, *Il governo del territorio* (Atti del Convegno AIDU), Milán, 2003, 225 e ss.; S. Civitarese Matteucci, *Governo del territorio e paesaggio*, ivi, 283 e ss.

Diso dedúcese que, en principio, a declaración non se contrapón á normativa urbanística e de edificación de competencia rexional e local, senón que determina se esta última pode exercerse, e en que medida, de forma compatible coa conservación do valor paisaxístico propio do inmovible ou zona vinculada.

Segundo o razoamento do Tribunal Constitucional, o exercicio por parte do Estado relativo á facultade de adoptar o decreto en cuestión corresponde ao exercicio dunha atribución constitucional establecida pola lei co artigo 138, parágrafo 3, do Código de Bens Culturais, que non afecta ás competencias da Rexión en materia de valorización do patrimonio cultural e da xestión do territorio (Tribunal Constitucional n.º 164 de 2021).

En definitiva, sen prexuízo da competencia estatal en materia de identificación do patrimonio paisaxístico, suscita certa perplexidade o exercicio da competencia respecto dun itinerario turístico-cultural, que, por un lado e pola súa propia natureza, identifica unha área ampla e non un ben oportunamente identificado (aínda que a xurisprudencia subliñou que a amplitude da zona non constitúe en si mesma un síntoma de ilexitude da medida) e, por outro lado, configúrase principalmente como un instrumento de valorización da paisaxe (invadindo significativamente as competencias rexionais na materia).

O Tribunal Administrativo Rexional do Véneto (TAR) chegou, recentemente, ás mesmas conclusións que o Tribunal Constitucional (n.º 1280 de 2022) no relativo á declaración de interese público da zona alpina comprendida entre Comelico e Val d'Ansiei, municipios de Auronzo di Cadore, Danta di Cadore, San Stefano di Cadore, San Pietro di Cadore, San Nicolò di Comelico e Comelico Superiore (provincia de Belluno), en virtude do artigo 136, parágrafo 1, letras c) e d), e do artigo 138, parágrafo 3.

O Tribunal Administrativo Rexional declarou que, «sen prexuízo, “en teoría”, da facultade (nin excepcional nin extraordinaria) do Ministerio de adoptar, de forma unilateral e autónoma, o decreto de restrición impugnado con fins de conservación da paisaxe, mesmo en ausencia de razóns de urxencia, e de ditar prescricións de uso, que poden chegar a prohibir por completo o uso do ben obxecto da declaración de interese público, é necesario, se procede, comprobar se a facultade de restrición é exercida polo Ministerio de forma correcta, como resultado dunha normativa coherente e fundamentada nunha motivación clara e coherente».

Non se trata da atribución abstracta da facultade, senón do seu exercicio en concreto (e esta é a segunda cuestión xeral que formula a medida que nos ocupa), é dicir, se a devandita potestade se exerceu de forma razoable e proporcionada, tendo en conta que se caracteriza por ser amplamente discreta e substancialmente carente de límites externos⁵⁴ (así, de novo, Tribunal Constitucional n.º 164 de 2021).

⁵⁴ Sobre o carácter discrecional das medidas restritivas (entre outros, Consello de Estado, sec. VI, 8 de xullo de 1998, n.º 1053; Consello de Estado, VI, 2 de setembro 1998, n.º 1179; Consello de Estado, 8 de xaneiro de 1998, n.º 56). En doutrina, A. Crosetti, Beni culturali e valutazione dell'interesse pubblico (l'influenza del pensiero di A.M. Sandulli) en Id., Aldo M. Sandulli (1915-1984), *Attualità del pensiero giuridico del maestro*, Milán, 2004, 523 e ss.; M. Immordino, Individuazione del bene paesaggistico e valutazione comparativa di interessi, *Riv. giur. urb.*, 1988, 315 e ss.; V. Parisio, Tutela dei valori ambientali, paesaggistico-territoriali e semplificazione con l'azione amministrativa, *Riv. giur. ed.*, 1991, II, 27 e ss.; A. Rota, La tutela dei beni culturali tra tecnica e discrezionalità, Padova, 2002.

É interesante, chegados a este punto, intentar comprobar se isto realmente aconteceu no caso que nos ocupa.

En primeiro lugar, cómpre sinalar que a restrición abrangue unha zona moi ampla (140 km), como se mencionou, a máis extensa da Rexión de Calabria. Sobre este asunto, a xurisprudencia tivo ocasión de precisar que, en si mesma, a amplitude⁵⁵ da restrición non pode ser motivo de ilexitimidade das medidas adoptadas, que, no seu lugar, debe comprobarse especificamente en relación cos presupostos, os contidos e o correcto exercicio da discrecionalidade (Consello de Estado sección VI, n.º 118 de 2013, Consello de Estado VI, n.º 7004 de 2011).

Polo que respecta ás zonas restrinxidas, cabe sinalar que algúns dos municipios suxeitos a restricións xa o estaban debido ao seu importante valor paisaxístico e ambiental (por exemplo, o municipio de San Stefano in Aspromonte, na provincia de Reggio Calabria), así como pola presenza de imponentes monumentos (a Cartuxa de Serra San Bruno, na provincia de Vibo Valentia)⁵⁶.

En canto ás normas de uso, é necesario rexistrar unha lista detallada das actividades permitidas⁵⁷, substancialmente atribuíbles á construción de infraestruturas que poidan mellorar o uso da zona, xa sexa a través de modalidades sostibles e respectando o contexto paisaxístico e «sempre e cando se demostre a absoluta necesidade e o interese preeminente da poboación residente e que non sexa posible identificar localizacións alternativas».

Ademais das normas xerais válidas para toda a área restrinxida, tamén se ditaron normas específicas tanto para o trazado da ruta como para os centros históricos (mobiliario urbano, zonas verdes públicas, cubertas, acabados exteriores, recibos e elementos decorativos), que regulan en detalle todas as intervencións na área (por exemplo, tamén a sinalización e os carteis).

Como sabemos, a consecuencia da aplicación da restrición é, de feito, que calquera intervención para modificar o estado dos lugares na área en cuestión require a adopción previa dunha autorización conforme o artigo 146 do Decreto lei n.º 42/2004.

⁵⁵ A delimitación dos límites dunha zona restrinxida constitúe unha expresión típica dunha avaliación técnico-discrecional que non pode ser revisada salvo en caso de falta de lóxica, incoherencia, irracionalidade e arbitrariedade manifestas (Consello de Estado, sec. VI, 7 de marzo de 2016, n.º 914).

⁵⁶ Véxase ao respecto o Atlas de limitacións da Rexión de Calabria, en <https://www.beniculturalcalabria.it/schede.php?id=147>. Concretamente, no informe xeral de introdución ao estudo sobre a definición dun Atlas de restricións (premonitorio da definición dos contidos da ordenación paisaxística rexional aínda non adoptada) faise referencia a un estudo realizado en 69 bens restrinxidos (p. 8 e ss.).

⁵⁷ Creación dunha rede de infraestruturas sempre que a posición, así como o deseño planimétrico do percorrido, respecten a estrutura morfolóxica e hidrolóxica dos lugares e prevexan unha correcta integración paisaxística; creación dunha rede de infraestruturas subterráneas públicas e/ou de interese público, sempre que sexan de absoluta necesidade ou de destacado interese para a poboación residente e non poidan situarse noutro lugar; elaboración de redes de mobilidade pouco invasiva correctamente integradas na paisaxe; intervencións para protexer as canteiras existentes, en caso de que existan razóns para comprometer a estabilidade dos noiros da canteira, e intervencións para a recuperación e o abandono destas; intervencións para renaturalizar canteiras abandonadas; construción, ampliacións e elevacións de estruturas de calquera tipo que só poidan interferir indirectamente coas vistas do sendeiro e, en calquera caso, exclusivamente en tramos urbanos; as intervencións non deben modificar o horizonte e deben situarse en localizacións e alturas de limitada visibilidade; creación e/ou recuperación de mananciais e/ou puntos de auga e zonas circundantes co uso de métodos e técnicas de enxeñaría naturalística; creación de sinalizacións (marcas verticais e horizontais e paneis explicativos) relativas á mobilidade pouco invasiva (a pé, a cabalo, en bicicleta) con materiais respectuosos co medio; creación de medidas para que os sendeiros sexan accesibles ás persoas con discapacidade, sempre que se realicen con materiais respectuosos co medio e co contexto paisaxístico; medidas de mantemento forestal compatibles cos valores paisaxísticos.

Por esta razón, é correcto concluir que unha facultade restritiva tan penetrante, incisiva e dominante exercida polo Ministerio, que consiste na introdución de regulacións paisaxísticas extremadamente precisas e detalladas sobre o uso da paisaxe, debe apoiarse en primeiro lugar nunha normativa precisa, completa, exhaustiva e actualizada (Tar Venecia, sec. II, 08/08/2022, n.º 1280)⁵⁸.

A este respecto, cabe destacar a ausencia de alusións nas restricións relativas á ruta do Brigante sobre os estudos posteriores levados a cabo para a elaboración do Atlas coas restricións na Rexión de Calabria, indicados como requisito previo para os plans paisaxísticos sucesivos (non adoptados), o que demostra a escasa coordinación entre o Ministerio e o goberno da Rexión.

Isto, teoricamente, pode xustificarse como unha resposta á notable pasividade da Rexión con respecto á adopción da ordenación paisaxística, que, polo tanto, abre as portas ao exercicio da facultade restritiva do Ministerio e confirma o sinalado polo Tribunal Constitucional en distintas ocasións, en relación coa competencia do Estado para definir os límites mínimos de protección no territorio nacional (Tribunal Constitucional n.º 101/2010; n.º 12/2009; n.º 272/2009).

Non obstante, non podemos obviar unha invasión da autonomía rexional (especialmente no que se refire á xestión do territorio e á valorización do patrimonio cultural), que deriva das regulacións detalladas sobre o uso do territorio incluídas no decreto de restrición⁵⁹, o que, segundo a doutrina, contribúe a trazar unha especie de «neocentralismo ministerial»⁶⁰, en particular no que se refire ás normas relativas aos centros históricos⁶¹, que son coñecidos por ser o punto de converxencia dunha pluralidade de disciplinas, cuxo labor é intentar conciliar diferentes intereses públicos en contextos que poden presentar características dimensionais, de degradación, contaminación ou afluencia turística moi diferentes.

⁵⁸ Sentenza relativa ao recurso interposto contra o Decreto do director xeral da Dirección Xeral de Arqueoloxía, Belas Artes e Paisaxe do Ministerio de Patrimonio e Actividades Culturais e Turismo, 5 de decembro de 2019, n.º 1676, sobre a «Declaración de interese público da zona de montaña entre Comelico e Val d'Ansi, municipios de Auronzo di Cadore, Danta di Cadore, Santo Stefano di Cadore, San Pietro di Cadore, San Nicolò di Comelico e Comelico Superiore».

⁵⁹ Máis aínda se se considera que o concepto de «goberno do territorio» indica un ámbito moito máis amplo que o mero urbanismo, xa que inclúe todo o relativo ao seu territorio e á realización de equipamentos e actividades (Tribunal Constitucional, n.º 307/2003 e 196/2004).

⁶⁰ A. Crosetti, *ibidem*.

⁶¹ Ilustra sobre a cuestión S. Fantini, *Il centro storico come bene paesaggistico a valenza culturale*, Relazione al Convegno. "I centri storici tra norme e politiche", Gubbio, 6-7 de xuño de 2014, en *Aedon*, 2015. En xeral, sobre o tema, véxase G. Caia, G. Ghetti, *La tutela dei centri storici. Discipline giuridiche*, Turín, Giappichelli, 1997; P. Carpentieri, *Il decoro urbano: il problema degli usi e della conservazione dei centri storici. I beni culturali e la normativa urbanistica*, https://www.giustamm.it/static/pdf/d/5009_ART_5009.pdf; G. D'Alessio, *I centri storici: aspetti giuridici*, Milán, Giuffrè, 1983; S. Fantini, *Il centro storico come bene paesaggistico a valenza culturale*, en *Aedon*, 2, 2015; L. Ferrucci, *Le potenzialità economiche dei centri storici*, en *Aedon*, *ibidem*: M. Malo (ed.), *I centri storici come parte del patrimonio culturale*, Bologna, Mulino, 2020, F.G. Scoca, D. D'Orsogna, *Centri storici, problema irrisolto*, en G. Caia, G. Ghetti, *La tutela dei centri storici*; G. Severini, *Centri storici: occorre una legge speciale o politiche speciali?*, en *Aedon*, 2, 2015, A. Simonati, *La disciplina regionale dei centri storici: caratteri e tendenze*, in *Riv. giur. urb.*, 2, 2015, 295 e ss.; C. Videtta, *I centri storici al crocevia tra disciplina dei beni culturali, disciplina del paesaggio e urbanistica: profili critici*, *Aedon*, 3, 2012.

4. Itinerarios turístico-culturais e valorización do territorio (do interior da rexión): utilidade das restricións paisaxísticas

A última cuestión sobre a que as medidas que nos ocupan suxiren algunhas reflexións concluíntes refírese á correlación entre a despoboación das zonas interiores e a protección dos itinerarios culturais mediante a aplicación de restricións paisaxísticas.

Cabe preguntarse, en particular, se a estricta regulación restritiva que ditan as medidas é coherente coa necesidade de loitar contra a despoboación das zonas interiores e contribuír á creación de emprego e de oportunidades de desenvolvemento turístico na zona afectada, que, entre outras cousas, teñen como obxectivo a creación e xestión dun itinerario turístico-cultural.

En definitiva, a declaración de interese público do itinerario corre o risco de producir efectos contrarios aos desexados. Un sentido ben distinto tería a consideración do itinerario cultural (no seu conxunto ou por cada un dos bens que o compoñen) como parte dun plan paisaxístico⁶² (aínda non aprobado no caso que nos ocupa), o cal, pola súa propia natureza, se presta a unha análise global do territorio, que teña en conta as súas peculiaridades e fragilidades, que estea deseñado para propor unha visión de conxunto deste e que, ademais de protexer os bens individuais, sexa, en teoría, apto para conxugar e conciliar os distintos intereses públicos en xogo (a protección da paisaxe e o seu desenvolvemento sostible; o desenvolvemento do territorio e a garantía do equilibrio entre o ser humano, a paisaxe e o medio ambiente).

Trátase, cremos, de comprobar de xeito concreto a conveniencia de medidas restritivas, cuxo efecto sexa a paralización de diferentes formas de uso do territorio, en lugar de intervir na protección e valorización do territorio a través de instrumentos que poidan concilialas cos intereses públicos igualmente importantes (plans paisaxísticos). Fronte á pasividade dos gobernos das Rexións con respecto ao exercicio da función de planificación da paisaxe, a intervención do Ministerio conclúe ofrecendo apoio ao territorio con restricións que producen unha paralización⁶³ xeral non moi útil no que se refire ao obxectivo, nalgúns casos nin sequera para a protección da paisaxe.

A aplicación dunha normativa restritiva acompañada dunha regulación de uso que deixase unha marxe escasa de autorización (ou case) para a creación de novas infraestruturas turísticas ou de aloxamento acabaría afectando negativamente ás posibilidades de desenvolvemento económico e social das áreas implicadas, favorecendo aínda máis o fenómeno da despoboación e, polo tanto, o abandono dos

⁶² Sobre o tema, véxase A. Areddu, *Contributo*, cit., 279. Sobre o contido da planificación paisaxística, M. Pallottino, *La pianificazione paesistica secondo il Codice dei beni culturali e del paesaggio*, Riv. Giur. urb., 2004, 525 e ss.; P. Urbani, *Commento all'art. 135*, en M. Cammelli (ed.) *Il Codice dei beni culturali e del paesaggio*, cit., 518 e ss.; S. Amorosino, *Commento agli artt. 143-145*, ivi, 551 e ss.; A. Angiuli, *Commento all'art. 135*, en *Commentario al codice dei beni culturali e del paesaggio*, cit., 352 e ss.; S. Amorosino, en V. Piergigli, A.L. Maccari (ed.), *Il codice dei beni culturali*, cit., 525 e ss.; M. Immordino, *I piani paesaggistici nella giurisprudenza costituzionale*, en M.A. Sandulli-M.R. Spasiano, P. Stella Richter (ed.), *Il diritto urbanistico in 50 di giurisprudenza della Corte costituzionale*, Nápoles, 2007, 135 e ss.

⁶³ Véxase o mapa das restricións do MIC, <http://www.sitap.beniculturali.it/index.php>.

territorios coa conseguinte degradación da paisaxe que, precisamente, é o que se busca contrarrestar mediante a creación do itinerario.

Naturalmente, non se cuestiona a primacía do interese paisaxístico, nin da súa prevalencia (se se motiva de forma adecuada) sobre outros intereses públicos (como a normativa das competencias estatais e rexionais en materia paisaxística permite e o Tribunal Constitucional avala), senón a conveniencia do uso de medidas restritivas que, pola súa natureza, se destinen a bens concretos identificados e identificables cun «considerable» interese público.

En rigor, a valorización e a protección dos itinerarios turístico-culturalis forman parte das estratexias para a implementación e o desenvolvemento de novos modelos de uso e xestión sostible en vista da integración ambiental e paisaxística coas actividades agrícolas, artesanais e turístico-culturalis da estratexia para a promoción turística de Italia (Sistema Paese), como se indica no Plan Estratéxico de Turismo 2017-2022⁶⁴.

Pola contra, como se anticipaba, o lexislador afirma explicitamente a profunda relación entre a valorización da paisaxe (e a creación de novos valores paisaxísticos coherentes e integrados), a concepción ou elaboración de itinerarios turístico-culturalis e a mellora da oferta cultural⁶⁵, tamén no referente ás zonas interiores (véxase o decreto lei citado), que os itinerarios atravesan en gran parte da súa superficie⁶⁶. De aí a idea de que a protección e a valorización dos itinerarios turístico-culturalis poden ter un impacto positivo no desenvolvemento destes territorios⁶⁷.

Isto depende da capacidade dos itinerarios (e das institucións afíns) para situarse no centro das accións e iniciativas orientadas ao desenvolvemento territorial e á creación de redes entre entidades públicas e privadas⁶⁸, non só desde a perspectiva da potenciación da oferta turística destes territorios, que, malia considerarse a forma máis evidente de valorización de territorio, non é a única, nin está exenta de inconvenientes.

⁶⁴ <https://www.ministeroturismo.gov.it/wp-content/uploads/2021/11/Piano-Strategico-del-Turismo-2017-2022.pdf>.

⁶⁵ A este respecto, remitimos a C. Vitale, La valorizzazione del patrimonio culturale delle aree interne. Considerazioni preliminari, *Aedon*, 3, 2018. Máis en xeral sobre a relación entre cultura e desenvolvemento, S. Cassese, L'evoluzione degli istituti della cultura, en *Cultura come diritto: radici costituzionali, politiche e servizi*, Associazione Civita, 2019, 7-13, G. Sciullo, I beni culturali quali risorsa collettiva da tutelare - una spesa, un investimento, in *Aedon*, 3, 2017. Sobre o tema, G. Piperata, Cultura e sviluppo economico e di come addomesticare gli scoiattoli, in *Aedon*, 3, 2018. No contexto europeo, véxase o Comunicado da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello e ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións, Verso un approccio integrato al patrimonio culturale, <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/IT/TXT/PDF/?uri=CELEX:52014DC0477&qid=1416225231764&from=IT>, que destaca como o valor económico do patrimonio cultural ten o potencial de fomentar a cohesión social e a integración a través da revitalización de zonas desfavorecidas; ICOM & OECD, *Cultura e sviluppo locale: massimizzare l'impatto: una guida per le amministrazioni locali, le comunità e i musei*, <http://www.oecd.org/cfe/leed/OECD-ICOM-GUIDE-MUSEUMS-IT.pdf>. «I beni e le attività culturali sono elementi di sviluppo e di progresso anche sotto il profilo della crescita economica del Paese», segundo o Tribunal de Contas, *Relazione sul rendiconto generale dello Stato 2015*, vol. II, Roma, 2016, 367.

⁶⁶ <https://camminiditalia.cultura.gov.it/cammini/>.

⁶⁷ A este respecto, remítase a C. Vitale, La valorizzazione del patrimonio culturale delle aree interne. Considerazioni *preliminari*, *Aedon*, 3, 2018.

⁶⁸ A. Areddu, *Contributo cit.*, spec. 279 ss.

A creación e a xestión do itinerario poden contribuír ao mantemento do territorio e dos bens comúns⁶⁹, á valorización da paisaxe (e en particular da rede de sendeiros) e do patrimonio cultural (tamén inmaterial) e, polo tanto, á activación dun círculo virtuoso de promoción territorial, a través da recuperación destes lugares por parte das comunidades de referencia.

Para alcanzar estes obxectivos, antes (ou en lugar) da restrición da zona, sería preciso dotar o itinerario de recursos axeitados e, sobre todo, dun sistema de gobernanza que poida facelo sostible no tempo e que considere a definición de formas de cooperación eficaces e duradeiras entre os distintos axentes.

Para alcanzalos, a dirección está clara; só falta poñerse en camiño.

5. Conclusións: o Camiño de Santiago en España para comparar coas normas italianas

Como vimos, as rutas de turismo cultural representan un modelo interesante para potenciar a protección do patrimonio cultural e da paisaxe, así como para promover o desenvolvemento sostible, especialmente dos territorios marxinais⁷⁰.

A normativa citada e as experiencias recordadas nas páxinas anteriores mostran unha atención progresiva do ordenamento xurídico italiano a estas cuestións.

No entanto, como xa se sinalou, o impacto real desta ferramenta aínda está por ver e o camiño para mellorar a súa eficacia e difusión aínda está en cueiros.

Conclusións similares poden confirmarse mediante unha comparación coa lexislación española, que en termos xerais asume como principio fundamental a función social do patrimonio natural e a súa estreita vinculación co desenvolvemento local (art. 4 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade).

É ben sabido que o principal modelo de referencia son as normas de protección do Camiño de Santiago⁷¹.

⁶⁹ Véxase, neste sentido, a citada Lei de pequenos municipios, que, no marco das iniciativas destinadas a garantir o desenvolvemento sostible e a cohesión territorial, ten por obxecto fomentar a residencia nos pequenos municipios e a protección e valorización do seu patrimonio natural, rural, histórico-cultural e arquitectónico, co fin de loitar contra a despoboación e favorecer a afluencia de turistas, ademais de contribuír á loita contra o desequilibrio hidroxolóxico e ao mantemento e protección dos bens comúns (artigo 1). Para unha visión xeral do tema da xestión dos bens comúns, véxase G. Arena, *Amministrazione e società. Il nuovo cittadino*, Riv. trim. dir. pubbl., 1, 2017, pp. 43-55; G. Arena, C. Iaione (eds.), *L'Italia dei beni comuni*, Roma, Carocci, 2012; M. Bombardelli (ed.), *Prendersi cura dei beni comuni per uscire dalla crisi*, Editoriale Scientifica, Nápoles, 2016. Sobre a asimilación entre patrimonio cultural e bens comúns, véxase E. Fidelbo, *Strumenti giuridici di valorizzazione del rapporto tra patrimonio culturale e territorio: il caso dei patti di collaborazione tra amministrazioni locali e cittadini*, en *Aedon*, 3, 2018.

⁷⁰ Sobe o tema, L. Sánchez-Mesa Martínez, *La planificación de políticas territoriales contra la despoblación de áreas interiores en España: claves para una gestión sostenible de los recursos naturales*, en D. Santiago Iglesias, L. Míguez Macho, A.J. Ferreira Fernández (dirs.), *Instrumentos jurídicos para la lucha contra la despoblación rural*, Aranzadi, Cizur Menor, 2021, 418.

⁷¹ Sobre este tema, X. Morales Urrutia, E. López Iglesias, Mariá do Mar Pérez Fra, *El papel del Camino de Santiago en la dinamización de las áreas rurales: análisis de los municipios del Camino Francés en Galicia*, in *Smart an inclusive development in rural areas. Book of proceedings of the 11th Iberian Conference on Rural Studies*, UTAD Vila Real, Portugal, 2016, 536 e ss.; M.J. Andrade Suárez, G. Leira Landeira, R. Caramés Valo, *El turismo como factor estratégico de desarrollo rural: el Camino de Santiago Francés*, ROTUR, 2010, 55.

D. Santiago Iglesias, *La protección y el fomento del Camino de Santiago en la Comunidad Autónoma de Galicia*, en *Aedon*, 3, 2008. Máis recentemente, D. Santiago Iglesias, *El Camino de Santiago en la normativa de patrimonio cultural de Galicia: el complejo equilibrio entre la protección y el desarrollo de un catalizador del medio rural*, en C. Vitale (ed.), *Innovation and inclusion for the valorisation of cultural heritage and the development of inland areas*, de próxima publicación.

O ordenamento xurídico español, neste sentido, contén lexislación específica na Lei núm. 5, do 4 de maio de 2016, do patrimonio cultural de Galicia (título VI), que conta con importantes perfís de interese⁷².

En primeiro lugar, o artigo 73 da lei define os Camiños de Santiago como «o conxunto de itinerarios recoñecidos a nivel documental e cuxo uso está testemuñado como rutas de peregrinación de longo percorrido, que estruturan, conforman e caracterizan o territorio que atravesan».

A lei identifica as seguintes rutas principais: o Camiño Francés; o Camiño do Norte (tamén coñecido como Camiño Primitivo ou Camiño de Oviedo); o Camiño Inglés; o Camiño de Fisterra e Muxía; o Camiño Portugués; a Vía da Prata ou Camiño Mozárabe; e o Camiño de Inverno. A lei proporciona tamén a posibilidade dun maior recoñecemento para as rutas cuxa historicidade como camiños de peregrinación a Santiago de Compostela estea suficientemente documentada e xustificada.

Un réxime xurídico diferente está previsto, segundo as rutas de sendeirismo estean ou non inscritas na Lista do Patrimonio Mundial da UNESCO (art. 75) e, polo tanto, sexan consideradas «bens de interese cultural» ou, en cambio, «bens catalogados coa categoría de territorios históricos», sen prexuízo da posibilidade de incoar a declaración de ben de interese cultural.

Os bens de interese cultural, segundo o artigo 8.2 da LPCG, defínense como «os bens e manifestacións inmateriais que, polo seu carácter excepcional no ámbito da comunidade autónoma, sexan declarados como tales por lei ou por decreto do Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de patrimonio cultural», de acordo co procedemento establecido na mesma norma.

As rutas recoñecidas como merecedoras de protección están suxeitas a unha tripla figura de protección. En primeiro lugar, o procedemento de delimitación dos Camiños de Santiago, recollido no artigo 76 da LPCG, que reitera que a delimitación das rutas xacobeas deberá ser aprobada por decreto do Consello de Galicia, por proposta do titular da consellería competente en materia de patrimonio cultural.

O inicio do procedemento leva consigo a aplicación provisional do réxime previsto na LPCG para as rutas xa delimitadas. A medida que conclúe o procedemento de delimitación define os seguintes elementos: a) os itinerarios principais, é dicir, os itinerarios históricos que permaneceron en uso coas súas características tradicionais; b) os itinerarios dos vestixios históricos, definidos como os tramos históricos documentados que se perderon física ou funcionalmente; c) os itinerarios funcionais, é dicir, os tramos alternativos de carácter cultural, ambiental ou de seguridade para os usuarios.

En segundo lugar, especificase o ámbito xeográfico de asentamento do territorio histórico, que inclúe os núcleos rurais tradicionais, así como os bens inmoebles declarados de interese cultural ou catalogados e, se é o caso, os espazos protexidos atravesados, excluindo as áreas urbanas de recente crecemento e transformación carentes de valores culturais.

⁷² J.L. Carro Fernández-Valmayor, El Camino de Santiago en la perspectiva jurídica, in Revista Galega de Administración Pública, n. 27, 2001, 24-25.

En terceiro lugar, pode existir a denominada “zona tampón”, que serve para reforzar a protección da zona.

Por último, debe elaborarse a lista de bens inmobles con valor cultural asociados á Ruta dentro do territorio histórico.

Unha vez finalizado o proceso de delimitación, segundo o artigo 75.2 da LPCG, os municipios no territorio dos cales se sitúan as rutas do Camiño de Santiago están obrigados a adaptar os seus instrumentos urbanísticos ás exixencias de conservación das rutas.

O segundo instrumento de protección previsto pola lexislación galega refírese aos usos permitidos para o sendeirismo: segundo o artigo 78.1 LPCG, o trazado dos Camiños debe ser utilizado como sendeiro (destino compatible co uso como camiño ecuestre ou como camiño para vehículos non motorizados).

Ademais, as obras e actividades na zona delimitada polos Camiños de Santiago deben ser compatibles coa conservación e protección dos seus valores e, como criterio xeral, deben manter as principais características do territorio que configuran, o que implica unha preferencia polo mantemento das poboacións tradicionais e das actividades agrícolas e forestais.

Evidentemente, non se permite ningún uso que supoña un perigo de destrución ou deterioración ou que sexa incompatible cos seus valores culturais (art. 77.2 CGPG).

Como pode observarse, existe unha converxencia substancial entre as disposicións nacionais e rexionais italianas e españolas en materia de protección dos itinerarios de sendeirismo, que se remonta a unha actuación esencialmente encamiñada a limitar os territorios afectados polos itinerarios de sendeirismo, orientada tamén a protexer a paisaxe en cuestión.

Se ben, por unha parte, isto é comprensible tendo en conta a importancia paisaxística e cultural destas zonas, por outra, pode non ser suficiente para garantir unha valorización axeitada dos sendeiros de cara ao desenvolvemento sostible dos territorios afectados.

Tamén é interesante destacar como a lei prevé a posibilidade de recorrer á expropiación forzosa como mecanismo para garantir a conservación, protección ou servizo do Camiño, de forma similar á expropiación de bens culturais na lexislación italiana.

Neste sentido, o artigo 80.1 LPCG establece que a aprobación da delimitación da Ruta Xacobeá implica a declaración de interese cultural e a necesidade da ocupación de bens e a adquisición de dereitos para os efectos de expropiación forzosa, ocupación temporal ou imposición ou modificación de servidumes, tanto dos tramos necesarios para a funcionalidade da ruta como dos terreos situados dentro da área delimitada, necesarios para a conservación, protección ou servizo da Ruta Xacobeá.

O último instrumento que a lei prevé para garantir a protección da Ruta Xacobeá é a aprobación dun Plan Territorial Integrado da Ruta Xacobeá (art. 82 LPCG), que establece as directrices xerais para o mantemento e conservación dos valores culturais da Ruta Xacobeá e garante unha ordenación territorial harmónica e integrada con eles.

O ámbito de desenvolvemento do plan territorial integrado dos Camiños de Santiago inclúe todos os territorios históricos delimitados. O seu principal obxectivo

é a conservación xeral dos territorios históricos, mantendo as súas características tradicionais, polo que as modificacións da súa estrutura teñen un carácter excepcional e deben xustificarse co fin de mellorar a relación entre o ben e a súa contorna.

Ademais, en relación cos tramos conectados dos Camiños e asentamentos, hai que procurar, manter e integrar o carácter, tipoloxía, volumes, cores, materiais e aliñacións de carácter tradicional existentes aos dous lados do camiño (art. 82.4 LPCG).

O Plan de Ordenación do Territorio será elaborado pola Consellería de Patrimonio Cultural de acordo coa lexislación vixente en materia de ordenación do territorio e aprobado polo Consello da Xunta mediante decreto.

Tras a súa aprobación, os municipios atravesados polo territorio histórico deberán adaptar o seu planeamento xeral ás previsións e directrices contidas no Plan Territorial Integrado dos Camiños de Santiago⁷³. Trátase dunha ferramenta interesante, xa que se dirixe especificamente a equilibrar os diferentes intereses públicos implicados na ordenación do territorio centrándose nos Camiños, co obxectivo específico de preservar dun uso intensivo e favorecer un enfoque global.

Tamén desde este punto de vista, a normativa española que acabamos de mencionar resulta especialmente significativa en comparación coa regulación italiana dos itinerarios turístico-culturalais. Ambas as dúas leis parecen esencialmente orientadas máis á protección da paisaxe afectada polo camiño que á súa valorización, co risco de que non se teña suficientemente en conta o que os Camiños poden representar en termos de cultura, identidade e desenvolvemento das comunidades de referencia.

Finalmente, como destacamos, a regulación dos itinerarios culturais crúzase con moitas cuestións xerais relacionadas co réxime xurídico do patrimonio cultural, como a do patrimonio inmaterial⁷⁴, que non poucas veces aparece vinculado aos itinerarios culturais. Neste sentido, cabe sinalar que o ordenamento xurídico español conta cunha tradición moi significativa nesta fronte.

Xa a Constitución española de 1978 lle atribuíu ao patrimonio cultural inmaterial unha referencia legal específica «pioneira no contexto constitucional europeo», que abriu logo o camiño a posteriores e orgánicas referencias normativas, sobre todo a Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

No preámbulo, a Constitución identifica, entre os fins da nación española, o de protexer todos os españois e pobos de España no exercicio dos seus dereitos humanos, as súas «culturas e tradicións», linguas e institucións.

O artigo 46, ademais, establece que os poderes públicos garantirán a conservación e promoción do «patrimonio histórico, cultural e artístico», utilizando un concepto máis amplo que o tradicional de patrimonio histórico-artístico, a través da referencia ao «valor cultural»; en realidade, amplía os ámbitos de protección tamén ao patrimonio cultural inmaterial.

⁷³ Sobre o tema, D. SANTIAGO IGLESIAS, *Los caminos*, cit. Nos mesmos termos art. 5, l.f) I. Patrimonio natural e biodiversidade.

⁷⁴ Véxanse J. F. Gabardón de la Banda, La tutela del Patrimonio Cultural Inmaterial en España: la Ley para la salvaguardia del Patrimonio Cultural Inmaterial, in Anuario Jurídico y Económico Escorialense, XLIX, 2016; V. Manzetti, Il patrimonio culturale immateriale tra ordinamento internazionale europeo e nazionale. spunti dall'esperienza spagnola, Nomos, 3, 2018, L. Mellado Ruiz, M. L. Roca Fernández-Castanyes M.L., Patrimonio Cultural Inmaterial, in Ars Iuris Salmanticensis, 3, 2015, 199 e ss.

No plano competencial, o artigo 149.2 dispón que o Estado considera o servizo da cultura («todos») como deber e atribución «esencial», a desenvolver de acordo coas comunidades autónomas.

Neste marco, a Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, que non se refire exclusivamente ao patrimonio cultural inmaterial, senón que introduce a noción de Patrimonio Histórico Español, que se identifica cos «bens inmoables e mobles de interese artístico, histórico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico ou técnico (...) o patrimonio documental e bibliográfico, os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como as paraxes naturais, xardíns e parques, que teñan valor artístico, histórico ou antropolóxico. Así mesmo (...) os bens integrantes do Patrimonio Cultural Inmaterial...» entendido como “expresión relevante da cultura tradicional do pobo español nos seus aspectos materiais, sociais ou espirituais”.

Neste sentido, o ordenamento xurídico español xa aceptou de antemán, a nivel europeo, unha noción aberta de beneficio cultural á que se asocia a noción de itinerario turístico cultural. Non obstante, a lei non contiña medidas axeitadas para o patrimonio inmaterial, senón que prevía formas ordinarias de protección e valoración, aínda que insuficientes.

Un fenómeno similar caracterizou entón a lexislación das comunidades autónomas, que se limitou esencialmente ao recoñecemento formal da relevancia do elemento identitario das distintas comunidades ou, como máximo, á subvención de tradicións culturais rexionais concretas (desde o flamenco en Andalucía ás festas de San Fermín en Pamplona), chegando en ocasións a desencadear conflitos puntuais entre a lexislación das comunidades e a do Estado, como no caso da corrida de touros.

Como é ben sabido, o proceso descrito concluíu coa aprobación da Lei 10/2015, do 26 de maio, para a salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial, que representa o «punto de chegada» do camiño de aplicación da Convención da Unesco en España e que pretende regular o patrimonio cultural inmaterial en todas as súas expresións.

Ben mirado, a lei de 2015 asígnalle un papel absolutamente central ao Estado. En concreto, o Plan Nacional é aprobado polo Goberno, por proposta do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, e representa o instrumento de xestión e cooperación entre a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas, as entidades locais e outras entidades públicas ou privadas, para a identificación dos criterios e metodoloxías de actuación e traballo esenciais para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial.

A Declaración de Manifestación Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial adoptada pola Administración do Estado é, polo tanto, a expresión dunha potestade moi penetrante en relación coas comunidades autónomas, dado que esta se concreta na adopción dunha serie de «medidas de salvagarda».

En definitiva, falta unha axeitada implicación das comunidades segundo un fenómeno que recordamos para os proxectos de lei italianos sobre itinerarios de turismo cultural.

En conclusión, o ordenamento xurídico español, malia ser precursor na proposta dunha disciplina orgánica sobre o patrimonio cultural, adopta un enfoque

“estadocéntrico” na aplicación da Convención da Unesco, traizoando deste xeito a razón de ser da noción de patrimonio cultural inmaterial, respecto da cal a participación da comunidade é un dos elementos centrais.

Por suposto, este aspecto ten un impacto significativo na cuestión do recoñecemento dos itinerarios de turismo cultural non só en España, senón tamén en Italia, onde aínda se carece dunha lexislación orgánica sobre o patrimonio cultural inmaterial, e a este respecto o proceso evolutivo parece aínda máis atrasado.

Bibliografía

- Accettura, B., Brocca, M., Tuccari, F.F., Turismo sostenibile e politiche territoriali. Profili giuridici, <https://www.ambientediritto.it/dottrina/turismo-sostenibile-e-politiche-territoriali-profilo-giuridici/>
- Aicardi N., I vincoli paesaggistici tra Codice e l.r. n. 23/2009, Ist. Fed., 2010, 81 e ss.
- Albisinni, F.G., I contratti pubblici I contratti pubblici concernenti i beni culturali, in *Giorn. dir. amm.*, 2016, 4, 514 e ss.
- Angiuli, A., Commento all’art. 135, en *Commentario al codice dei beni culturali e del paesaggio* ed. G. Leone, A. Tarasco, Padova, Cedam, 2006, p. 352 e ss.
- Amorosino, S., *Introduzione al diritto del paesaggio*, Roma, Laterza, 2010.
- Amorosino, S., Commento agli artt. 143-145, *Codice dei beni culturali e del paesaggio*, Bologna, Il Mulino, 2007, 551 e ss.
- Amorosino, S., *Gli itinerari turistico culturali nell’esperienza amministrativa italiana*, Aedon, 3, 2000.
- Arena, G., *Amministrazione e società. Il nuovo cittadino*, Riv. trim. dir. pubbl., 1, 2017, pp. 43-55.
- Arena, G., Iaione C. (eds.), *L’Italia dei beni comuni*, Roma, Carocci, 2012.
- Sau, S., *Le frontiere del turismo culturale*, Aedon, 1, 2020.
- Areddu, A., *Analisi giuridica degli itinerari culturali*, Aedon, 1, 2020.
- Areddu, A., *Contributo allo studio degli itinerari culturali*, Nápoles, 2019.
- Barbetta, G.P., Cammelli M., Della Torre S. (eds.), *I distretti culturali. Dalla teoria alla pratica*, Bologna, 2013.
- Bartolini, A., Commento agli artt. 136 e 140, en M. Cammelli, *Il Codice dei beni culturali*, cit., 521 y 536.
- Bombardelli, M. (ed.), *Prendersi cura dei beni comuni per uscire dalla crisi*, Editoriale Scientifica, Nápoles, 2016.
- Caia, G., Ghetti, G., *La tutela dei centri storici. Discipline giuridiche*, Turín, Giappichelli, 1997.
- Cammelli, M., *Cooperazione*, en C. Barbati, M. Cammelli, L. Casini, G. Piperata, G. Sciuolo, *Diritto del patrimonio culturale*, Bologna, Il Mulino, 2020, 308 e ss.
- Cammelli, M. Piperata G., *Patrimoni culturali: innovazioni da completare; tensioni da evitare*, Aedon, 1, 2022.
- Caputi Jambreggi, V., *Interventi sul territorio extraurbano, Ecomusei, paesaggi, periferie*, in *giustamm.it*, 2019, 11.

Regap



ESTUDOS

- Carpentieri, P., Appalti nel settore dei beni culturali (e archeologia preventiva), in *Urb. e app.*, 2016, 8-9, 1026 s.
- Carpentieri, P., I decreti correttivi e integrativi del Codice dei beni culturali e del paesaggio, *Urb e app.*, 2006, 625 e ss.
- Carpentieri, P., Salvaguardia dei valori del paesaggio, in G. Leone, A. Tarasco, *Commentario del Codice dei beni culturali e del paesaggio*, 2006, 841 e ss.
- Carpentieri, P., La nozione giuridica di paesaggio, *Riv. trim. dir. pubbl.*, 2004, 363 e ss.
- Carpentieri, P., Il decoro urbano: il problema degli usi e della conservazione dei centri storici. I beni culturali e la normativa urbanistica, https://www.giustamm.it/static/pdf/d/5009_ART_5009.pdf.
- Cartei, G.F., L'individuazione dei beni paesaggistici nel Codice dei beni culturali e del paesaggio: profili esegetici e aspetti problematici, in V. Piergigli, A.L. Maccari (eds.) *Il Codice dei beni culturali tra teoria e prassi*; Milán, 2006, 509 e ss.
- Cartei, G.F., Il paesaggio, in S. Cassese (ed.), *Trattato di diritto amministrativo, Diritto amministrativo speciale*, Milán, 2002, IV, 2110 e ss.
- Casini, L., Patrimonio culturale, in *Enc. dir., I tematici, III, Funzioni amministrative*, Milán, 2022, 817 e ss.
- Casini, L., Valorizzazione e gestione, in C. Barbati, M. Cammelli, L. Casini, G. Piperata, G. Sciullo, *Diritto del patrimonio culturale*, Bologna, 2020, 214.
- Casini, L., Art. 151, in R. Garofoli, G. Ferrari (eds.) *Codice dei contratti pubblici*, Tomo II, Molfetta, 2017, 2280.
- Cassese, S., L'evoluzione degli istituti della cultura, in *Cultura come diritto: radici costituzionali, politiche e servizi*, Associazione Civita, 2019, 7-13.
- Cassese, S., I beni culturali dalla tutela alla valorizzazione, *Gda*, 7, 1998, 673 e ss.
- Civitaresse Matteucci, S., Il paesaggio nel nuovo Titolo V, Parte II della Costituzione, *Riv. giur. amb.*, 2003, 253 e ss.
- Civitaresse Matteucci, S., *Governo del territorio e paesaggio*, *ivi*, 283 e ss.
- Croce, M., de Nitto S., I partenariati per la valorizzazione del patrimonio dismesso, in disuso, in Moliterni (ed.) *Patrimonio culturale e soggetti privati*, Napoli, 2019, 169 e ss.
- Crosetti A., L'individuazione dei beni paesaggistici, in A. Crosetto, D. Vaiano, *Beni culturali e paesaggistici*, Turín, 2018, 216-217.
- Crosetti A., Beni culturali e valutazione dell'interesse pubblico (l'influenza del pensiero di A.M. Sandulli) in Id., Aldo M. Sandulli (1915-1984), *Attualità del pensiero giuridico del maestro*, Milán, 2004, 523 e ss.
- D'Alessio, G., *I centri storici: aspetti giuridici*, Milán, Giuffrè, 1983.
- Fantini, S., Il centro storico come bene paesaggistico a valenza culturale, *Relazione al Convegno. "I centri storici tra norme e politiche"*, Gubbio, 6-7 de junio de 2014, en *Aedon*, 2015.
- Fantini, S., Il centro storico come bene paesaggistico a valenza culturale, en *Aedon*, 2, 2015.
- Ferrucci, L., Le potenzialità economiche dei centri storici, en *Aedon*, 2, 2015.

- Fici, A., Gallo, L., Giglioni, F. (eds.) I rapporti tra pubbliche amministrazioni ed enti del terzo settore. Dopo la sentenza della Corte Costituzionale n. 131 del 2020, Nápoles, 2020.
- Fidelbo, E., Strumenti giuridici di valorizzazione del rapporto tra patrimonio culturale e territorio: il caso dei patti di collaborazione tra amministrazioni locali e cittadini, en *Aedon*, 3, 2018.
- Fracchia, F., Gili, L., Ecomusei e aree protette tra sussidiarietà e sviluppo sostenibile, en W. Cortese (eds.), *Diritto al paesaggio e diritto del paesaggio. Actas del Congreso de Lampedusa, 21-23 de junio de 2007*, Editoriale Scientifica, Nápoles, 2008.
- Fracchia, F., Governo del territorio e ambiente en S. Civitarese Matteucci, E. Ferrari, P. Urbani, *Il governo del territorio (Atti del Convegno AIDU)*, Milán, 2003, 225 e ss.
- Frediani, E., I rapporti con la pubblica amministrazione alla luce dell'art. 55 del codice del Terzo settore, en *Non profit*, n. 1, 2017, 157 e ss.
- Gabardón de la Banda, J. F., La tutela del Patrimonio Cultural Inmaterial en España: la Ley para la salvaguardia del Patrimonio Cultural Inmaterial, in *Anuario Jurídico y Económico Escurialense*, XLIX, 2016.
- Gili, L., Il Codice del Terzo settore ed i rapporti collaborativi con la P.A., *Urb e app.*, 1, 2018, 15 e ss.
- Immordino, M., I piani paesaggistici nella giurisprudenza costituzionale, en M.A. Sandulli-M.R. Spasiano, P. Stella Richter (ed.), *Il diritto urbanistico in 50 di giurisprudenza della Corte costituzionale*, Nápoles, 2007, 135 e ss.
- Immordino, M., Individuazione del bene paesaggistico e valutazione comparativa di interessi, *Riv. giur. urb.*, 1988, 315 e ss.
- Immordino, M., *Vincolo paesaggistico e regime dei beni*, Milán, 1991.
- Lupo, A., La nozione positiva di patrimonio culturale alla prova del diritto globale, *Aedon*, 2, 2019.
- Malo, M. (ed.), *I centri storici come parte del patrimonio culturale*, Bolonia, Mulino, 2020.
- Manzetti, V. Il patrimonio culturale immateriale tra ordinamento internazionale europeo e nazionale. spunti dall'esperienza spagnola, *Nomos*, 3, 2018.
- Marzaro, P., Il nuovo regime del provvedimento di dichiarazione di notevole interesse pubblico: dal procedimento alla separazione delle funzioni di tutela dei beni paesaggistici, *Riv. giur. Urb.*, 2009, 131 e ss.
- Marzuoli, C., *Il paesaggio nel nuovo Codice dei beni culturali*, *Aedon*, 3, 2008.
- Mellado Ruiz, L., Roca Fernández-Castansys, M.L., *Patrimonio Cultural Inmaterial*, in *Ars Iuris Salmanticensis*, 3, 2015, 199 ss.
- Morbidegli, G., Bartolini A., *L'immateriale economico nei beni culturali*, Turín, Giappichelli, 2016.
- Olivetti Rason, N., La natura ed il paesaggio nel diritto costituzionale, en A. Crosetti (ed.) *La tutela della natura e del paesaggio*, *Trattato di diritto dell'ambiente*, III, 59 e ss.

Regap



ESTUDIOS

- Palazzo, D., Le attività di interesse generale del terzo settore tra sussidiarietà e valori costituzionali, *Dir. Amm.*, 2, 2022,
- Pallottino, M., La pianificazione paesistica secondo il Codice dei beni culturali e del paesaggio, *Riv. Giur. urb.*, 2004, 525 e ss.13-552.
- Pariso, V., Tutela dei valori ambientali, paesaggistico-territoriali e semplificazione con l'azione amministrativa, *Riv. giur. ed.*, 1991, II, 27 e ss.
- Pellizzari, S., La co-progettazione come forma di collaborazione tra p.a. e enti del terzo settore, in *Munus*, n. 2, 2019, 545 e ss.
- Piperata, G., Paesaggio, en C. Barbatì, M. Cammelli, L. Casini, G. Piperata, G. Sciuillo, *Diritto del patrimonio culturale*, cit., 274.
- Piperata, G., Cultura e sviluppo economico e di come addomesticare gli scoiattoli, en *Aedon*, 3, 2018.
- Quaglia, A., Commento all'art. 138 en M. A. Sandulli (ed.), *Codice dei beni culturali e del paesaggio*, Milán, 2006, 885 e ss.
- Reina, G., L'ecomuseo fra territorio e comunità, Id. (eds.) *Gli ecomusei, Una risorsa per il futuro*, Venecia, 2014.
- Rota, A., La tutela dei beni culturali tra tecnica e discrezionalità, Padua, 2002.
- Sciuillo, G., Il partenariato pubblico-privato in tema di patrimonio culturale dopo il Codice dei contratti, en *Aedon*, 3, 2021.
- Sciuillo, G., I beni culturali quali risorsa collettiva da tutelare - una spesa, un investimento, en *Aedon*, 3, 2017.
- Sciuillo, G., I vincoli paesaggistici «ex lege» origine e «ratio», *Aedon*, 2012.
- Sciuillo, G., A proposito delle valutazioni di compatibilità rispetto a vincoli storico artistici e paesaggistici, *Aedon*, 2018.
- Scoca, F.G., D'Orsogna D., Centri storici, problema irrisolto, en G. Caia, G. Ghetti, *La tutela dei centri storici*, cit.
- Severini, G., Centri storici: occorre una legge speciale o politiche speciali?, en *Aedon*, 2, 2015,
- Simonati, A., La disciplina regionale dei centri storici: caratteri e tendenze, in *Riv. giur. urb.*, 2, 2015, 295 e ss.
- Tarasco, A., *Il patrimonio culturale. Concetto, problemi, confini*, Nápoles, Ed. Scientifica, 2019.
- Urbani, P., Urbanistica, tutela del paesaggio e interessi differenziati (Nota a Corte cost., 21 dicembre 1985, n. 359), en *Le Regioni*, 1986, 665 e ss.
- Urbani, P., Commento all'art. 135, en M. Cammelli (ed.) *Il Codice dei beni culturali e del paesaggio*, cit., 518 e ss.
- Videtta, C., I centri storici al crocevia tra disciplina dei beni culturali, disciplina del paesaggio e urbanistica: profili critici, *Aedon*, 3, 2012.
- Vitale, C., Percorsi di valorizzazione sostenibile del patrimonio culturale e promozione turistica: la disciplina degli itinerari enogastronomici per lo sviluppo dei territori, *Agr. ist. merc.*, 3, 2018, 51 e ss.
- Vitale, C., La valorizzazione del patrimonio culturale delle aree interne. Considerazioni preliminari, *Aedon*, 3, 2018.

Volpe, G., Patrimonio al futuro. Un manifesto per i beni culturali ed il paesaggio, Milán, Electa, 2015.

Webgrafía

Directiva ministerial “Anno dei Cammini d’Italia, <https://storico.beniculturali.it/mibac/multimedia/MiBAC/documents/feed/pdf/Direttiva%202016-imported-56667.pdf>.

Mapeamento das restricións da paisaxe <https://sitap.cultura.gov.it/>.

https://media.beniculturali.it/mibac/files/boards/388a5474724a15af0ace7a40ab3301de/file_pdf/Pianificazione%20paesaggistica%20-%20Quadro%20sinottico%20-%20aggiornamento%20giugno%202021.pdf.

Strategia nazionale per le aree interne: definizione, obiettivi, strumenti e governance, Materiali Uval, 2014, MUVAl_31_Aree_interne.pdf. Véase también las Linee guida del Mibact per la Strategia nazionale per le aree interne,

Diretrices para a Estratexia Nacional de Áreas Internas,

http://focus.formez.it/sites/all/files/linee_guida_mibact_v05122016.pdf.

Area interior Versante Ionico Serre, <https://www.agenziacoesione.gov.it/wp-content/uploads/2022/01/Snai-Versante-Ionico-Serre-Doc-strategico-22.3.21.pdf>.

Gal Serre Calabresi, <https://www.galserrecalabresi.it/biodistretto-delle-serre/>.

THE ICOMOS CHARTER ON CULTURAL ROUTES, https://www.icomositalia.com/_files/ugd/57365b_d8d00a05c0da4f5f83d87b5771796fd7.pdf.

Itinerarios culturais europeos, <https://www.coe.int/it/web/cultural-routes/about>.

Enlarged partial agreement, [https://www.coe.int/it/web/cultural-routes/about-the-epa#:~:text=L'Accordo%20Parziale%20Allargato%20\(APA,con%20altri%20paesi%20e%20regioni](https://www.coe.int/it/web/cultural-routes/about-the-epa#:~:text=L'Accordo%20Parziale%20Allargato%20(APA,con%20altri%20paesi%20e%20regioni).

WHC Unesco guidelines <https://whc.unesco.org/en/guidelines/>.

Appia Antica na lista do patrimonio cultural mundial, <https://www.unesco.it/it/news/il-ministero-della-cultura-avvia-liter-di-candidatura-della-via-appia-antica-per-liscrizione-nella-lista-del-patrimonio-mondiale-dellunesco/>.

Disposicións para a promoción das rutas como itinerarios culturais.

Delegación no Goberno sobre rutas, 5.8.2021

<https://www.senato.it/service/PDF/PDFServer/BGT/01313729.pdf>.

Disposicións para a promoción das rutas como itinerarios culturais, 9.2.2022

<https://www.senato.it/leg/19/BGT/Schede/FascicoloSchedeDDL/ebook/56673.pdf>.

Convocatoria pública para a valorización de municipios con sitios UNESCO e cidades creativas

<https://www.anticorruzione.it/-/delibera-n.-538-del-21-novembre-2023>.

Secretaría Rexional Ministerio de Cultura da Rexión de Calabria,

<https://www.beniculturalicalabria.it/schede.php?id=147>.

Plan estratéxico de turismo

<https://www.ministeroturismo.gov.it/wp-content/uploads/2021/11/Piano-Strategico-del-Turismo-2017-2022.pdf>.

Regap



ESTUDIOS

Cara a un enfoque integrado do patrimonio cultural de Europa, Comunicación da Comisión Europea, 22.7.2014,

<https://eur-lex.europa.eu/legal-content/IT/TXT/PDF/?uri=CELEX:52014DC0477&qid=1416225231764&from=IT>.

ICOM & OECD, Cultura e desenvolvemento local: maximizar o impacto: unha guía para gobernos, comunidades e museos locais,

<http://www.oecd.org/cfe/leed/OECD-ICOM-GUIDE-MUSEUMS-IT.pdf>.

Rutas de Italia <https://camminiditalia.cultura.gov.it/cammini/>.



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 69_xaneiro-xuño | pp. 33-46
Santiago de Compostela, 2025
<https://doi.org/10.36402/regap.v2i69.5265>
© Vicente Álvarez García
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371

Recibido: 14/02/2025 | Aceptado: 26/06/2025
Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License

A normalización e a homologación militar de materiais en España

La normalización y la homologación militar de materiales en España

Standardisation and military approval of materials in Spain

⁶⁹ Regap

Regap



ESTUDIOS

VICENTE ÁLVAREZ GARCÍA

Catedrático de Dereito Administrativo
Universidade de Extremadura

Resumo: O autor realiza nun principio unha breve introdución á normalización e aos controis técnicos no ámbito civil, para pasar a continuación ao estudo da normalización militar de materiais e da homologación militar de produtos.

Con este obxectivo, o artigo analiza, en primeiro termo, os diferentes tipos da normalización militar; en segundo termo, a normativa reguladora especificamente da normalización militar de materiais; en terceiro termo, a estrutura administrativa da dita técnica normalizadora; e, en cuarto termo, as normas militares españolas e os STANAG da Organización do Tratado do Atlántico Norte relativos aos materiais. O traballo finaliza coa análise do concepto de homologación na esfera civil e militar, concluíndo co estudo das autoridades e órganos administrativos competentes en materia de homologación militar, así como do efectivo procedemento de homologación de produtos no campo da defensa.

Palabras clave: Dereito público, dereito militar, normalización, homologación de produtos, norma técnica militar, STANAG, acordo de normalización, OTAN.

Resumen: El autor realiza en un principio una breve introducción a la normalización y a los controles técnicos en el ámbito civil, para pasar a continuación al estudio de la normalización militar de materiales y de la homologación militar de productos.

Con este objetivo, el artículo analiza, en primer término, los diferentes tipos de la normalización militar; en segundo término, la normativa reguladora específicamente de la normalización militar de materiales; en tercer término, la estructura administrativa de dicha técnica normalizadora; y, en cuarto término, las normas militares españolas y los STANAG de la Organización del Tratado del Atlántico Norte relativos a los materiales.

El trabajo finaliza con el análisis del concepto de homologación en la esfera civil y militar, concluyendo con el estudio de las autoridades y órganos administrativos competentes en materia de homologación militar, así como del efectivo procedimiento de homologación de productos en el campo de la defensa.

Palabras clave: Derecho público, derecho militar, normalización, homologación de productos, norma técnica militar, STANAG, acuerdo de normalización, OTAN.

Abstract: The author begins with a brief introduction to civilian standardisation and technical controls, and then moves on to the study of military standardisation of materials and military approval of products. With this objective in mind, the article analyses, firstly, the different types of military standardisation; secondly, the specific regulations governing the military standardisation of materials; thirdly, the administrative structure of this standardisation technique; and fourthly, the Spanish military standards and the North Atlantic Treaty Organisation's STANAGs relating to materials.

The work ends with an analysis of the concept of approval in the civil and military sphere, concluding with a study of the competent authorities and administrative bodies in the field of military approval, as well as the actual procedure for the approval of products in the field of defence.

Key words: Public law, military law, standardisation, product approval, military technical standard, STANAG, standardisation agreement, NATO.

SUMARIO: 1. Enfoque xeral: sobre a normalización e os controis técnicos civís. 2. A normalización militar de materiais. 2.1. Os tipos de normalización militar. 2.2. A normativa reguladora da normalización militar de materiais en España. 2.3. A estrutura administrativa militar da normalización de materiais. 2.4. Os froitos da normalización militar: as normas militares españolas e os STANAG de materiais. 3. A homologación militar de materiais. 3.1. O concepto de homologación de produtos nos ámbitos civil e militar. 3.2. As autoridades e órganos administrativos competentes en materia de homologación militar. 3.3. O procedemento de homologación de produtos no ámbito da defensa. 4. Conclusión. Bibliografía básica.

1. Enfoque xeral: sobre a normalización e os controis técnicos civís

A normalización industrial é o proceso destinado a crear os documentos que recollen as especificacións técnicas que regulan a fabricación dos produtos, isto é, as súas características técnicas (como, por exemplo, a súa terminoloxía, a súa calidade, a súa seguridade, as súas dimensións, as súas tolerancias, o seu rendemento, a súa interoperabilidade, etc.) e/ou, se é o caso, os métodos e os procedementos de produción, e o seu control técnico.

A normalización entendida nun sentido amplo pode ser pública ou privada. O froito xurídico da pública son as regulamentacións técnicas, que son elaboradas pola Administración, seguindo un procedemento administrativo, o que lles confire unha natureza obrigatoria. A privada, pola súa banda, serve para xerar as normas técnicas propiamente ditas, que son elaboradas polos organismos de normalización

(nacionais, europeos e internacionais), seguindo procedementos privados (máis ou menos intervidos polos poderes públicos), o que lles outorga un carácter xuridicamente voluntario. É verdade, en todo caso, que estas últimas normas técnicas poden ser transformadas *de facto* en obrigatorias polos axentes económicos nun determinado mercado, ou poden selo *de iure* mediante a súa inclusión directa ou por remisión no texto das regulamentacións técnicas¹.

O uso polos fabricantes das normas técnicas, entendidas en sentido amplo, está suxeito a controis técnicos. Esta supervisión técnica varía en función de que teña como base ben unha regulamentación técnica ou ben unha norma técnica. No caso de controis a partir de regulamentacións técnicas, estes son obrigatorios, podendo ser realizados normalmente por suxeitos privados (pero tamén poden selo por entidades públicas cunha natureza xurídica propia) que reciben o nome de organismos de control regulamentario ou, excepcionalmente, pola propia Administración a través da técnica da homologación (como sucede, por exemplo, cos vehículos de motor). Con respecto aos controis baseados en normas técnicas, esta supervisión é voluntaria xuridicamente, levándose a cabo por parte de entidades certificadoras².

2. A normalización militar de materiais

2.1. Os tipos de normalización militar

A normalización militar pode ser, tanto a nivel español como da Organización do Tratado do Atlántico Norte (OTAN), de tres categorías: a operativa, a administrativa e a de materiais.

Aínda que aquí nos interesa exclusivamente esta última, antes de proseguir convén efectuar unha definición destas tres categorías normalizadoras³:

- A) A normalización militar operativa persegue o establecemento de regras, para un uso común e repetido, co obxecto de unificar criterios e ofrecer unha linguaxe común en relación coas “prácticas, procedementos ou formatos militares, podendo aplicarse tamén a materias e conceptos tales como doutrina, táctica, técnicas, loxística, adestramento, informes, formularios e cartografía”.
- B) A normalización militar administrativa refírese á uniformización da “terminoloxía, procedementos administrativos, racionalización de métodos de traballo, etc.”, incluíndose tamén dentro deste tipo normalizador “as normas que, non tendo unha aplicación directamente militar, facilitan a administración da Alianza Atlántica”.

¹ Entre a literatura xurídica española sobre a normalización industrial e sobre os seus froitos, as normas técnicas, pode verse Álvarez García (1999 e 2010), Carrillo Donaire (2000), Izquierdo Carrasco (2000) e Tarrés Vives (2003).

² Sobre os controis técnicos, véxan se, por todos, Álvarez García (2010), Carrillo Donaire (2000) e Izquierdo Carrasco (2000).

³ Artigo 4 do Regulamento de normalización militar de materiais (RNMM), aprobado pola Orde PRE/2507/2010, do 23 de setembro.

C) A normalización militar de materiais é a que serve para establecer as características técnicas dos materiais empregados polas Forzas Armadas e a Garda Civil (nas súas actuacións militares), entendéndose por materiais “os produtos, os procedementos ou servizos de uso nas Forzas Armadas”. As normas militares encadradas nesta categoría normalizadora poden incluír, ademais, “códigos de prácticas de produción e especificacións sobre material que abrangan sistemas completos, sistemas de comunicacións, mando e control (C3), sistemas e subsistemas de armas, interfaces, montaxes, compoñentes, pezas de reposto e consumibles (incluída a munición, combustibles, subministracións, almacenamentos e recambios)”.

2.2. A normativa reguladora da normalización militar de materiais en España

Aínda que existen antecedentes ben remotos da normalización de produtos, adóitase situar a súa orixe moderna na industria bélica de finais do século XVIII. Nesta época, a eficacia militar impuxo a harmonización dos diámetros dos canóns, co obxecto de facilitar o aprovisionamento de proxeccións. Esta tendencia unificadora estenderíase con posterioridade a outros tipos de armas, ás súas pezas e ás súas municións (Pavón, 1986: 53). Nesta orde de ideas, escribe Franck que, “como ben a miúdo acontece en materia de progreso técnico, é nas artes militares, e especialmente dentro destas na artillaría, onde a regulamentación técnica alcanzou os seus primeiros froitos e fixo en poucos anos do exército francés o primeiro de Europa”. Considerouse como gran pai da normalización militar un dos oficiais das tropas galas desa época, Gribeauval (1981: 43 e ss.).

Con este precedente histórico remoto, a regulación actual da normalización militar de materiais en España está contida nun regulamento aprobado pola Orde PRE/2507/2010, do 23 de setembro (RNMM), que viu a luz coa pretensión de recoller, actualizar, regular e condensar nunha soa disposición a materia, “a prol dunha maior claridade e seguridade xurídica” (preámbulo desa orde).

Esta disposición xeral, que se aplicará a todas as actividades nacionais e internacionais sobre a materia en que teña competencias o Ministerio de Defensa, ten por obxecto facilitar “a xestión do ciclo de vida dos sistemas, equipamentos, materiais e os seus compoñentes de uso militar, seguro e fiable, a interoperabilidade entre as Forzas Armadas españolas e a destas cos seus aliados, buscando unificar, abaratar, reducir niveis de repostos e facilitar o intercambio de pezas e equipamentos de acordo coas necesidades operativas, definindo, simplificando e unificando criterios, exixencias, procedementos e deseños”⁴.

Esta orde deixa parcialmente sen efecto (no que se refire á normalización militar de materiais) a Orde ministerial 238/2002, do 14 de novembro, pola que se aproba o

⁴ Art. 1 RNMM.

procedemento para a implantación, ratificación, revisión e derogación dos Acordos de Normalización OTAN.

2.3. A estrutura administrativa militar da normalización de materiais

O artigo 4 bis do Real decreto 205/2024, de 27 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Defensa (modificado polo Real decreto 896/2024, do 10 de setembro), regula a Dirección Xeral de Armamento e Material, que, dependente directamente da Secretaría de Estado de Defensa, é “o órgano directivo ao que lle corresponde a planificación e desenvolvemento da política de armamento e material do departamento, así como a supervisión e dirección da súa execución” (apartado 1). Entre as súas funcións, está o exercicio das tarefas de normalización e homologación dos sistemas de armas, equipamentos e produtos de interese para as Forzas Armadas [apartado 2, d)].

O seu titular é a máxima autoridade sobre a materia que estudamos, tendo as competencias para a aprobación (e anulación) das normas militares españolas, así como para ditar as resolucións de ratificación e implantación (e de derogación) dos Acordos de Normalización da OTAN (ou, abreviadamente, STANAG)⁵.

Este director xeral está asesorado de xeito permanente pola Comisión de Normalización, que lle propondrá a aprobación (ou anulación) das normas militares españolas, así como a ratificación e implantación (ou derogación) dos STANAG de materiais⁶.

Agora ben, a execución concreta da política de normalización correspóndelle ao Organismo de Normalización de Defensa, que está conformado polos servizos de normalización dos Exércitos e do Órgano Central, así como pola oficina de normalización da Garda Civil, e cuxa xefatura lle corresponde ao subdirector xeral de Inspección e Regulación. A súa secretaría permanente recae na Unidade de Normalización da Área de Regulación Industrial da dita subdirección xeral. As súas funcións, no que aquí nos concirne, consisten en presentarlle á Comisión de Normalización, por un lado, a proposta de aprobación (e anulación) das normas militares españolas; e, por outro, os expedientes de ratificación e implantación (e de derogación e revisión) dos STANAG de materiais⁷.

2.4. Os froitos da normalización militar: as normas militares españolas e os STANAG de materiais

Existen dous tipos de documentos técnicos básicos con efectos sobre os materiais das Forzas Armadas en España: por un lado, as normas militares españolas, que despregan os seus efectos no ámbito territorial hispano; e por outro, os STANAG da OTAN, que afectan aos distintos países socios da Alianza Atlántica, que teñen

⁵ Art. 6 c) RNMM.

⁶ Art. 7 a) RNMM.

⁷ Art. 8 RNMM.

exércitos nacionais diversos entre si, e que hai que coordinar para que poidan exercer as súas funcións militares de natureza multilateral.

A) As normas militares españolas de materiais.

O froito da normalización militar española son as normas militares españolas de materiais, que son uns documentos que recollen especificacións técnicas aprobadas polo Ministerio de Defensa, que periodicamente aproba o Plan Anual de Normalización, recollendo as súas necesidades normalizadoras no ámbito dos materiais.

Estas normas deben servir para cubrir “as necesidades que requiran os artigos de abastecemento, sistemas e servizos técnicos do Ministerio de Defensa”⁸, sendo obrigatorias no ámbito de actuación deste departamento ministerial, de tal forma que as autoridades militares deben coñecer a súa existencia e exixir o seu cumprimento (por exemplo, á hora de redactar os pregos de prescricións técnicas). Estas normas revisaranse polo menos cada tres anos, ou nun tempo menor se fose necesaria a súa actualización.

As normas militares españolas poden coexistir con normas civís. Cando isto suceda, poden aplicarse estas últimas “sempre que conveña”, e poden imporse como obrigatorias cando así o exixa unha disposición da Administración xeral do Estado, unha norma militar española ou os pregos de prescricións técnicas⁹.

No seu procedemento de xeración, distinguiranse as seguintes fases: en primeiro termo, a de iniciación e de elaboración; en segundo termo, a de coordinación e de ditame; en terceiro termo, a de decisión; e, en cuarto termo, a de numeración e de publicación ou de comunicación da resolución¹⁰.

- a) A fase de iniciación e de elaboración ten a súa orixe nunha proposta de norma por calquera dos servizos militares de normalización, que se comunicará ao resto dos servizos. Neste momento procederase ao estudo da potencial existencia dunha normativa civil ou militar equivalente. De existir esta, a Comisión de Normalización poderá rexeitar a iniciativa. Pola contra, e en caso de non existir esa normativa técnica, será redactada unha proposta de norma pola oficina de normalización designada.
- b) A fase de coordinación e de ditame serve para que a proposta sexa corrixida e aprobada polo servizo normalizador de quen dependa a oficina, para deseguido ser remitida ao servizo normalizador do órgano central, que se coordinará cos restantes servizos de normalización, podéndose crear grupos de estudo non permanentes para colaborar na redacción da norma. Este texto será remitido polo Organismo de Normalización de Defensa á Comisión de Normalización para o seu ditame de conformidade.

⁸ Art. 12 RNMM.

⁹ Art. 14 RNMM.

¹⁰ Art. 13 RNMM.

- c) A fase de decisión está protagonizada polo director xeral de Armamento e Material, que aprobará definitivamente o texto da norma militar, logo da declaración de conformidade da Comisión de Normalización.
- d) A fase de numeración e de publicación será executada pola Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Defensa, que será o órgano responsable da numeración e da publicación da norma no *Boletín Oficial del Estado*. A publicación oficial das normas militares circunscribírase ás súas referencias, isto é, á súa numeración e ao seu título, pero non ao seu texto completo.

Ademais, isto sucederá así salvo que se trate dunha norma clasificada, caso en que a publicación se substituirá por unha resolución comunicada.

B) Os STANAG OTAN de materiais.

A palabra STANAG é un acrónimo do termo inglés “STANardization AGreement”, que traducido ao galego é un Acordo de Normalización OTAN. Este documento normalizador establece un acordo dos membros da Alianza Atlántica para implantar un estándar (no noso caso, de materiais) co obxecto de conseguir a interoperabilidade dos exércitos dos diferentes países membros. Pénsese que, sen unha harmonización dos materiais (e das regras de operatividade e das administrativas), as forzas armadas de cada Estado dificilmente poderían operar de xeito conxunto coas doutros Estados por moi aliados que fosen.

As tarefas harmonizadoras neste campo son realizadas fundamentalmente, a nivel da Alianza, polo seu Comité para a Normalización (Committee for Standardization), que opera baixo a dependencia do Consello do Atlántico Norte (North Atlantic Council). O órgano español que participa no proceso de normalización dentro da OTAN é a Subdirección Xeral de Inspección e Regulación.

Estes STANAG de materiais poden ser ratificados ou “implantados” por cada Estado membro da Alianza (como pode ser España). A simple “ratificación” supón un compromiso oficial de cumprir total ou parcialmente un dos ditos acordos, pero sen a obriga real de aplicalo. A “implantación” leva consigo un compromiso oficial por parte dun país de cumprir o acordo, podendo ser con reservas (o que significa un compromiso a un cumprimento parcial) ou sen reservas (o que equivale a un cumprimento total). En fin, un STANAG implantado sen reservas será obrigatorio, para o caso español, no ámbito do Ministerio de Defensa, debendo “os organismos responsables da adquisición e mantemento de material (...) coñecer o seu contido e exixir o seu cumprimento”¹¹, mentres que nos STANAG simplemente ratificados, aínda que non son obrigatorios, “recoméndase o uso das partes do seu contido que, podendo ser aplicadas, conveñan ao servizo”¹².

¹¹ Art. 15.1 RNMM.

¹² Ídem.

Por outro lado, a OTAN, como organización internacional emisora, pode cancelar (ou anular) un destes acordos, mentres que cada Estado pode singularmente “derrogar” para o seu territorio un destes.

O procedemento para a ratificación e para a implantación de STANAG consta das seguintes fases: en primeiro termo, a de iniciación e de elaboración; en segundo termo, a de coordinación; en terceiro termo, a de decisión; e, en cuarto termo, a de numeración e de publicación ou comunicación.

- a) A fase de iniciación e de elaboración empeza coa recepción da solicitude de ratificación do STANAG (*ratification request*) proveniente da OTAN. Durante esta fase, realizaranse “os estudos pertinentes para determinar a necesidade, acerto e oportunidade de implantar ou ratificar no nivel nacional o STANAG de material proposto, e as condicións ou reservas pertinentes”¹³. Neste sentido, poderán solicitarse informes de órganos do departamento, sendo preceptivos os da asesoría xurídica ou, en caso de que se derivasen dereitos ou obrigas económicas, os da intervención competente. Mesmo poderán crearse grupos de estudo non permanentes para a súa análise.
- b) A fase de coordinación serve para que a Comisión de Normalización do Ministerio de Defensa poida facer observacións ou, se é o caso, modificacións do expediente.
- c) A fase de decisión permite que o director xeral de Armamento e Material dite a resolución de aprobación pertinente, unha vez solicitada a previa conformidade da Comisión de Normalización sobre o expediente correspondente.
- d) A fase de numeración e de publicación ou comunicación posibilitalle ao referido director xeral o traslado dos expedientes dos STANAG implantados á Secretaría Xeral Técnica para a súa numeración e para a publicación das súas referencias (isto é, do seu código numérico e do seu título, que non do seu contido) no *Boletín Oficial del Ministerio de Defensa*, sendo, como regra xeral, o documento español de implantación o propio STANAG, salvo que sexa necesaria unha publicación nacional.

Os STANAG que fosen clasificados daranse a coñecer mediante resolución comunicada, mentres que os que fosen unicamente ratificados non se publicarán, aínda que se dará conta deles aos organismos de coordinación e de control.

En caso de que España queira derrogar un acordo de normalización da OTAN, ou que, simplemente, se queira cambiar a postura do noso Estado, tramitarase un novo procedemento ao respecto, mentres que, se é a Alianza Atlántica quen cancela un STANAG, non se requirirá para a súa anulación que España inicie un procedemento nesta dirección, senón que abundará con que o director xeral de Armamento e Material anule directamente a súa implantación.

¹³ Art. 15.3 RNMM.

3. A homologación militar de materiais

3.1. O concepto de homologación de produtos nos ámbitos civil e militar

A homologación é un control técnico realizado por unha terceira parte independente do fabricante do produto, que neste caso é a Administración militar. A definición legal civil desta técnica en España consiste na “certificación por parte dunha Administración pública de que o prototipo dun produto cumpre os requisitos técnicos regulamentarios”¹⁴. No que aquí interesa, esta avaliación da conformidade obrigatoria realízase tomando como parámetro para esa certificación as normas militares españolas ou os STANAG da OTAN, referidas unhas e outros aos materiais.

A diferenza do que adoita ser normal cos controis técnicos de aplicación de normas técnicas privadas que teñen carácter *ex post*, a homologación do produto presenta unha natureza previa, pois só se o prototipo militar respecta a normativa obrigatoria poderá procederse á súa fabricación a escala. Primeiro certifícase que o prototipo cumpre a normativa técnica aplicable, tras superar os controis técnicos efectuados para tal efecto directamente pola Administración, co que se pode fabricar a escala, para despois comprobar *a posteriori* se os diferentes produtos fabricados conforme o prototipo oficialmente aprobado se axustan a este, ben comprobando todos os produtos ou ben facendo un control aleatorio da produción. A homologación é, polo tanto, unha autorización cun alcance limitado no tempo, de tracto sucesivo, cun carácter regulado e con natureza executiva, cuxo outorgamento lle corresponde á Administración militar, dependente en exclusiva da Administración xeral do Estado¹⁵ (Álvarez García, 2014: 2162 e ss.).

A regulación desta técnica para o campo dos materiais militares realízase no Regulamento de homologación de produtos de específica utilización no ámbito da defensa, aprobado polo Real decreto 165/2010, do 19 de febreiro (RHD). Este texto pretende recoller “nun só corpo normativo as disposicións que regulan a súa aplicación”, co fin de lograr “unha maior calidade e seguridade xurídica” (preámbulo do citado real decreto).

Desde unha perspectiva militar, a homologación consiste na “certificación por parte do Ministerio de Defensa de que un determinado sistema de armas, equipamento, produto ou proceso técnico cumpre as normas ou especificacións que se determinen como aplicables”¹⁶. Estas normas de referencia poderán ser militares, pero tamén civís, e tanto de ámbito nacional como estranxeiro¹⁷.

¹⁴ Art. 8.7 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

¹⁵ O art. 149.1.4.ª CE establece que: “O Estado ten competencia exclusiva sobre as seguintes materias: (...) 4.ª Defensa e Forzas Armadas”.

¹⁶ Art. 1.1 do Regulamento de homologación de produtos de específica utilización no ámbito da defensa, aprobado polo Real decreto 165/2010, do 19 de febreiro (RHD).

¹⁷ Art. 5.1 RHD.

A realización deste control técnico supón testemuñar que un determinado material¹⁸ cumpre coas normas de referencia, para o que poden realizarse as probas, ensaios, controis, cálculos, análises e avaliacións técnicas que sexan necesarios.

O resultado final deste control consiste na expedición dun certificado de homologación por parte do director xeral de Armamento e Material mediante o que se dá fe de que un material respecta as normas ás está obrigatoriamente sometido.

No ámbito da defensa, este referido director xeral pode establecer produtos de homologación obrigatoria, pero os fabricantes poderán tamén solicitar a homologación de xeito voluntario.

O artigo 4.2 RHD establece as categorías de produtos que deberán estar sometidos a unha homologación obrigatoria. A saber:

a) Produtos cuxo fallo puidese facer perigar o cumprimento dunha misión, ou cuxo funcionamento debe considerarse seguro, tanto desde o punto de vista operativo como respecto á seguridade e supervivencia das persoas e cousas.

b) Produtos que por necesidades operativas ou requirimentos loxísticos sexan propostos polos exércitos.

c) Produtos para os que se requira unha calidade e fiabilidade especiais polos requirimentos dos servizos que prestan ou pola importancia intrínseca do sistema de armas, equipamento, etc., ao que serven.

d) Produtos en que certas probas de comprobación dos seus requisitos técnicos sexan complexas, custosas ou de longa duración.

e) Produtos cuxa homologación obrigatoria derive da aplicación de acordos establecidos entre o Ministerio de Defensa e organismos internacionais”.

3.2. As autoridades e órganos administrativos competentes en materia de homologación militar

A autoridade nacional española de homologación en materia de material militar é o director xeral de Armamento e Material, que é o órgano competente para asinar as resolucións e expedir os certificados de homologación nacionais, tendo a potestade, ademais, para a aceptación dos produtos homologados polas correspondentes autoridades de control técnico doutros países membros da Alianza Atlántica que apliquen STANAG implantados en España¹⁹.

Esta autoridade militar está asistida por diferentes órganos na realización das súas tarefas de homologación. A saber:

¹⁸ O Regulamento de homologación de produtos de específica utilización no ámbito da defensa refírese aos materiais coa denominación de “produto”, que se define como “sistema de armas, equipamento, produto propiamente dito ou proceso técnico, e inclúirá materiais, artigos, elementos, compoñentes, conxuntos e subconxuntos” (art. 2).

¹⁹ Art. 7 RHD.

- A) A Comisión de Homologación da Defensa, que ten entre as súas funcións, as de establecer, modificar ou suprimir criterios de homologación obrigatoria de produtos, por un lado, e de elaborar plans ou programas sobre homologación, por outro²⁰.
- B) A Comisión Técnico-Asesora de Homologación, entre as competencias da cal se atopan as de, en primeiro termo, velar pola aplicación dos criterios establecidos para a homologación de produtos e polo cumprimento dos programas previamente planificados; en segundo termo, decidir sobre a normativa a aplicar e requisitos a cumprir en cada proceso de homologación; en terceiro termo, propoñer a designación de centros de actividade técnica para os procesos de homologación; en cuarto termo, realizar o seguimento e vixilancia das actuacións dos centros e laboratorios nos procesos de homologación; e, en quinto termo, propor as resolucións e certificacións de homologación ao director xeral de Armamento e Material²¹.
- C) Os organismos promotores da homologación, que terán as dúas funcións seguintes: por un lado, a proposta de establecemento, modificación ou supresión de criterios de homologación obrigatoria; e, por outro, a indicación dos produtos cuxa homologación deba ser obrigatoria, de acordo cos criterios de homologación previamente establecidos. Neste último caso, os órganos promotores ou “orixinadores” sinalarán as normas en que deberá basearse o proceso de homologación. Son organismos promotores os seguintes: o Estado Maior da Defensa, os Exércitos, os órganos centrais do Ministerio de Defensa, a Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil (ámbito do Corpo da Garda Civil), o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA) e a Canle de Experiencias Hidrodinámicas de El Pardo (Cehipar)²².
- D) Os centros que realizan a actividade técnica homologadora serán designados polo director xeral de Armamento e Material, por proposta da Comisión Técnico-Asesora de Homologación, que examinará as condicións de capacidade e de competencia destes. Esta designación será, en todo caso, publicada nos boletíns oficiais do Estado e de Defensa²³.

Os ensaios necesarios para a homologación deberán realizarse en laboratorios previamente acreditados pola Entidade Nacional de Acreditación (ENAC), seguindo a correspondente normativa UNE-EN ISO/IEC²⁴.

²⁰ Art. 8 RHD.

²¹ Art. 9 RHD.

²² Art. 10 RHD.

²³ Art. 11 RHD.

²⁴ Art. 11.6 RHD.

3.3. O procedemento de homologación de produtos no ámbito da defensa

O procedemento administrativo relativo á homologación de materiais de defensa conta coas seguintes fases:

A) O procedemento comeza mediante unha solicitude de homologación do fabricante (ou importador) dirixida ao director xeral de Armamento e Material, á que se achegará a documentación regulamentariamente exixida²⁵.

Esta solicitude será analizada pola Comisión Técnico-Asesora de Homologación, comprobando o contido da documentación achegada. Esta comisión admitirá ou, se é o caso, inadmitirá a solicitude. Neste último suposto poderá interperse recurso de alzada ante o citado director xeral de Armamento e Material²⁶.

B) En caso de que sexa aceptada a solicitude, a Comisión Técnico-Asesora de Homologación adoptará unha destas dúas decisións²⁷:

a) A proposta, sen máis trámite, da homologación do produto no caso de que a documentación achegada o permita.

No suposto da importación de produtos homologados no país de orixe, esa homologación poderá ser validada tras un estudo da documentación que a sustenta, podendo terse en conta a existencia de acordos de reciprocidade²⁸.

b) A proposta de realización das actividades técnicas que procedan (ensaios, probas, etc.), designando un centro ou laboratorio competente. Este trámite rematará cun ditame preceptivo.

Neste suposto, o solicitante presentalle ao centro ou laboratorio correspondente unha proposta de programa de homologación, elaborando o citado centro ou laboratorio un programa definitivo, que deberá ser aprobado pola Comisión Técnico-Asesora de Homologación.

Unha vez realizadas as actividades técnicas oportunas, o centro ou o laboratorio emitirá un informe preceptivo, que conterá, se é o caso, “atestación de conformidade, en que se especifique o resultado dos traballos realizados e a súa avaliación”.

²⁵ Art. 14 RHD.

²⁶ Art. 15, apartados 1 e 2, RHD.

²⁷ Art. 15, apartados 4 e ss., RHD.

²⁸ Art. 14.3 RHD.

C) A resolución do procedemento correspóndelle ao director xeral de Armamento e Material, tras proposta da Comisión Técnico-Asesora de Homologación, que debe ter en conta no seu informe o resultado das referidas actividades de homologación, así como o historial do solicitante en relación coas homologacións previamente concedidas²⁹.

O contido da decisión versará sobre os datos de identificación do produto, as normas que serviron de base ao procedemento de homologación e o período de vixencia desta, que será, como regra xeral, de dous anos, renovables.

A resolución será notificada ao fabricante solicitante, expedíndose un certificado de homologación, e publicándose no *Boletín Oficial del Estado* e no *Boletín Oficial del Ministerio de Defensa*.

En caso de desestimación da homologación, caberá recurso de alzada ante o secretario de Estado da Defensa.

O fabricante conservará a documentación que serve de base á homologación, así como os correspondentes prototipos.

D) A produción debe seguir na súa fabricación o prototipo homologado. O control da dita produción debe ser realizado pola Área de Inspeccións Industriais da Dirección Xeral de Armamento e Material³⁰.

E) En caso de incumprimento doloso das condicións da homologación, esta poderá ser deixada sen efecto (logo do correspondente procedemento contraditorio), xerándose, ademais, as responsabilidades pertinentes. Estas mesmas responsabilidades concorrerán no suposto de que a fabricación en serie non se correspondese co prototipo homologado³¹.

4. Conclusión

A posición xeoestratéxica da Unión Europea en xeral, e de España en particular, véñse vendo comprometida desde a invasión rusa de Ucraína, e, lonxe de ir despexándose a situación que nos atenazaba, viuse aínda máis comprometida coa negativa de Trump de que os Estados Unidos sigan contribuíndo á defensa europea nas mesmas porcentaxes orzamentarias en que o viñan facendo ata agora.

Este novo escenario está provocando o incremento moi significativo do gasto público en defensa no seo de todos e cada un dos Estados socios do club atlántico. Unha parte fundamental deste gasto está destinado ao fortalecemento da industria

²⁹ Art. 16 RHD.

³⁰ Art. 18 RHD.

³¹ Arts. 13.2 e 16.6 RHD.

de armamento europea e nacional, incrementando exponencialmente as súas capacidades, de tal maneira que poidamos pensar en tender a unha busca da nosa soberanía neste importante segmento industrial durante os próximos anos.

Esta situación en que agora estamos a entrar exige, indefectiblemente, dispor dunha industria militar de materiais onde, igual que na civil, poidamos empregar dúas estruturas esenciais para o seu desenvolvemento: por un lado, a realización de normas técnicas destinadas a rexer a fabricación de produtos en España e na OTAN (tolerancias, interoperabilidade, seguridade, etc.); e, por outro, o establecemento de sistemas públicos de avaliación da conformidade ou, máis abreviadamente, homologacións dos produtos e materiais con respecto ás referidas normas.

Estas técnicas puxéronse moi de moda na industria civil, pero non sabemos aínda realmente moito do seu crucial papel na esfera militar. Este oco é, precisamente, o que se tende a empezar a cubrir coas liñas que anteceden.

Bibliografía básica

Álvarez García, V., *La normalización industrial*, Tirant lo Blanch, Valencia, 1999.

Álvarez García, V., *Industria*, Iustel, Madrid, 2010.

Álvarez García, V., “La técnica administrativa de la homologación de productos”. En Soriano García, J. E. e Estepa Montero, M. (Coords.), *Por el derecho y la libertad. Libro homenaje al Profesor Juan Alfonso Santamaría Pastor*, Iustel, Madrid, 2014.

Carrillo Donaire, J. A., *El derecho de la seguridad y de la calidad industrial*, Marcial Pons, Madrid, 2000.

Franck, P., *La normalisation des produits industriels*, P.U.F., París, 1981.

Izquierdo Carrasco, M., *La seguridad de los productos industriales*, Marcial Pons, Madrid, 2000.

Pavón, R., “La normalización en España y en el mundo”, *Economía Industrial*, 1986.

Tarrés Vives, M., *Normas técnicas y ordenamiento jurídico*, Tirant lo Blanch, Valencia, 2003.



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 69_xaneiro-xuño | pp. 47-68
Santiago de Compostela, 2025
<https://doi.org/10.36402/regap.v2i69.5253>
© Luis Miguel García Lozano
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371
Recibido: 10/02/2025 | Aceptado: 26/06/2025

Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License

A concesión de augas en Italia para a xeración de enerxía hidráulica: ante o reto da súa modernización

La concesión de aguas en Italia para la generación de energía hidráulica: ante el reto de su modernización

Water Concessions in Italy for Hydropower Generation: The Challenge of Modernisation

69 Regap

Regap



ESTUDIOS

LUIS MIGUEL GARCÍA LOZANO
Profesor Titular de Dereito Administrativo
Universidade de Granada

Resumo: Neste estudo tratamos de analizar os principais problemas que ao noso xuízo presenta o réxime de concesión administrativa de saltos de auga con fins de xeración de enerxía hidroeléctrica. Observamos unha clara decantación do sistema cara a unha serie de posicións dominantes por parte dun dos sectores intervinientes, en parte xustificada polo artigo 43 da Constitución italiana, aínda que isto vai claramente en contra da regulación da libre competencia da Unión Europea.

Palabras clave: Enerxía hidroeléctrica, xeración de enerxía, demanio público hidráulico, concesión pública.

Resumen: En el presente estudio hemos tratado de analizar los principales problemas que a nuestro juicio arroja el régimen de concesión administrativa de saltos de agua con fines de generación de energía hidroeléctrica. Observamos una clara decantación del sistema hacia una serie de posiciones dominantes por parte de uno de los sectores intervinientes, en parte justificado por el artículo 43 de la Constitución italiana, aunque esto va claramente en contra de la regulación de la libre competencia de la Unión Europea.

Palabras clave: energía hidroeléctrica, generación de energía, demanio público hidráulico, concesión pública.

Abstract: In this study we have tried to analyze the main problems that, in our opinion, arise from the administrative concession regime of waterfalls for the purpose of hydroelectric power generation. We observe a clear decantation of the system towards a series of dominant positions on the part of one of the intervening sectors, partly justified by article 43 of the Italian Constitution, although this clearly goes against the regulation of free competition of the European Union.

Key words: Hydroelectric power, power generation, hydraulic public demand, public concession.

SUMARIO: 1. Introducción. 2. O réxime xurídico das augas públicas en Italia. Breve exame do estado da cuestión. 2.1. A creación do Rexistro de Augas e do Rexistro de Usuarios da Administración italiana. 2.2. As concesións de auga para a xeración de enerxía eléctrica. 3. O procedemento para as novas concesións de demanio público hidráulico en Italia. 4. Conclusións. 5. Bibliografía. 6. Recursos electrónicos.

1. Introducción

Pola contra, esta actuación administrativa non procedería cando si existise algunha que fose incompatible coa primeira petición pola que se cursaría o primeiro expediente. Por solicitude diversa entendemos a que non garde identidade con outra previamente cursada, non só de xeito total, senón en calquera dos seus elementos. De non existir a devandita identidade total, non pode acumularse a un expediente administrativo previamente incoado. Polo tanto, se se presentase algunha que non gardase compatibilidade coas restantes, incoaríase un expediente distinto e á parte para esta solicitude que decidirá sobre a pertinencia ou non da concesión do uso, en contraposición coas derivacións solicitadas no expediente precedente e común ás outras peticións.

Neste último caso, terá un prazo de instrución de 90 días desde a publicación na Gaceta Oficial da República italiana do aviso relativo á primeira solicitude. Unha vez iniciado o expediente, os funcionarios realizarán inspección *in situ* dos lugares

Regap



ESTUDOS

afectados e propostos, co obxecto de comprobar o uso máis axeitado e pertinente, de acordo coas solicitudes presentadas para as derivacións. A esta visita permitírase a asistencia e concorrencia de todos os interesados nos expedientes en cuestión, así como os posibles afectados por eles e que pasarían a ter a mesma consideración. Igualmente, terán dereito a que sexan informados de maneira detallada sobre a instrución, de conformidade coas exixencias do Real decreto de 1934, pero tamén do Decreto legislativo que regula o procedemento administrativo de 1991.

En caso de que o expediente veña causado por varias solicitudes no mesmo sentido, poranse en evidencia as calidades máis beneficiosas de cada unha delas en atención ao uso máis racional do recurso, valorando os intereses públicos conectados. Este labor de comparación terá como fin que todas estas variables sexan ponderadas, sempre tendo en conta o principio de respecto ao medio e de menor dano ambiental, tendo en conta a normativa europea recepcionada de xeito moi intenso na lexislación italiana plasmada no principio *qui inquinat paga* –quen contamina paga–¹⁹, recollido no artigo 3-ter do Decreto legislativo n.º 152/2006, do 3 de abril, de normas en materia ambiental, concordante co artigo 174.2 do Tratado da Unión Europea.

A todo iso debemos engadir unha especialidade para os casos de grandes derivacións de auga, e é que, nos expedientes con tal obxecto, o lexislador exige que nas inspeccións oculares debe citarse e concorrer un funcionario procedente do organismo de cunca competente, así como representantes doutros ministerios como o de Defensa, para que poidan manifestar o seu parecer. Así mesmo, poderá ser invitado a participar o ministerio que teña atribuída a competencia de transportes²⁰ e o de Agricultura²¹ se pola deriva do expediente se vise necesario ao afectar ás súas competencias. Verdadeiramente, non se trataba dunha invitación en puridade, dado que son órganos da mesma Administración pública. En realidade, o que supón esta previsión é que, durante a tramitación se emprazarán os técnicos dos ditos departamentos para que emitan os correspondentes informes. Tan certo é que a localización debe determinarse nun momento inicial da tramitación como é a inspección ocular realizada na zona, coa intención de que *in situ* poidan facer manifestacións orais para documentar posteriormente nos informes referidos.

Esta previsión non modifica en absoluto a competencia para ditar a resolución sobre a concesión. A competencia material tena atribuída o ministro de Medio Ambiente, Protección do Territorio e do Mar, segundo a actual repartición de delegacións realizada polo Goberno actual²², de tal xeito que a afección ao resto de departamentos non é senón meramente incidental. Entre varias cuestións concorrentes, unha vez concluída a instrución, prefírese por parte do lexislador a que, ou ben a soas, ou ben en conexión con outros usuarios concedidos ou solicitados, presente o uso máis racional dos recursos hídricos en relación coa instalación que pretenda desenvolver.

¹⁹ Sobre a pertinencia do procedemento de valoración do impacto ambiental, *vid.*: GENTILE, G., GONNELLI, P.; *Manuale di Diritto dell'energia*, Giuffrè Editore, Milano, 1994, p. 241 e ss.

²⁰ Hoxe Ministerio de Infraestruturas e Transportes.

²¹ Hoxe Ministerio de Políticas Agrícolas, Alimentarias e Forestais.

²² Así quedou reflectido tamén no artigo 7, apartado 5, do Decreto legislativo n.º 152/2006, do 3 de abril.

Deste modo, apóiase a nosa interpretación anteriormente manifestada de que non só nas concesións se poida facer uso dunha valoración racional, senón tamén nas denegacións malia mediar informe positivo do Consello do Ministerio.

Para iso, o propio lexislador incluíu diversos criterios segundo os cales poder valorar esta premisa, como son:

- a) O nivel actual de satisfacción das necesidades esenciais dos competidores tamén por obras públicas de auga ou servizos de rega, evitando calquera dilapidación e destinando preferentemente recursos cualificados para uso potable.
- b) As posibilidades reais dun mellor aproveitamento das fontes en relación co uso.
- c) As características cuantitativas e cualitativas do corpo de auga.
- d) A cantidade e calidade da auga devolta en comparación coa retirada. Priorízanse as concesións que aseguren a devolución da maior cantidade de fluído hídrico²³.

Finalmente, a instrución tratará de pór de relevo cal das peticións e, a fin de contas, cal das implantacións propostas nos proxectos presentadas garantiría a maior rendibilidade no uso da auga en relación cos obxectivos de calidade desta e dos recursos hídricos dispoñibles.

En caso de múltiples solicitudes simultáneas para usos industriais, tamén se inclúe un argumento de preferencia, como é que o solicitante se adhira ou se adherise a calquera sistema que clasifique a calidade dos procesos ou a calidade ambiental, como o sistema ISO 9001 ou ISO 14.001²⁴, ou o sistema a que se refire o regulamento CEE n.º 1836/93 do Consello, do 29 de xuño de 1993, sobre adhesión voluntaria de empresas do sector industrial a un sistema comunitario de ecoxestión e auditoría²⁵. A intelixencia desta norma pretende favorecer un control previo que libera a Administración avaliadora da solicitude de máis carga de traballo, ao evitar ter que instruír ela os expedientes, deixándoo en mans de entes colaboradores que realizan estas auditorías.

Se durante a instrución do expediente se albiscase que hai igualdade de condicións entre diversas solicitudes presentadas, para outorgar a concesión optárase a favor da que ofrezca maiores e probadas garantías técnicas, medidas financeiras e económicas de inmediata execución e uso.

De se determinar que os proxectos son substancialmente equivalentes entre as distintas solicitudes presentadas en competencia, aínda que nalgunhas das cursadas *a posteriori* o uso fose máis amplo, establécese unha regra xeral pola que se optará preferentemente pola primeira solicitude cando non prevalezan razóns de interese público.

²³ GRATANI, A.; "La "tutela quantitativa" della risorsa idrica", en COCCO, G; *La tutela delle acque dopo il D. L. G. N. 152 del 1999*, Giappichelli Editore, Torino, 2000, p. 101.

²⁴ *Opus cit. supra*, p. 102.

²⁵ Nada se di na norma sobre o sistema europeo, pero entendémolo parangonable ao anterior, como ocorre en España.

Se, aínda así, a similitude entre as peticións fose manifesta e clara, e non houberese criterio polo que ponderar unha opción sobre outra, á falta doutras condicións preferentemente, aplicarase o principio de *prius in tempore, potior in iure*, outorgándolle a concesión da derivación hídrica á que entrase no rexistro en primeiro lugar.

Deste xeito, *de facto*, favorécese que o primeiro solicitante estea obrigado a propor implementar o uso máis amplo posible, de cara a maximizar a utilización correcta do recurso hídrico. A decisión final sobre un proxecto ou outro tomaraa directamente o ministro, mediando previamente informe pericial emanado polo Consello Superior do Ministerio, xa referenciado. Todo este sistema é o resultado da modificación no seu momento obrada polo artigo 23 do Decreto legislativo número 152 de 1999, que pormenorizou os criterios para mellorar as solicitudes de concesión para calquera tipo de uso industrial²⁶. Desta forma, procedíase a actualizar os requisitos previstos no Real decreto para uso hidroeléctrico de 1933.

O criterio da maximización na obtención de beneficios ou a máxima devolución da auga derivada serán os que presidirán. Non obstante, como sinala Adabella Gratani²⁷, pouco a pouco, a existencia de que a actividade estea certificada segundo a Norma ISO 14001 foi gañando peso. Así pois, están a favorecer a adhesión voluntaria a estas prácticas en favor do medio ambiente. A norma de reforma de 1999 tamén estableceu un prazo máximo de concesión, cunha duración máxima de 40 anos para o uso de rega e 30 anos para o resto de usos para os que se solicitase derivación hídrica. Este é o criterio xeral imperante aínda²⁸.

Non obstante, exceptúase o uso con fins hidroenerxéticos, aínda que tamén o artigo 36 lles impuxo o pagamento máis elevado dos que existan no momento da concesión²⁹. Unha vez que se aprobou a concesión da derivación, será o ministerio, como autoridade competente, quen fixe as condicións e a modalidade de utilización, presidindo sempre os criterios de:

- Aforro de auga.
- Reutilización.
- Reciclahe do recurso hídrico con devolución do sobrante.

Debe dicirse que a autorización para uso da auga, como en todo o tocante ao réxime do demanio público hidráulico en Italia, ha de ser expresa, o que supón unha clara prohibición de que as resolucións se concedan de xeito tácito ou presunto³⁰, como regra xeral.

²⁶ GRATANI, A.; "La "tutela quantitativa" della risorsa idrica", en COCCO, G; *La tutela delle acque dopo il D. L. G. N. 152 del 1999*, Giappichelli Editore, Torino, 2000, p. 100.

²⁷ *Opus cit. supra*, p. 102.

²⁸ *Opus cit. supra*, p. 105.

²⁹ En concreto, esta previsión recóllese no apartado segundo do citado artigo 36 do Real decreto de 1933.

³⁰ AMENDOLA, G.; *Nuove disposizioni contro l'inquinamento idrico*, Giuffrè Editore, Milano, 1999, p. 55. Neste caso, o prof. Amendola recolle a obriga de autorización para calquera uso da auga, incluída a emisión e descarga de residuos contaminantes nela.

4. Conclusións

Unha vez examinado o traballo que nos centraba, analizadas as cuestións e problemáticas que presenta o réxime xurídico dun ben tan necesario e universal como é a auga, cunha regulación tan cambiante e adaptativa e, asemade, tan complexa, chegamos ás seguintes conclusións:

Primeira.- O réxime regulador das concesións administrativas no caso italiano está claramente dirixido a evitar que o control sobre as empresas que teñen no seu obxecto a realización, xeración e subministración da enerxía eléctrica saia de mans patrias. A xeración e universalización da enerxía é algo propio da nosa era tecnolóxica. A pesar de que non tivese acceso aínda aos chamados dereitos humanos, o certo é que, nestes días en que se fala de pobreza enerxética e a necesidade do abaratamento de custos da xeración e subministración da enerxía, se impón a necesidade dun control maior sobre este sector, moitas veces deixado á súa autorregulación, sobre todo no tocante á enerxía que explota demanios públicos, como é o caso da que nos ocupa neste traballo.

Non obstante, no caso italiano optaron por evitar que o control sobre as mercantís que realizan estes procesos saia do país, pois, a fin de contas, esa dependencia pode levar consigo riscos importantes para a macroeconomía en xeral, e para a microeconomía das clases medias en particular.

Como consecuencia do dito desexo, a lexislación italiana nunca se apartou de dar certa preferencia ás mercantís italianas e, en concreto, á que tradicionalmente foi propiedade enteira do Estado. Aínda que ese proceso se interrompeu debido á normativa europea de liberdade de mercado e libre competencia, o sistema conseguiuse reconducir para manter un *statu quo* parecido ao de hai unha década, que, ao noso parecer, quebra a normativa propia do libre mercado europeo, xa que obstaculiza o ingreso en igualdade de condicións no sistema enerxético italiano a calquera empresa europea.

Segunda.- Salvo no referido na anterior conclusión, a regulación italiana dista pouco da hexemónica existente en Europa, no tocante á concesión administrativa do dominio público hidráulico italiano, tendo en conta que o seu punto de partida correu paralelo ao doutras realidades normativas europeas, polo que a influencia estaba máis que garantida por razóns obvias.

Terceira.- No entanto, o réxime xurídico suscita dúbidas importantes, como a existencia de procedementos dispares e especiais que baleiran de contido os xerais, polo que se producen excepcións que, como xa dixemos no corpo do texto, deberan ser eliminadas.

Cuarta.- A regulación tende a conservar o aproveitamento dos saltos de auga nas mans en que está e evitar que saia dos actuais titulares a súa explotación. Isto non é banal, pois pretende evitar unha apertura a outros Estados do mercado hidroeléctrico italiano, algo que xa censurou a Administración europea, pero que, na medida en que non se puxo en dúbida a nivel xudicial, nada se dixo sobre iso. Claramente, isto vai contra os principios europeos e consolida nunha cómoda situación de oligopolio o



sistema eléctrico italiano, que impide unha verdadeira competencia e, polo tanto, unha baixada de prezos para os consumidores e usuarios do último recurso.

Quinta.- Aínda que se operaron modificacións no réxime legal das concesións malia a exaxeración do lexislador, estas non foron de calado nin achegaron unha verdadeira mellora do réxime dirixida a consolidar unha competencia ampla ou, polo menos, real, a nivel europeo. Imponse, en consonancia coa anterior conclusión, cambiar a lexislación de cara a abrir a concesión de novos saltos de auga a empresas xeradoras de fluído eléctrico que permitan unha mellora na súa prestación, pero tamén nos prezos.

5. Bibliografía

- AMENDOLA, G.; *Nuove disposizioni contro l'inquinamento idrico*, Giuffrè Editore, Milano, 1999.
- CAPORALE, F.; *I servizi idrici. Dimensione economica e rilevanza sociale*, Franco Angeli, s. r. l., Milano, 2017.
- GENTILE, G., GONNELLI, P.; *Manuale di Diritto dell'energia*, Giuffrè Editore, Milano, 1994.
- GIANNINI, M. S.; *Diritto Pubblico dell'economia*, Il Mulino, Bologna, 1993.
- GILARDONI, A.; *Acque Pubbliche e impianti elettrici. V. I*, Società editrice del Foro Italiano, Roma, 1935.
- GILARDONI, A.; *Acque Pubbliche e impianti elettrici. V. II*, Società editrice del Foro Italiano, Roma, 1935.
- GRATANI, A.; “La “tutela quantitativa” della risorsa idrica”, en COCCO, G; *La tutela delle acque dopo il D. L. G. N. 152 del 1999*, Giappichelli Editore, Torino, 2000.
- ACOVONE, D.; *I servizi di pubblica utilità tra Stato, mercato, regolatore e consumatore*, Il Mulino, Bologna, 2014.
- LEWANSKI, R.; *Il controllo degli inquinamenti delle acque: l'attuazione di una politica pubblica idrico*, Giuffrè Editore, Milano, 1986.
- MAMELI, B.; *Servizio pubblico e concessione. L'influenza del mercato único sui regimi protezionisti e regolamenti*, Dott. Giuffrè Editore, Milano, 1998, pp. 88 e ss.
- MARTÍNEZ, L.; “Il governo delle risorse idriche tra competenza statali e territoriali”, en GIGANTE, M.; *L'acqua e la sua gestione. Un approccio multidisciplinare*, Jovene Editore, Napoli, 2012, pp. 283-334.
- PACELLI, F.; *Le Acque pubbliche*, Unione Tipografico-Editrice Torinese, Roma, 1918.
- VETRÒ, F.; “Energia” en MENGIAMELI, S.; *I servizi pubblici locali*, G. Giappichelli Editore, Torino, 2008, pp. 395-418.
- VILLATA, R.; *Pubblici servizi. Discussioni e problema*. Giuffrè Editore, Milano, 2008.

6. Recursos electrónicos

UTILITALIA; *Pareri*, recuperado de <https://www.utilitalia.it/acqua/home>. Último acceso: 28/09/2022.



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 69_xaneiro-xuño | pp. 69-94
Santiago de Compostela, 2025
<https://doi.org/10.36402/regap.v2i69.5286>
© Carlos de Román Castro
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371

Recibido: 14/04/2025 | Aceptado: 26/06/2025
Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License

Automatización e Administración pública

Automatización y
Administración pública

Automation and public
Administration

69 Regap

Regap



ESTUDIOS

CARLOS DE ROMÁN CASTRO

Doutorando en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

Universidade de Santiago de Compostela

<https://orcid.org/0009-0007-5725-8984>

carlosde.roman@rai.usc.es

Resumo: Actualmente, a coñecida como cuarta revolución industrial está liderada polo desenvolvemento e a implementación de sistemas de IA e algoritmos. Este fenómeno internacional non é alleo ao sector público, onde, igual que coa dixitalización das administracións públicas, atoparon unha nova forma de cumprir as súas tarefas dun xeito máis eficaz e eficiente. Este novo paso na evolución da estrutura pública trae consigo novos paradigmas tanto para a democracia como para o propio dereito administrativo. Por iso, este estudo busca unha síntese non exhaustiva destas cuestións a nivel nacional, así como o seu encaixe normativo no contexto actual, caracterizado polo atraso ata a plena promulgación da RIA en 2027.

Palabras clave: Cidadáns, dereitos, decisións, transparencia.

Resumen: Actualmente, la conocida como cuarta revolución industrial está liderada por el desarrollo y la implementación de sistemas de IA y algoritmos. Este fenómeno internacional no es ajeno al sector público, donde, al igual que con la digitalización de las administraciones públicas, han encontrado una nueva forma de cumplir sus tareas de una manera más eficaz y eficiente. Este nuevo paso en la evolución

de la estructura pública trae consigo nuevos paradigmas tanto para la democracia como para el propio derecho administrativo. Por ello, este estudio busca una síntesis no exhaustiva de estas cuestiones a nivel nacional, así como su encaje normativo en el contexto actual, caracterizado por el retraso hasta la plena promulgación de la RIA en 2027.

Palabras clave: Ciudadanos, derechos, decisiones, transparencia.

Abstract: Currently, the so-called fourth industrial revolution is spearheaded by the development and implementation of AI systems and algorithms. This international phenomenon is no stranger to the public sector, where public administrations have found a new way to fulfill their duties more effectively and efficiently. This new step in the evolution of the public structure brings with it new paradigms for both democracy and administrative law. Therefore, this study seeks a non-exhaustive summary of these issues at the national level, as well as their regulatory fit in the current context, characterized by the delay until the full enactment of the RIA in 2027.

Key words: Citizens, rights, decisions, transparency.

SUMARIO: 1 Introducción. 2 Conceptualización da intelixencia artificial. 3 Intelixencia artificial na Administración. 3.1. A prol do progreso 3.2 Un fenómeno internacionalizado. 3.3 Concordancias normativas da IA na Administración. 3.4 Vantaxes do uso da IA por parte da Administración pública. 4 Problemáticas do uso da IA por parte da Administración pública. 4.1 Decisións (in)xustas e (im)perfectas. 4.2 Límites discrecionalis na utilización da IA: a cuestión da reserva de humanidade. 4.3 A despersionalización da actuación administrativa automatizada. 4.4 A transparencia: intencionalidade ou informática? 5. Reflexións conclusivas: *alea iacta est*.

1. Introducción

Entre o 10 e o 17 de febreiro de 1996, na cidade de Filadelfia (Pensilvania, EE.UU.), tivo lugar un evento sen precedentes na historia da humanidade: o superordenador impulsado por intelixencia artificial Deep Blue, desenvolvido pola multinacional americana IBM, enfrontouse nunha partida de xadrez ao campión do mundo —e considerado como o mellor xogador de xadrez da historia— Garry Kasparov. Aínda que Deep Blue logrou imporse na primeira das seis partidas, converténdose na primeira máquina en vencer un campión mundial de xadrez, Kasparov acabou levando a vitoria cun resultado de catro a dous. Un ano despois, entre o 3 e o 11 de maio de 1997, celebrouse na Cidade de Nova York (EE. UU.) o anticipado desquite, cuxo desenlace non deixaría indiferente a ninguén. Nesta ocasión, Deep Blue conseguiu a vitoria cun resultado de tres partidas gañadas, dúas perdidas e un empate, establecendo un precedente inaudito: por primeira vez na historia a máquina superou o ser humano no seu propio xogo, presaxiando un futuro no cal a intelixencia artificial deixaría de ser un soño utópico propio da ciencia ficción e converteríase nunha realidade.

Malia que na historia contemporánea tivemos múltiples mostras do potencial que estas ferramentas poñen sobre a mesa, o lento desenvolvemento da intelixencia artificial (en diante, IA), constantemente topado polas limitacións técnicas, xerou certo escepticismo por esta tecnoloxía, mesmo ante mostras tan categóricas das capacidades destas ferramentas. Non obstante, durante o último lustro —e coa pandemia como elemento catalizador— os avances e a constante integración destas ferramentas en diferentes arestas da sociedade convertéronse na nova orde,

establecéndose como *vox populi* que o futuro pasa por unha sociedade automatizada. Utilizamos día a día smartphones con IA integrada, viaxamos como turistas a outros continentes a visitar cidades intelixentes, conducimos coches autónomos que ademais se aparcen sós e fabricamos robots que son capaces de completar de forma efectiva as máis complexas operacións.

Esta «nova» tecnoloxía vai rumbo de converterse na maior revolución da historia da humanidade, transformando o que nalgún momento foron promesas e oportunidades cada vez menos equidistantes: exploración espacial autónoma, enerxía ilimitada e sostible, materiais que son capaces de autorrepararse, entre outros exemplos que eran simplemente inimaxinables ata a chegada da IA. Non é de estrañar que, ante un poder que semella omnisciente, haxa quen se vexa na tentación de abrazar o demo con fe cega, en prol da consecución do dito potencial, vulnerando os principios reitores do Estado de dereito e cristalizando os piares da democracia. Ante semellante contexto, desde a perspectiva doutrinal detrásé unha obriga ética para coa sociedade e os seus integrantes que enuncie incansablemente os desafíos actuais e vindeiros a que vai ter que facer fronte a humanidade, sobre todo cando desde este estudo cremos que estas ferramentas teñen as capacidades de facer do mundo un lugar mellor, un no cal a IA estea ao servizo da humanidade e supoña un avance que entrañe prosperidade para todos.

Un dos sectores onde a implantación da IA ten o potencial de xerar un impacto positivo na sociedade é o sector público, especialmente nas administracións públicas. Non obstante, a pesar das súas innegables vantaxes, o uso destas ferramentas na esfera pública, particularmente en España, afronta unha situación de especial vulnerabilidade ante os desafíos e problemáticas inherentes á natureza das citadas ferramentas. Ante tal conxuntura, principios reitores das actuacións administrativas como a boa administración ou a transparencia, entre outros, vense vulnerados, afectando ás bases da nosa democracia e resultando nunha mingua dos dereitos normativamente recoñecidos aos cidadáns. Este estudo busca a análise destas cuestións ás cales as administracións públicas deben anteporse, sobre todo durante o «baleiro xurídico» existente ata a plena promulgación do Regulamento (UE) 2024/1689 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xuño de 2024, polo que se establecen normas harmonizadas en materia de intelixencia artificial, a data do 27 de xullo de 2027. Por este motivo, centrarémonos no corpus normativo alleo a esta norma e, salvo referencias puntuais, non faremos referencia a ela, xa que este estudo busca contribuir a unha comprensión xusta e precisa da situación actual neste período que resta ata a implantación do novo marco normativo en materia de intelixencia artificial.

2. Conceptualización da intelixencia artificial

Establecer unha definición de «intelixencia artificial» común e válida para todos é unha tarefa máis complexa do que puidese parecer en primeira instancia. Partimos dun concepto dinámico, cuxa caracterización e capacidades evolucionaron paulatinamente conforme os saltos computacionais dentro do ámbito da informática,

Regap



ESTUDIOS

adoptando diferentes acepcións nos distintos campos de estudo: para as ciencias xurídicas son unha ferramenta, mentres que no ámbito da enxeñaría se trata dunha subdisciplina dentro da enxeñaría informática¹. Tampouco axuda á hora de establecer unha única acepción universal a existencia de tan distintos tipos de sistemas de IA con múltiples finalidades, formas e funcionamentos diferentes².

Mesmo no propio ámbito das ciencias xurídicas tampouco temos unha definición estandarizada, con distintos achegamentos desde a perspectiva institucional-doutrinal. É por iso polo que se van expor diferentes conceptos para ofrecerlle ao lector unha caracterización o máis ampla posible.

Partindo da perspectiva institucional, é de obrigada mención a definición do termo «sistema de IA» recollida no artigo 3 do recente Regulamento (UE) 2024/1689 en materia de intelixencia artificial³(en diante, RIA): «*un sistema baseado nunha máquina que está deseñada para funcionar con distintos niveis de autonomía e que pode mostrar capacidade de adaptación tras o despregamento, e que, para obxectivos explícitos ou implícitos, infire da información de entrada que recibe o xeito de xerar resultados de saída, como predicións, contidos, recomendacións ou decisións, que poden influír en contornos físicos ou virtuais*». Desta forma, o RIA proporciona unha conceptualización comunitaria formal para os Estados membros e permite ir un pouco máis alá da concisa —e informal— acepción do *Libro branco da intelixencia artificial*⁴. Consideramos que esta descrición dos sistemas de IA cumpre co difícil presuposto necesario establecido por MORENO REBATO: ofrecer unha definición garante da suficiente flexibilidade para adaptarse á evolución destes sistemas, sen óbice ao fomento da innovación⁵.

Recentemente, e na mesma liña que a Unión Europea, a OCDE actualizou a súa definición de «sistema de IA», establecéndoo do seguinte modo: «*Un sistema de IA é un sistema baseado nunha máquina que, para obxectivos explícitos ou implícitos, infire, a partir da entrada que recibe, de que xeito xerar resultados como predicións, contido, recomendacións ou decisións que poden influír en contornos físicos ou virtuais. Os*

¹ Así, o considerado como pai da IA, John McCarthy, acuñou por primeira vez o termo artificial intelligence no ano 1965 no seminario de verán de Dartmouth para definir a busca dun comportamento humano nas máquinas. O seu traballo, xunto co de científicos da época, como Minsky, Selfridge e Allen Newell, sentaría as bases para o nacemento dunha disciplina propia dentro do ámbito da enxeñaría informática, cuxa influencia perdura ata os nosos días. Véxase: JOHN NILSSON, N., "John McCarthy, 1927-2011: A Biographical Memoir", National Academy of Sciences, 2012, p. 5 e ss

² SUBERBIOLA GARBIZU, I., "Inteligencia artificial, opacidad y motivación de las decisiones administrativas", en VÁZQUEZ DEL REY VILLANUEVA, A. & SUBERBIOLA GARBIZU, I. (coords.), MERINO JARA, I., (Dir.), La protección de los derechos fundamentales en el ámbito tributario, Wolters Kluwer España, 2021, p. 291

³ Regulamento (UE) 2024/1689 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xuño de 2024, polo que se establecen normas harmonizadas en materia de intelixencia artificial e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 300/2008, (UE) n.º 167/2013, (UE) n.º 168/2013, (UE) 2018/858, (UE) 2018/1139 e (UE) 2019/2144 e as directivas 2014/90/UE, (UE) 2016/797 e (UE) 2020/1828.

⁴ Así, no citado documento, a Comisión Europea define a intelixencia artificial simplemente como «unha combinación de tecnoloxías que agrupa datos, algoritmos e capacidade informática». En: COMISIÓN EUROPEA, Libro branco sobre intelixencia artificial. Un enfoque europeo orientado á excelencia e á confianza, 2020, p. 2.

⁵ MORENO REBATO, M., Inteligencia artificial (umbrales éticos, Derecho y administraciones públicas), Aranzadi, Navarra, España, 2021, p. 21.

diferentes sistemas de IA varían nos seus niveis de autonomía e adaptabilidade despois do despregamento»⁶.

Desde esta perspectiva, resulta inevitable decatarse da ausencia dunha definición no eido nacional deste fenómeno. Aínda que esta carencia responde á falta dunha normativa específica no noso ordenamento xurídico, a súa ausencia vaixe evidenciando co paso do tempo. Desta maneira, a futura lei nacional de IA, inspirada no contido do RIA eríxese como unha oportunidade ideal para reafirmar a postura de España ante estas novas tecnoloxías, ofrecendo unha conceptualización propia, á expectativa dunha actuación similar que co Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos persoais⁷ (en diante, RXPD) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

No que respecta á perspectiva doutrinal, temos tamén definicións de distintos autores que poden axudar aos lectores a xerar unha conceptualización da IA, especialmente en canto a perspectiva institucional busca un enfoque máis técnico, mentres que a perspectiva doutrinal se centra máis nos aspectos eminentemente prácticos:

- HERRERA DE LAS HERAS caracteriza a intelixencia artificial mediante «*a capacidade dun software para levar a cabo algunha actividade de tratamento de datos que leve aparelada ben a toma de decisións, ben unha proposta para que esas decisións sexan tomadas por humanos*»⁸.
- CASTELLANOS CLARAMUNT refírese á IA como «*a capacidade das máquinas para aprender e realizar tarefas que normalmente requirirían de intelixencia humana*»⁹.

Pola súa banda, VILLANUEVA TURNES expón tras analizar múltiples definicións que, cando nos referimos a intelixencia artificial, se fai alusión á «*posibilidade de que programas informáticos realicen actuacións que sexan equivalentes ás que realizan os humanos a partir dunha serie de procesamento algorítmico que leva a cabo un tratamento de datos nunha determinada dirección*»¹⁰. O autor conclúe establecendo a posibilidade de encadrar dentro deste concepto todos os programas que pretendan ese fin.

O achegamento á comprensión da «*intelixencia artificial*» comeza cun exercicio de apertura mental que permita dimensionar a amplitude do espectro a que fai alusión este binomio e que vai máis alá da linguaxe xurídica, incluso da propia lingüística. Esta idea vólvese máis comprensible coa utilización dun exemplo, e, en canto este

⁶ OCDE, "Explanatory memorandum on the updated OECD definition of an AI system", OCDE Artificial Intelligence Papers, OCDE Publishing, Paris, France, núm. 8, 2024, p. 4.

⁷ Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

⁸ HERRERA DE LAS HERAS, R., "Introducción a la inteligencia artificial desde una perspectiva legal" en Aspectos legales de la Inteligencia Artificial. Personalidad Jurídica de los Robots, Protección de Datos y Responsabilidad Civil, Dykinson, Madrid, España, 2022, p. 20.

⁹ CASTELLANOS CLARAMUNT, J., "Inteligencia artificial y democracia: una aproximación jurídica desde el derecho constitucional", en SALES SARLET, G. B. (coord.) & FAGGIANI, V. (dir.), Retos del derecho ante la IA: apuntes desde una perspectiva interdisciplinar, JMB, Barcelona, España, 2024, p. 141.

¹⁰ VILLANUEVA TURNES, A., "II. La inteligencia artificial: Regulación y límites en el sector público", Revista Española de Derecho Administrativo, CIVITAS, núm. 221, 2022, p. 214.

estudo se encadra na doutrina administrativa, cremos ilustrativo o exemplo que segue: É tan sistema de IA o *bot* ou asistente persoal da tecnolóxica americana Apple Siri como o sistema algorítmico de acceso a servizos públicos do Goberno dos Países Baixos SyRI (sobre o cal afondaremos *a posteriori*). *A priori* pouco ou nada se parecen estas ferramentas, pois un é un compoñente dun dispositivo móbil mentres que o outro é unha ferramenta governamental; ademais, pouco ou nada se asemella o nivel de intensidade destas ferramentas en relación coa intromisión na vida, seguridade e dereitos dos cidadáns.

Atopámonos entón ante uns sistemas que, polo menos na finalidade do seu deseño e na súa practicidade, pouco ou nada se parecen; non obstante, retrotraendo e sintetizando as definicións expostas *ut supra*: funcionamento mediante un sistema algorítmico, impulsadas por información de entrada en forma de datos, substitúen unha hipotética acción humana, en menor ou maior medida infiren nas vidas das persoas... Fóra da curiosa homofonía na nomenclatura destes dous sistemas, un é tan sistema de intelixencia artificial como o outro —mesmo cun nivel de afectación aos dereitos tan diferente e un risco desigual— e, como distintos que son, representan á perfección a complexidade presente na delimitación dun termo concreto.

Coa conceptualización da intelixencia artificial, neste traballo non se busca a síntese dunha única definición común e universal, senón que se pretende subliñar a necesidade de entender a IA como un fenómeno máis amplo. Este non debe circunscribir o seu alcance unicamente sobre mostras concretas deste tipo de ferramentas, senón que debe abranguer tamén a disciplina e futuros avances non subsumidos na conceptualización da IA actual, pero que con total seguridade o estarán nun futuro.

3. Intelixencia artificial na Administración

3.1. A prol do progreso

Plenamente inmersos na coñecida como «cuarta revolución industrial», durante as últimas décadas experimentamos un disruptivo, acelerado e exponencial desenvolvemento tecnolóxico caracterizado principalmente pola implantación xeneralizada das tecnoloxías da información e a comunicación (en diante, TIC) arredor de todo o mundo. Así, ferramentas como Internet, ordenadores persoais ou os dispositivos móbiles, entre outros, abriron un novo abano de posibilidades —erixindo un camiño carente de retorno— na vida das persoas que alterou profundamente os comportamentos e as condutas dos seres humanos grazas á inmediatez que profiren as TIC.

Entre os múltiples axentes sociais cuxo comportamento se viu intensamente alterado nesta cuarta revolución industrial, destacan, pola súa relevancia na influencia e lexitimidade no construto económico-social dos países democráticos, as administracións públicas. Estes entes públicos están a experimentar un continuo proceso de cambio —máis precisamente, de adaptación— en consonancia con esta aceleración no ritmo de vida das persoas froito do desenvolvemento tecnolóxico,

sempre en prol de escudriñar uns servizos máis eficientes e de mellor calidade para os seus usuarios, os cidadáns¹¹. A mostra máis clara deste fenómeno atópase na dixitalización da Administración.

Como broche, na actualidade esta revolución tecnolóxica atópase encabezada polos algoritmos, a intelixencia artificial e o resto das tecnoloxías que permiten o uso destas; referímonos así ao *big data*, *machine learning*, *deep learning*, etc. Mentres que coas TIC as administracións buscaban unha «dixitalización», o potencial dos algoritmos e a intelixencia artificial é tal que se procura a «automatización» da Administración, continuando esa espiral de aceleración socioeconómica que sempre parece que ten un final, pero que logo resulta ser un punto e á parte. Aínda que con distinto fin, ambas as dúas etapas retroaliméntanse; así, a necesidade de información, de datos, enarbora a dixitalización como o paso indispensable que converten en realidade a integración e funcionamento destas ferramentas na Administración¹². Deste modo, para algúns autores da doutrina administrativista, atopámonos xa inmersos no paradigma da transición da gobernanza pública cara á gobernanza pública algorítmica, fundamentado na crecente influencia do papel destes sistemas nas administracións públicas¹³.

A apertura da posibilidade de uso destas ferramentas por parte dos entes públicos desempeña un papel vital como panca para a transformación dixital non só das propias administracións públicas, senón de toda a sociedade en conxunto¹⁴, erixíndose como o axente regulador do cambio —e é que así debese, conforme os principios constitucionais—. É tal a alteración que esta tecnoloxía produce na nosa realidade, que a necesidade do cumprimento do papel da Administración se intensifica, e se require deste que sexa capaz de emendar as consecuencias adversas do uso destes sistemas nas liberdades públicas e dereitos fundamentais dos cidadáns en distintas áreas ou sectores da sociedade. Para iso, é necesaria unha aproximación democrática, que respecte os citados principios constitucionais tales como son a liberdade ou a xustiza, onde a Administración exerza o seu papel desde a transparencia e permita a participación da sociedade no seu conxunto, xa que, como dixemos *ut supra*, a automatización da Administración non só afecta á Administración *per se*, senón que afecta a todo o conxunto da sociedade¹⁵.

Sería unha oportunidade perdida que o achegamento por parte do Estado e administracións públicas fose unicamente regulatorio; así, este ineludible achegamento á IA configúrase como o momento idóneo para aproveitar os beneficios que estas solucións levan ofrecendo durante anos no sector privado, posto que, aínda que

¹¹ VELASCO RICO, C. I., “Tecnoloxías disruptivas en la Administración Pública: Inteligencia artificial y Blockchain” en CERRILLO I MARTÍNEZ, A. (Dir.) & CASTILLO RAMOS-BOSSINI, S. (Cord.) La Administración Digital, Dykinson, Madrid, España, 2022, p. 228.

¹² GODOY, O., “De la digitalización a la inteligencia artificial: actividad administrativa, logaritmos y derechos”, Diario LA LEY, LA LEY, núm. 10504, 2024, p. 9.

¹³ Esta dicotomía entre o rumbo da Administración atopa a súa análise en profundidade en: PARRÉS GARCÍA, A., “Gervasio Para Todo y la gobernanza pública algorítmica”, Documentación Administrativa, núm. 12, 2024, pp. 87-102

¹⁴ LÓPEZ DONAIRE, B., “Breves reflexiones sobre la IA y Sector Público: fundamentos, desafíos y experiencias”, Derecho Digital e Innovación, LA LEY, núm. 16, 2023, p. 4.

¹⁵ . CASTELLANOS CLARAMUNT, J., op. cit. p. 4.

públicas, non deixan de ser unha complexa rede cun funcionamento —en certa medida— equivalente ao das empresas privadas. Na actualidade, son múltiples as cuestións éticas e xurídicas que aínda presentan unha elevada conflictividade, pero, na medida en que son naturais a un proceso de transformación de semellante calado, as administracións non deben ser reticentes a capitalizar as súas vantaxes, posto que a finalidade da automatización da Administración non é outra que a de servir ao interese xeral dos seus cidadáns¹⁶. É esta, *de facto*, a intención que tivo a Unión Europea desde a súa aproximación inicial á IA, palpable en documentos de suma relevancia como nas *Directrices éticas para unha IA fiable*¹⁷ ou no xa citado *Libro branco da intelixencia artificial*¹⁸, nos cales se impulsa as administracións a establecer un enfoque proactivo e a utilizar estes sistemas de IA como para alcanzar os seus fins.

3.2. Un fenómeno internacionalizado

Malia que o foco deste estudo se centra na Administración pública nacional, resulta pertinente enumerar unha serie de exemplos que ilustran este fenómeno e as —tan diversas— posibilidades que estas ferramentas ofrecen a nivel global. Evidénciase así unha influencia que transcende as fronteiras de España e a Unión Europea, manifestándose en distintos contextos e nas diferentes administracións arredor do mundo, independentemente do sistema político, así como do modelo socioeconómico.

No sector sanitario, en Panamá, durante a pandemia da covid-19, o Goberno utilizou chatbots baseados no sistema de mensaxaría instantánea WhatsApp. Por un lado, implementouse a IA coñecida como «Dr. ROSA» (acrónimo de Resposta Operativa Sanitaria Automática), deseñada para avaliar as respostas dos usuarios e determinar síntomas grazas ao uso de algoritmos; ademais, ofrecía aos cidadáns diferentes protocolos de actuación, incluíndo o envío de asistencia sanitaria ao domicilio. Por outro lado, despregouse «Dr. NICO» (Notificación Individual de Caso Negativo Obtido), encargado de informar as persoas sobre o resultado negativo das súas probas de covid-19 e proporcionarlles os protocolos correspondentes¹⁹.

No sector financeiro, en Arxentina, o Ministerio de Finanzas da provincia de Córdoba desenvolveu «Laura»²⁰, un sistema baseado en algoritmos deseñado para

¹⁶ Achégase a fantástica obra de BAQUERO PÉREZ na cal fai unha xenial análise de todas as cuestións éticas que presentan unha elevada conflictividade na automatización da Administración, desde a perspectiva de diferentes escolas de pensamento, BAQUERO PÉREZ, Achégase a fantástica obra de BAQUERO PÉREZ na cal fai unha xenial análise de todas as cuestións éticas que presentan unha elevada conflictividade na automatización da Administración, desde a perspectiva de diferentes escolas de pensamento, BAQUERO PÉREZ, P. J., "Cuestiones éticas sobre la implantación de la inteligencia artificial en la administración pública", *Revista Canaria de Administración Pública*, núm. 1, 2023, p. 33..

¹⁷ A pesar das múltiples referencias a esta idea durante todo o manuscrito, quedamos coas seguintes: "Os sistemas de IA deberían servir para manter e impulsar procesos democráticos, así como para respectar a pluralidade de valores e eleccións vitais das persoas" e "Os sistemas de IA ofrecen un potencial moi importante para mellorar o alcance e a eficiencia do goberno na prestación de bens e servizos públicos á sociedade". COMISIÓN EUROPEA, *Directrices éticas para una IA fiable*, Oficina de Publicacións, 2019, p. 3.

¹⁸ Na propia introdución do documento establécese o interese público como un dos alicerces deste novo ecosistema da intelixencia artificial. Véxase: COMISIÓN EUROPEA, *Libro branco da intelixencia artificial*, op. cit. p. 2.

¹⁹ OCDE & CAF, "Uso estratégico y responsable de la inteligencia artificial en el sector público de América Latina y el Caribe, *Estudios de la OCDE sobre Gobernanza Pública*, OECD Publishing, Paris, 2022, p. 38.

²⁰ Op. cit., p. 40

reducir a carga burocrática do funcionariado. Entre as súas funcións atópase a verificación das achegas dos cidadáns ao sistema de pensións durante o inicio da solicitude de xubilación, tarefa que antes requiría da intervención dun funcionario. Ademais, proporciona información sobre determinados beneficios aplicables e posibles incompatibilidades coa situación actual do solicitante.

No sistema xudicial, nos Estados Unidos, utilízase COMPAS (Correctional Offender Management Profiling for Alternative Sanctions), unha ferramenta algorítmica creada pola empresa privada Equivant que avalía o risco de reincidencia dun delincente²¹. Malia que esa ferramenta non pode graduar a gravidade da sentenza, si ten efectos directos sobre os individuos, xa que pode usarse como factor a ter en conta na concesión de penas alternativas á prisión ou a asignación de servizos comunitarios a individuos con baixo risco de reincidencia. Mesmo cando a *priori* non infire na graduación de penas ou sentenzas, a súa influencia na xustiza é realmente significativa.

No eido político, en Xapón, entre os candidatos a gobernador de Tokyo das eleccións do 7 de xullo de 2024 atopábase Mayor AI, unha IA cuxa candidatura foi presentada por un mozo enmascarado²². Malia que a dita candidatura só conseguiu un 0,02 dos votos, non foi a única presenza de IA nas citadas eleccións. Por terceira vez consecutiva, foi reelixida a candidata Yoriko Koike, que presentou simultaneamente á súa candidatura un vídeo dunha intelixencia artificial dela mesma que recoñecía os seus logros e promovía as súas políticas, captando a atención dos usuarios das redes sociais²³.

No ámbito do control governamental, na China, a IA, os algoritmos e o machine learning lévanse utilizando durante anos como ferramentas de «hipervixilancia» para controlar o comportamento dos seus cidadáns. Así, existen casos como o IJOP (Integrated Joint Operations Platform), que é unha base de datos rexional á cal acceden as autoridades desde unha *app* que utiliza IA para monitorizar os cidadáns asiáticos-musulmáns na cidade de Xinjiang, baixo un pretexto de seguridade nacional coa finalidade de evitar posibles atentados²⁴. Non obstante, este sistema derivou nunha discriminación sistémica contra a minoría étnica dos uigures, recompilando información de forma indiscriminada sobre todos os cidadáns, así como utilizando tecnoloxía de recoñecemento facial para o rexistro de datos biométricos. Este caso evidencia os riscos dun uso de IA carente de garantías éticas e contrario aos dereitos humanos, xerando escenarios que ata hai non tanto eran distópicos e propios da literatura ou da ciencia ficción²⁵.

²¹ MONTESINOS GARCÍA, A., "Los algoritmos que valoran el riesgo de reincidencia: En especial, el sistema Viogen", Revista de derecho y proceso penal, vol. 64, 2021, p. 22.

²² Véxase o seguinte enlace web: https://www.elconfidencial.com/tecnologia/2024-07-11/japon-tokio-alcalde-inteligencia-artificial_3921654/ (revisado o día 14 de abril).

²³ Enlace á noticia: <https://www.japantimes.co.jp/news/2024/06/29/japan/politics/tokyo-race-digital-tools> (revisado o día 14 de abril). Malia que non ten subtítulos en inglés, compártese tamén o enlace ao vídeo subido na plataforma YouTube: <https://www.youtube.com/watch?v=WA-mRcNM04E> (revisado o día 14 de abril).

²⁴ Véxase: <https://www.ispionline.it/en/publication/how-china-uses-artificial-intelligence-control-society-23244> (revisado o día 14 de abril).

²⁵ Véxase o enlace á noticia: <https://www.reuters.com/world/asia-pacific/skorea-test-ai-powered-facial-recognition-track-covid-19-cases-2021-12-13/> (revisado o día 14 de abril).

A medio camiño entre o contexto sanitario e o control gobernamental, na cidade de Bucheon en Corea do Sur, durante a pandemia da covid-19, foron instaladas máis de 10.000 cámaras para localizar e rastrexar os movementos das persoas contaxiadas. Mediante o uso de sistemas de IA para analizar as metraxes das cámaras, o longo e complexo traballo manual é substituído por un número determinado de clics e, en cuestión de minutos, o programa pode dar a localización de múltiples cidadáns²⁶.

Con esta batería de exemplos preséntanse unha serie de escenarios nos cales, dunha forma ou outra, as distintas administracións públicas arredor do mundo utilizan estas ferramentas para alcanzar os seus obxectivos. Non cabe dúbida de que as administracións deben continuar apostando pola inclusión da IA nas súas estruturas, pero sen esquecer que a finalidade é a de conferir a omnisciente capacidade analítica desta ao servizo do interese público e da cidadanía. O algoritmo debe estar ao servizo da sociedade, e non ao revés. Aínda que a idea dunha «sociedade perfecta» resulte tentadora, o prezo da súa consecución é a constrición da liberdade e a conculcación de dereitos fundamentais de todos e cada un dos integrantes que conforman a sociedade.

3.3. Concordancias normativas da IA na Administración

Desde este traballo compartimos unha postura optimista cos sistemas de IA en relación coas administracións públicas e a súa capacidade de xerar un efecto positivo para a sociedade. Porén, neste contexto vólvese imperiosa unha regulación axeitada que, se ben esperamos que o faga, aínda non chegou, xerando incerteza e incógnitas tanto para os cidadáns como para as propias administracións²⁷. Procede entón detense e analizar o encadramento normativo actual —antes da plena promulgación do RIA— da integración das ferramentas de IA e algoritmos no ámbito nacional.

Comezaremos a nosa análise coas leis 39/2015²⁸ e 40/2015²⁹, tamén coñecidas informalmente como «as siamesas». No que respecta á automatización, o contido é exíguo, mentres que as referencias a sistemas de IA ou algoritmos son, simplemente, inexistentes. No artigo 41 da Lei 40/2015 defínese a actuación administrativa automatizada³⁰, a cal é desagregada en 4 eixes principais³¹: (1) Acto ou actuación

²⁶ Véxase o enlace á noticia: <https://www.reuters.com/world/asia-pacific/skorea-test-ai-powered-facial-recognition-track-covid-19-cases-2021-12-13/> (revisado o día 14 de abril).

²⁷ CERRILLO MARTÍNEZ, A., "The use of artificial intelligence in public administration", *Review of International and European Economic Law*, vol. 3 núm. 5, 2024, p. 2.

²⁸ Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

²⁹ Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

³⁰ Artigo 41. Actuación administrativa automatizada.

As medidas, contidas no artigo 70, teñen por obxecto a capacitación das persoas traballadoras ou desempregadas, polo que o seu ámbito de actuación queda constrinxido á esfera laboral. A inclusión expresa de medidas dirixidas a estes grupos específicos é, ao meu xuízo, moi necesaria, xa que cada día son máis os postos de traballo que aplican intelixencia artificial. Unha boa formación na materia incrementará a produtividade e mellorará a empregabilidade das persoas demandantes de emprego.

Ademais, prevese o apoio específico a programas de máster e doutoramento no campo da intelixencia artificial (art. 71 LIAG) e, o que me parece máis importante, medidas de alfabetización dirixidas á cidadanía en xeral (art. 72 LIAG). Este último aspecto é transcendental, pois os riscos derivados dun uso inadecuado da intelixencia artificial xa se están a materializar. A sociedade necesita que as administracións públicas preveñan e conciencien a cidadanía sobre os usos nocivos da intelixencia artificial.

7. Consideracións finais

Tras o exame do texto lexislativo, pode confirmarse que o lexislador galego cubriu con acerto unha lagoa normativa que, de non se ter corrixido, podería xerar graves prexuízos nos dereitos e intereses lexítimos da cidadanía. Como salientaba ao inicio deste estudo, a articulación dun marco xurídico específico que regule o uso da intelixencia artificial é un presuposto fundamental para a implementación xeneralizada da intelixencia artificial nas administracións públicas.

Como recomendación, conviría mellorar nun futuro a sistemática da lei e reducir o seu carácter principalista, diferenciando nitidamente o que constitúen principios xerais de actuación do que son deberes xurídicos concretos, requisitos técnicos dos sistemas ou dereitos subxectivos (*v.g.*, art. 6, apartados 2 e 3; e arts. 7, 8, 10, 11, 16, 17 LIAG, principalmente). O capítulo II do título preliminar, mesmo estando de



acordo co seu contido, podería xerar confusión no operador xurídico encargado da interpretación e aplicación da norma. En dereito administrativo, o *nomen iuris* das institucións non é, baixo o meu punto de vista, unha cuestión menor, pois a configuración legislativa dun precepto como principio xeral de actuación, sen negar a súa relevancia, non produce os mesmos efectos que a súa configuración como deber xurídico ou dereito subxectivo.

Unha alternativa podería ser que o título IV, dedicado a regular o uso dos sistemas e modelos de intelixencia artificial, acollese algunhas das obrigas ou dereitos contidos no título preliminar, como a boa administración do artigo 6 e a reserva de humanidade e supervisión humana do artigo 12. O mesmo acontece co capítulo III do mesmo título, dedicado aos dereitos da cidadanía. Ao tratarse de dereitos que o cidadán pode facer valer fronte á Administración como consecuencia dun uso contrario a dereito da intelixencia artificial, terían un mellor encaixe no título IV.

En canto aos principios xerais que en realidade son requisitos obrigatorios que han de cumprir os sistemas de intelixencia artificial ou a Administración na súa calidade de provedora ou responsable do despregamento, sería máis axeitado que pasasen a formar parte do capítulo II do título III. Dentro desta categoría inclúense os «principios xerais» de auditabilidade, rastrexabilidade e explicabilidade do artigo 7; de seguridade e privacidade do artigo 11 e de avaliación dos artigos 16 e 17. A seguridade do sistema ou a súa explicabilidade non son principios de actuación, senón requisitos técnicos que o *software* de intelixencia artificial ten que cumprir para poder ser despregado no sector público autonómico.

Por outra banda, recoméndase corrixir as redundancias presentes nalgúns artigos. Como botón de mostra, o artigo 50, dedicado ao alcance do uso de sistemas de intelixencia artificial na toma de decisións, vén dicir o mesmo que o artigo 12, pero de forma distinta. Igual sucede coa existencia de motivación das decisións, que se repite, aínda que de forma diferente, nos artigos 6 e 23.1, b) da lei. Estas redundancias reforzan o argumento da necesidade de mellorar a estrutura do texto analizado, co fin de dotar de coherencia e unidade o seu contido.

No que respecta á estrutura organizativa e á profesionalización, a lei cobre unha existencia básica para o despregamento da intelixencia artificial no sector público autonómico. Resulta especialmente plausible a configuración do Consello Galego de Intelixencia Artificial como fórmula institucionalizada de colaboración público-privada. Aproveitar o coñecemento do sector privado en materia de intelixencia artificial é unha cuestión vital para a mellora das políticas públicas neste ámbito.

En fin, sen ánimo de estenderme, para rematar só me resta dicir que a sociedade galega conta cunha norma necesaria e axeitada á realidade social. Galicia deu o primeiro paso, agora só queda que as demais comunidades autónomas e o Estado, cos seus matices e diferenzas, avancen na mesma dirección. A Administración do século XXI exige reformas estruturais de profundo calado, reformas estas que afectan, pola súa vez, aos propios alicerces do dereito administrativo. De aí que os administrativistas non poidamos permanecer alleos aos cambios, nin pretender achar respostas aos problemas que formula a Administración actual con esquemas mentais anacrónicos.

A lei galega, co seu espírito visionario, dá un paso decisivo cara á máis que necesaria remodelación da arquitectura administrativa. Estaremos ben atentos ao seu desenvolvemento regulamentario e aplicación.

8. Bibliografía

- ÁLVAREZ GARCÍA, V. e TAHIRÍ MORENO, J., “La regulación de la inteligencia artificial en Europa a través de la técnica armonizadora del nuevo enfoque”, *Revista General de Derecho Administrativo*, 63, 2023.
- BERMEJO LATRE, J. L., “La aplicación de la inteligencia artificial en la actividad formal e informal de la Administración”, en VALCÁRCEL FERNÁNDEZ, P. e HERNÁNDEZ GONZÁLEZ, F. L. (coords.), *El derecho administrativo en la era de la inteligencia artificial*, Instituto Nacional de la Administración pública, 2025, pp. 223-250.
- CARRILLO DONAIRE, J. A., “La compra pública de innovación: retos y oportunidades para el desarrollo de la I+d+i desde la demanda pública”, en *IUS ET VERITAS: Revista de la Asociación IUS ET VERITAS*, 2021, pp. 38-59.
- COFRADES AQUILUÉ, L., “La función de asistencia y cooperación en contratación pública”, en GIMENO FELIU, J. M. (dir.) e DE GUERRERO MANSO, C. (coord.), *Observatorio de los contratos públicos 2022*, Aranzadi, 2023, pp. 321-339
- DE GUERRERO MANSO, C., “La asociación para la innovación: Nuevo procedimiento de adjudicación que permite a los órganos de contratación ser protagonistas del proceso de adquisición de bienes, servicios u obras innovadoras”, en FERNÁNDEZ SALMERÓN, M. e MARTÍNEZ GUTIÉRREZ, R. (dirs.), *Transparencia, innovación y buen gobierno en la contratación pública*, Comares, 2018, pp. 271-304.
- ESTEVE PARDO, J., “La Administración garante. Una aproximación”, *Revista de Administración pública*, 197, 2015, pp. 11-39.
- GAMERO CASADO, E., “La Administración facilitadora: el papel de la Administración pública en el nuevo orden socio económico”, *Revista Andaluza de Administración pública*, 113, 2022, pp. 271-291 <https://doi.org/10.46735/raap.n113.1355>.
- GIMENO FELIU J. M., “La colaboración público-privada en un contexto de moderna gobernanza económica al servicio de la ciudadanía”, *Revista General de Derecho Administrativo*, 65, 2024.
- MUÑOZ MACHADO, S. e ESTEVE PARDO, J., “Fundamentos e instituciones de la regulación”, en MUÑOZ MACHADO, S., *Derecho de la regulación económica*, Iustel, 2009.
- PONCE SOLÉ, J., “Reserva de humanidad y supervisión humana de la Inteligencia artificial”, *El Cronista del Estado Social y Democrático de Derecho*, 100, 2022, pp. 58-67.
- TAHIRÍ MORENO, J. A., “El principio de presunción de falibilidad de las decisiones algorítmicas desfavorables: Una nueva garantía jurídica frente a las decisiones automatizadas y el uso de sistemas de inteligencia artificial en la Administración pública”, *Revista Aragonesa de Administración pública*, 60, 2023, pp. 188-214.
- TAHIRÍ MORENO, J. A., “Una panorámica de los sistemas de inteligencia artificial desde la perspectiva del derecho administrativo”, *Revista Aragonesa de Administración pública*, 61, 2024, pp. 137-168.

- TAHIRÍ MORENO, J. A., “Artículo 40. Normas armonizadas y documentos de normalización”, en MOISÉS BARRIO A. (dir.), *Comentarios al Reglamento Europeo de Inteligencia Artificial*, La Ley Aranzadi, 2024.
- TAHIRÍ MORENO, J. A., e COFRADES AQUILUÉ, L., “Déficits y excesos normativos en materia de transparencia, buena administración y buen gobierno: un análisis de la cuestión a partir de la legislación estatal y extremeña”, *Revista de Estudios de la Administración Local y Autonómica*, 22, 2024, pp. 92–117. <https://doi.org/10.24965/reala.11350>.
- VALCÁRCEL FERNÁNDEZ, P., “La Compra Pública de Innovación (CPI): el procedimiento de adjudicación de Asociación para la Innovación”, en Gallego Córcoles, I. e GAMERO CASADO, E. (dirs.), *Tratado de contratos del sector público*, Vol. 2, Tirant Lo Blanch, 2018, pp. 1669–1712.
- VAQUER CABALLERÍA, M., “Lección 18. Planificación administrativa”, en VELASCO CABALLERO, F. e DARNACULLETA GARDELLA, M. (dirs.), *Manual de Derecho Administrativo*, 2.ª ed. Marcial Pons, 2024, pp. 451–469.
- VELASCO CABALLERO, F., “La Administración pública en la colaboración público-privada”, *Revista Catalana de Dret Públic*, 67, 2023, pp. 36–66.
- VELASCO RICO, C., “Personalización, proactividad e inteligencia artificial. ¿Un nuevo paradigma para la prestación electrónica de servicios públicos?”, *Revista de Internet, Derecho y Política (IDP)*, 30, 2020.

Regap

Comentarios e crónicas

2



Revista Galega de Administración Pública, EGAP
Núm. 69_xaneiro-xuño | pp. 129-144
Santiago de Compostela, 2025
<https://doi.org/10.36402/regap.v2i69.5304>
© María Begoña López Portas
ISSN-e: 1132-8371 | ISSN: 1132-8371
Recibido: 02/05/2025 | Aceptado: 26/06/2025
Editado bajo licencia Creative Commons Attribution 4.0 International License

O controvertido papel da Oficina de Conflictos de Intereses como mecanismo de control das influencias indebidas nas decisións políticas

El controvertido papel de la Oficina de Conflictos de Intereses como mecanismo de control de las influencias indebidas en las decisiones políticas

The Controversial Role of the Office for Conflicts of Interest as a Mechanism for Controlling Undue Influence in Political Decision-Making

69
Regap

Regap



COMENTARIOS

M.^a BEGOÑA LÓPEZ PORTAS

Profesora contratada doutora de Dereito Constitucional
Universidade de Santiago de Compostela (USC)

<https://orcid.org/0000-0003-3556-0422>

Resumo: O proceso de adopción de decisións institucionais exige unha reestruturación transparente que incorpore os grupos de presión en atención aos estándares internacionais. Nos últimos anos producíronse importantes avances que requiren a súa toma en consideración en termos de eficacia e eficiencia xurídica. Neste ámbito, a Oficina de Conflictos de Intereses está chamada a desempeñar un papel protagonista indubidable no control como mecanismo independente de fiscalización do *lobbying*.

Palabras clave: *Lobbying*, control político preventivo, transparencia, corrupción pública, Oficina de Conflictos de Intereses.

Resumen: El proceso de adopción de decisiones institucionales exige una reestructuración transparente que incorpore a los grupos de presión en atención a los estándares internacionales. En los últimos años se han producido importantes avances que requieren su toma en consideración en términos de eficacia y eficiencia jurídica. En este ámbito, la Oficina de Conflictos de Intereses está llamada a jugar un papel protagonista indubitado en el control como mecanismo independiente de fiscalización del *lobbying*.

Palabras clave: *Lobbying*, control político preventivo, transparencia, corrupción pública, Oficina de Conflitos de Intereses.

Abstract: The institutional decision-making process requires transparent restructuring that incorporates lobbyists in accordance with international standards. In recent years, there have been important advances that require consideration in terms of legal effectiveness and efficiency. In this area, the Conflict-of-Interest Office is called upon to play an undoubted leading role as an independent mechanism for lobbying control.

Key words: Lobbying, political preventive control, transparency, Public corruption, Conflicts-of-Interest Office.

Sumario: 1. O protagonismo indubidable do *lobbying* e a súa opacidade. 2. Baixo a sombra do incumprimento dos estándares internacionais. 3. Cara á configuración dun modelo eficaz de fiscalización. 4. Conclusións. 5. Referencias bibliográficas de consulta.

1. O protagonismo indubidable do *lobbying* e a súa opacidade

Transparencia Internacional no seu Índice de percepción da corrupción 2024 su-bliña que o 85 % da poboación mundial vive en países cun índice de percepción da corrupción inferior a 50. De forma particular, advirte que España, desde o ano 2017, experimenta un descenso estatístico significativo progresivo, catro puntos no último ano. O 34 % dos españois opinan que a corrupción se incrementou nos últimos doce meses, uns datos que se valoran como sinal de perigo ao comprender que os avances contra a corrupción foron mínimos ou nulos e a súa percepción pola poboación é negativa. O noso Estado ocupa un posto que nos sitúa xunto a Chipre, Chequia e as Granadinas. Sepáranos trinta e catro puntos de Dinamarca, o Estado europeo mellor posicionado, e soamente quince de Hungría, que obtén a posición europea máis baixa¹. As cifras evidencian que non só nos queda moito camiño por avanzar na loita transparente contra a corrupción pública, senón que nos alarman dun feito indiscutible: a nosa situación é de maior risco que en anos anteriores.

Que pasou, ou, mellor dito, que non sucedeu para que nos atopemos aquí? A patente desconfianza sobre os órganos de goberno e a posterior transformación das institucións representativas no Estado de benestar reformula a necesidade de reconstruír a relación sociedade, economía e Estado baixo os parámetros da transparencia, bo goberno e participación cidadá, en termos de cantidade e calidade de instrumentos da boa gobernanza. A denominada dimensión contrademocrática debe terse presente á hora de analizar as democracias e as diferentes formas a través das que a sociedade participa na construción do político². A súa indefinición conceptual e o perigo da opacidade da súa acción son un grave risco evidente para o noso sistema político de goberno. A lexitimación dos grupos de interese emerxe como unha necesidade

¹ Disponible en: <https://www.transparency.org/en/news/cpi-2024-western-europe-eu-leaders-hollow-efforts-cause-worsening-corruption-levels>, consultada o 20/2/2025.

² Cfr. GARCÍA GUITIÁN, E., "Representación y gobernabilidad: Una reflexión sobre el rol de los ciudadanos organizados en las democracias", en Molins, J.M., Muñoz Márquez, L. e Medina, I. (dirs.), *Los grupos de interés en España. La influencia de los lobbies en la política española*, Editorial Tecnos, Madrid, 2016, p. 68.

representativa e funcional dos sistemas democráticos contemporáneos e que no caso de España non parece alcanzar unha resposta satisfactoria, a teor dos datos expostos.

Unha pluralidade crecente de actores son protagonistas evidentes da sociedade civil, adoptando distintas técnicas en defensa dos valores lexítimos que representan. Indistintamente, os *lobbies*, os grupos de presión e os grupos de interese confúndense á hora desenvolver labores de presión política, xurídica, económica, social ou cultural que transcenden ao interese xeral. A súa conceptualización adquire unha relevancia primordial para os efectos da súa identificación inicial como obxecto regulatorio. Así, os grupos de presión poden entenderse, de forma ampla, como toda unión autónoma e organizada de individuos que leva a cabo accións para influír no poder en defensa duns intereses³. Agora ben, aplicar un concepto demasiado amplo dos grupos de interese pode xerar certas dúbidas sobre o fin último de regular a súa acción de forma transparente e eficaz. A súa definición require ser acoutada para evitar interpretacións que fixen obrigas innecesarias para os colectivos que non actúen como tales ou evitar que poidan colidir co exercicio do dereito de participación cidadá do artigo 105 da Constitución⁴.

Ao mesmo tempo que aumentan as exixencias dunha maior participación pública cidadá, emerxe o grave problema da opacidade e suspicacia do *lobbying*. O *lobbying* é unha forma de participación política non institucionalizada, polo que se cuestiona a súa inserción no sistema democrático. A falta dunha articulación normativa axeitada á súa intensa actividade, a carencia dun órgano específico de control ou a inexistencia dun rexistro propio dificultan a monitorización da súa pegada legislativa no ordenamento xurídico⁵. O control social dos grupos de presión é unha imperiosa necesidade ligada á rexeneración democrática do noso sistema político, aínda que debe producirse dunha forma equilibrada, formal e simétrica. O *lobbying* non controlado redunda nun incremento dos riscos de corrupción. Unha corrupción que vai máis alá do ámbito xurídico esténdese sobre o ámbito político e normativo baixo a fórmula dunha corrupción legal⁶, motivo polo que a súa regulación e fiscalización ocupan un protagonismo indubidable das axendas político-xurídicas nas últimas décadas. Ao afondar máis na súa análise, observamos así que o modelo de regulación dos grupos de presión se expande polo mundo. Os principais instrumentos da súa articulación son a transparencia do suxeito activo e dos recursos empregados nas súas actividades, incluídas, ben en informes periódicos, ben mediante o seu rexistro ou a través do control das axendas institucionais.

³ Cfr. RUBIO NÚÑEZ, R.: "La actividad de los grupos de presión ante el poder ejecutivo: una respuesta jurídica más allá del registro", *Teoría y Realidad constitucional*, n.º 40, UNED, Madrid, 2017, pp. 399-401.

⁴ Cfr. RIDAO MARTÍN, J., "La regulación de los *lobbies* en el ámbito institucional del Estado. Una revisión crítica del alcance de las recientes iniciativas legislativas", en Cotino Hueso, L. e Boix Palop, A., "*El buen gobierno y la transparencia, a caballo entre la Ética y el Derecho*", en *DILEMATA, Revista Internacional de Éticas aplicadas*, n.º 27, ano 10, 2018, p. 77.

⁵ Cfr. PONCE SOLÉ, J., *Mejora de la Regulación, Lobbies y Huella legislativa*, colección monografías, Tirant lo Blanch, Valencia, 2019.

⁶ Cfr. REVUELTA, A. e VILLORIA, M., "La regulación de los grupos de interés como instrumento de prevención de la corrupción", en Villoria Mendieta, M., Gimeno Feliú, J. M. e Tejedor Bielsa, J. (dirs.), *La corrupción en España. Ámbitos, causas y remedios jurídicos*, Atelier Libros Jurídicos, Barcelona, 2016, p. 409.

A desnormalización europea parece esvaecerse ao avanzar cara a un modelo xuridicamente máis articulado. Países como Polonia, Francia ou Austria empezaron a regular este tipo de actividades. Únense así a Alemaña, que conta cunha lei *ad hoc* desde o ano 1951. Non obviemos que o marco europeo se apoia nun rexistro de transparencia interconectado das institucións —o Parlamento Europeo, o Consello da Unión Europea e a Comisión Europea— onde, desde 2014, se deben facer públicas todas as reunións mantidas cos eurodeputados. A obrigatoriedade deste rexistro planea como un requisito necesario que debe ser definido para regular os vinte mil *lobbies* europeos.

Neste contexto, os mecanismos de control da integridade do poder lexislativo e poder executivo son máis necesarios que nunca e exixen unha estrita vixilancia ata a eliminación progresiva das medidas excepcionais adoptadas, como subliña, en outubro de 2020, o Informe da Comisión de Venecia —véxase o informe provisional sobre as medidas adoptadas nos Estados membros da UE como resultado da crise da covid-19 e o seu impacto na democracia, o Estado de dereito e os dereitos fundamentais⁷—. Transparencia Internacional fai entón unha valoración demoledora da situación no seu Índice de percepción da corrupción 2022: o nivel de corrupción mundial está estancado, sen apenas variacións en máis dunha década, e existe un contexto social cada vez máis violento. Neste escenario, España acumula xa entón continuos retrocesos anuais no seu *ranking* mundial⁸, uns resultados que nos fan cuestionar as medidas políticas e normativas adoptadas, xa que nos arrastran á actual situación de risco en que nos atopamos.

2. Baixo a sombra do incumprimento dos estándares internacionais

Nos sistemas democráticos actuais, a distinción na defensa do interese particular dunha minoría fronte ao xeral doutros reverte no punto de partida á hora de analizar a súa forma de control, unha fiscalización definida pola sospeita permanente sobre os *lobbies* e pola exixencia dunha vixilancia estreita e regulada da súa acción política. Resulta complicado perfilar a súa lexitimidade baixo a fórmula de goberno aberto. A redución dos espazos opacos é unha prioridade evidente na axenda de políticos e lobistas nun intento de ruptura do binomio *lobbying*-corrupción. O control da actividade dos poderes públicos é un requisito incuestionable do Estado de dereito que redundna na necesidade de superar a desafección cidadá polo público.

Numerosas organizacións internacionais pronúncianse sobre os problemas de transparencia causados polo *lobbying*. Hai máis dunha década que Transparencia Internacional formula a necesidade de realizar informes nacionais de avaliación dos regulamentos, políticas e prácticas existentes e propón a elaboración de

⁷ Disponible en: <https://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/PDF/?uri=CELEX:52020SC0308&from=EN>, consultada o 23/2/2025.

⁸ Disponible en: https://images.transparencycdn.org/images/Report_CPI2022_English.pdf, consultada o 24/02/2025.

recomendacións e solucións que deben ser consideradas polos responsables da toma de decisións e os representantes dos intereses dos sectores público e privado — sirva de exemplo o informe *Transparency International's report Money, Power and Politics (2012)*⁹—. Tres anos máis tarde, no seu informe *Lobbying in Europe: hidden influence, privileged Access (2015)* subliña, entre outros elementos, que a inclusión normativa de mecanismos de seguimento e a identificación de condutas reprobables — como pode ser o uso indebido de información confidencial, o conflito de intereses ou as portas xiratorias — se converten en elementos imprescindibles dunha regulación eficaz do *lobbying*¹⁰. Nesta liña, a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos — OCDE — dá un paso máis, propón que os seus principios de transparencia e integridade deben adecuarse ao novo contexto tecnolóxico das redes sociais — véxase o informe *Lobbying in the 21st Century: Transparency, Integrity and Access (2021)*¹¹—.

Un ámbito, o da rendición de contas no sector público, onde España mostra evidentes déficits que parten da débil garantía constitucional da transparencia articulada sobre o dereito de acceso á información pública no artigo 105.b) da Constitución e ao ser interpretada como un dereito de configuración legal. Máis alá do ámbito do dereito á participación cidadá nos asuntos públicos — considerado no artigo 23 da carta magna — ou na elaboración das normas — recollido no artigo 133 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común —, é necesario que a actividade dos *lobbies* sexa pública e transparente e estea monitorizada. Non obstante, o *right to know* incluído na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, é un principio de configuración administrativa, unha conceptualización que desborda o seu fundamento constitucional, o título competencial invocado, os suxeitos obrigados e o suxeito de dereito no marco dun Estado social e democrático de dereito¹². Ao vincular o dereito de acceso á información pública a un dereito limitado, arriscámonos a fraxilizar de forma irremisible a súa natureza xurídica como principio de configuración administrativa¹³. Achámonos ante un dereito que non abrangue nin toda a información pública nin todos os poderes públicos, só se refire aos rexistros e arquivos públicos relativos á Administración. Non podemos obviar que o artigo 2.f e a disposición adicional oitava da Lei 19/2013 limitan a transparencia ás actividades suxeitas a dereito administrativo, sen prexuízo do que establezan os parlamentos en virtude do seu principio de autonomía. En todo caso, o principio de transparencia non pode desasociarse nin diversificarse en función de se se refire á publicidade

Regap



COMENTARIOS

⁹ Dispoñible en: https://images.transparencycdn.org/images/2012_CorruptionRisksInEurope_EN.pdf, consultada o 23/02/2025.

¹⁰ Dispoñible en: https://images.transparencycdn.org/images/2015_LobbyingInEurope_EN.pdf, consultada o 23/2/2025.

¹¹ Dispoñible en <https://www.oecd-ilibrary.org/sites/c6d8eff8-en/index.html?itemId=/content/publication/c6d8eff8-en>, consultada o 23/2/2025.

¹² Cfr. GUICHOT REINA, E., "Transparencia y acceso a la información pública en el marco de la lucha contra la corrupción", en Villoria Mendieta, M., Gimeno Feliú, J. M. e Tejedor Bielsa, J. (dirs.), *La corrupción en España. Ámbitos, causas y remedios jurídicos*, Atelier Libros Jurídicos, Barcelona, 2016, p. 146.

¹³ Cfr. LÓPEZ PORTAS, M. B., *Lobbies, transparencia gubernamental y participación política*, colección monografías Dykinson, Madrid, 2024, p. 31.

activa ou pasiva e interpretarse, en consecuencia, de forma desigual segundo o tipo de actividade —suxeita ou non a dereito administrativo—.

Por outra banda, e en consecuencia, a vontade do lexislador cobra un protagonismo excepcional que supera as previsións constitucionais. Por esta razón, ata datas moi recentes e con algunhas excepcións destacables, atopámonos ante un limitado sistema de fiscalización administrativa da transparencia. Neste sentido, hai que subliñar que a carencia dun órgano de verdadeiro control ou fiscalización é un dos elementos definitorios iniciais dunha regulación xurídica translúcida do fenómeno *lobbying* no noso ordenamento xurídico. A Lei 13/2019 deseña un réxime sancionador parco, os artigos 9.3 e 20.6 soamente se refiren aos incumprimentos reiterados da publicidade activa e á obriga de resolver en prazo as solicitudes de acceso cando os implicados sexan administracións e organismos públicos. Máis alá das excepcións normativas da súa aplicabilidade consideradas nos artigos 14, 15 e 18 da norma referida, a súa posible definición como un dereito de acceso parcial a teor do artigo 16, evidenciamos que non se considerou a inclusión de regulación estatal de *lobbies* e, como engadido, obsérvase un reflexo desigual na normativa autonómica que xa se manifesta na esfera obxectiva dos sucesos obrigados, de tal importancia como poden ser os parlamentos. Máis aínda cando nos referimos a determinada información como a económica ou orzamentaria relativa a todo tipo de contratos. Nesta liña avanza a nosa xurisprudencia. Como subliña o Tribunal Supremo na súa sentenza do 11 de xuño de 2012, unha serie de datos relevantes sobre a formación da vontade pública permanece na “caixa negra” das institucións, motivo polo que, á hora de determinar a validez das obrigas contractuais pactadas, a conduta do *lobby* require unha valoración en cada caso.

Debemos advertir, ademais, que a ineficiencia dos actuais instrumentos preventivos —como son as declaracións patrimoniais ou a prohibición de actividades profesionais dos altos cargos— é evidente se observamos os datos revelados pola Oficina de Conflitos de Intereses da Administración xeral do Estado. Desde o ano 2008 ata o 2022, só se denegaron o 3,6 % de solicitudes totais presentadas por ex altos cargos para comezar a traballar no sector privado antes de que transcorra o prazo legal de dous anos exixido tras o seu cesamento. Debe engadirse un dato curioso: no período referenciado, todos os exministros solicitantes recibiron a súa aprobación¹⁴. Deste xeito, xórdennos serias dúbidas sobre a suficiencia da natureza organizativa da Oficina de Conflitos de Intereses como órgano encargado do control interno das incompatibilidades do que se pode cuestionar a súa autonomía funcional e a súa capacidade de reacción ante o incumprimento normativo¹⁵. As súas funcións limítanse á

¹⁴ Dispoñible en: https://transparencia.gob.es/servicios-buscador/buscar.htm?categoria=autorizaciones_ind&lang=es&orderBy=fecHaAutorizacion&or=DESC, consultada o 23/2/2025.

¹⁵ Neste sentido, podemos sinalar un dato de interese: as dúas últimas resolucións da Secretaría de Estado de Función Pública referidas ao ano 2024 revelan que non se incoa nin se resolve ningún expediente en virtude da Lei 19/2013 nin da Lei 3/2015. *Vid.* os informes semestrais sobre o grao de cumprimento das obrigas establecidas pola Lei 3/2015 presentados pola Secretaría de Estado de Función Pública. Dispoñible en: <https://funcionpublica.digital.gob.es/etica/Obligaciones-art-22-Ley-3-2015.html>, consultada o 24/02/2025.

elaboración de informes¹⁶, xestionar o réxime de incompatibilidades de altos cargos, requirirlle o cumprimento das obrigas previstas no momento do nomeamento ou cesamento, a xestión e custodia dos rexistros de actividades e bens patrimoniais de altos cargos ou a colaboración con órganos análogos. Tampouco esquezamos que se trata dunha dirección xeral do Ministerio de Transformación Dixital e Función Pública que non pode impor ningún tipo de sanción e, en todo caso, carece de autonomía para incoar expedientes sancionadores. A Lei 40/2015 configúrao como órgano competente da instrución do expediente, pero non prevé que a Oficina lles poida solicitar ao ministro ou ao Consello de Ministros a incoación de expediente sancionador. Ante o seu débil papel, xorden posicións extrapoladas: Transparencia Internacional propón reforzar a súa independencia da Oficina de Conflitos de Intereses e o establecemento dun réxime de investigación sistemático cunhas obrigas de rendición de contas por parte desta¹⁷; só se verdadeiramente se reforzan estas debilidades podería actuar como un mecanismo de control. En cambio, Betancor avoga pola intervención xeral da Administración do Estado, xa que, adscrita á Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, coas garantías axeitadas podería despreñar as funcións de control dentro da propia organización da Administración e velar, por exemplo, por que as portas xiratorias se desenvolvan conforme as cautelas establecidas na normativa vixente¹⁸.

Finalmente, non obviemos que o Consello de Europa nos advertiu de forma reiterada acerca do incumprimento das súas recomendacións sobre prevención da corrupción. En particular, o Grupo de Estados contra a Corrupción do Consello de Europa —GRECO— entende só parcialmente atendido o seu encargo de introducir normas sobre como deben relacionarse os poderes públicos con terceiros potencialmente influentes. Os seus informes de monitorización referidos á cuarta e quinta rolda evidencian graves dificultades á hora de atender ás súas recomendacións e alertan sobre a necesidade dun maior avance no ámbito dos tres poderes do Estado. Neste ámbito, o GRECO subliña, en particular, a necesidade de potenciar a Oficina de Conflitos de Intereses e o Consello de Transparencia e Bo Goberno como mecanismos de fiscalización sobre os que pivoten os principios de transparencia e control¹⁹. Desde hai case unha década, o problema obxecto da nosa análise non se resolveu coas medidas adoptadas, permanece aberto.

En concreto, a cuarta rolda de avaliación do GRECO resalta que a ausencia de apoio parlamentario non permite concretar ningunha das propostas de reforma

¹⁶ O artigo 22 da Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado, simplemente dispón que, para asegurar a transparencia do control do réxime de incompatibilidades previsto nela, a Oficina de Conflitos de Intereses enviará un informe cada seis meses ao Goberno para a súa remisión ao Congreso dos Deputados. Este informe reflicte con datos personalizados e identificativos dos responsables o cumprimento polos altos cargos das obrigas de declarar, así como das infraccións cometidas e as sancións impostas.

¹⁷ Vid. "Aportaciones de Transparencia Internacional España consulta pública previa sobre el anteproyecto de ley de transparencia e integridad en las actividades de los grupos de interés", 28 de mayo 2021. Disponible en: <https://transparencia.org.es/wp-content/uploads/2021/10/ALEGACIONES-TI-ESPAÑA-A-CONSULTA-PÚBLICA-PREVIA-SOBRE-ANTEPROYECTO-DE-LEY-DE-PREVENCIÓN-DE-CONFLICTOS-DE-INTERESES-DEL-PERSONAL-AL-SERVICIO-DEL-SECTOR-PÚBLICO.pdf>, consultada o 23/02/2024.

¹⁸ Cfr. BETANCOR, A., "Puertas giratorias: regulación y control", en Villoria Mendieta, M., Gimeno Feliú, J. M. e Tejedor Bielsa, J. (dirs.), *La corrupción en España. Ámbitos, causas y remedios jurídicos*, Atelier Libros Jurídicos, Barcelona, 2016, pp. 178-182.

¹⁹ Disponible en: <https://www.coe.int/en/web/greco/evaluations/spain>, consultada o 23/2/2025.

dos regulamentos parlamentarios que inclúan as súas recomendacións, un problema que se ve agravado polo feito de que ningunha institución ou servizo dentro do Parlamento ten poder para investigar —a excepción da Comisión do Estatuto dos Deputados se se sospeita que pode haber tráfico de influencias dentro do Congreso e só a instancias do grupo parlamentario do deputado cuxa reputación está en dúbida—. Por este motivo, o GRECO ao mesmo tempo formula a necesidade de potenciar a Comisión para a auditoría da calidade democrática, a loita contra a corrupción e as reformas institucionais e legais —creada no ano 2016 no seo do Congreso— como foro de diálogo para promover reformas encamiñadas a mellorar a calidade do sistema democrático mediante a análise do réxime de incompatibilidades dos cargos públicos, evitar conflitos de intereses e estudar a efectividade das novas medidas e instrumentos en ámbitos como os da transparencia, a rexeneración democrática ou a loita contra a corrupción. Producíronse avances destacables como a aprobación, o 1 de outubro de 2020, do Código de conduta das Cortes Xerais, onde se consideran obrigas reforzadas de transparencia —mesmo referidas á información relativa aos contactos de deputados e senadores con terceiros— e requisitos adicionais de publicación. Este código encoméndalle á Oficina de Conflitos de Intereses o seu cumprimento e funcións confidenciais de asesoramento e supervisión; tamén pode solicitarlles aos deputados e senadores calquera información necesaria para poder determinar a existencia dun posible conflito de interese; e, finalmente, debe elaborar un informe anual de actividades no cal se inclúen posibles recomendacións de mellora do sistema de integridade das Cortes Xerais. En todo caso, non podemos obviar que a súa acción é limitada, pois, se a oficina lle solicita a un parlamentario máis detalles e valora que os datos achegados non son satisfactorios, só pode remitir o asunto á mesa da cámara ou á comisión pertinente, para que estas adopten as medidas de cumprimento aplicables. Por todo iso, o GRECO solicita que se lle manteña informado sobre cal é a súa eficacia práctica por se é necesario realizar novos axustes. Non obstante, advirte que cómpre elaborar unha regulamentación específica dos grupos de interese. Valora como provisionais as medidas referidas á transparencia neste ámbito incorporadas no código de conduta referido. As súas disposicións específicas relativas á transparencia das axendas dos parlamentarios, así como á pegada lexislativa —dos *lobbies* que participan na iniciativa lexislativa, fase de consulta ou na preparación do proxecto—, requiren un maior avance, unha regulación singular que aclare cuestións non resoltas como os períodos de incompatibilidade ou o rexistro de grupos de interese. Neste sentido, engade que estas previsións deben complementarse co labor de asesoramento e orientación que preste a Oficina de Conflitos de Intereses no ámbito da transparencia, integridade e rendición de contas. Así, subliña ademais un feito alarmante: o informe anual presentado en xullo de 2022 pola Oficina de Conflitos de Intereses das Cortes, anteriormente referido, revela que a inmensa maioría dos seus membros non publicaron a súa axenda parlamentaria nin persoal —douscentos sete fronte a só setenta e oito que si o fixeron—, un dato que evidencia as dificultades que atravesamos aínda de forma lamentable a transparencia neste apartado. O GRECO subliña tamén que os actuais formularios de declaración aplicables aos membros das

dúas cámaras para aumentar as categorías e o nivel de detalle da información que continúan pendentes de pasos adicionais para actualizar o sistema de declaración financeira, máis alá da iniciativa do Congreso dos Deputados de lles exixir aos seus membros que revelen os seus intereses económicos antes de asumir o mandato parlamentario a teor do código de conduta, debe estenderse ao Senado e ampliar a obriga de información. Finalmente, o GRECO conclúe que a regulación entre parlamentarios e *lobbies* é a única recomendación pendente no plano parlamentario da cuarta rolda, xa que a aprobación no ano 2020 dun código de conduta para as Cortes non foi suficiente na práctica. Os contactos entre deputados, senadores e grupos de presión permanecen opacos.

Desde o punto de vista do Executivo, o GRECO completa a súa análise sobre a situación da transparencia en España coa quinta rolda de avaliación en que examina a prevención da corrupción da integridade nos gobernos centrais, funcións executivas superiores e os organismos encargados de facer cumprir a lei. O GRECO destaca a posta en marcha desde o ano 2013 de reformas estruturais importantes no ámbito da transparencia baixo o Plan de rexeneración democrática. En concreto, refírese a dúas normas: a Lei 19/2013, do 9 de decembro, sobre transparencia, acceso á información e bo goberno, e á Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración xeral do Estado. O GRECO reitera, unha vez máis, que debe prestarse unha “maior atención” ás facultades e recursos da Oficina de Conflitos de Intereses, unha deficiencia que se manifesta tamén nos seus homólogos autonómicos. Agora ben, valora como insuficiente o control da aplicación da Lei 3/2015, do 30 de marzo, e exixe a súa ampliación práctica — en particular, no correspondente ao seu réxime de asesoramento, supervisión e execución, unha maior intervención na cuestión das portas xiratorias ou o control da información relacionada co persoal con altas funcións executivas, incluídas as súas axendas ou contactos con terceiros, entre os que inclúe os *lobbies*—. Conclúe, así, que a supervisión e rendición de contas aínda son áreas pendentes de máis atención e requiren unha revisión do órgano xudicial competente para coñecer do denominado aforamento. Nesta liña, propón tamén o reforzo do status, as competencias e os recursos da Oficina de Conflitos de Intereses para garantir a súa independencia. Cómpre desenvolver unha estratexia máis integral en materia de loita contra a corrupción, e esta require a publicidade da información financeira con novos axustes e unha maior desagregación, co fin de lograr a debida transparencia. Ademais, o GRECO advirte unha vez máis que deben introducirse regras sobre como as persoas encargadas destes labores executivos se involucran en contactos con conspiradores e outros terceiros que buscan influír no traballo legislativo, establecer períodos de incompatibilidade, formar os parlamentarios en rendición de contas na súa relación con eles ou a necesidade de delimitar a pegada legislativa. Nesta lista de cuestións pendentes, o GRECO destaca que debe prestarse unha “maior atención” ás facultades e recursos da Oficina de Conflitos de Intereses.

En definitiva, os informes de monitorización emitidos polo Grupo de Estados contra a Corrupción do Consello de Europa evidencian os principais problemas de control do *lobbying* en España detectados pola Oficina de Conflitos de Intereses, entre

Regap



COMENTARIOS

outros elementos, que deben ser resoltos — non esquezamos que España é membro fundador do GRECO, desde marzo de 1999—, un labor de fiscalización que, en todo caso, é limitado. O Goberno ata a data non autorizou a publicación do segundo informe de avaliación do cumprimento das recomendacións do GRECO correspondentes á quinta rolda²⁰, a pesar de que este organismo reiterou a importancia de non demorar máis esta acción. Lamentamos que os Estados membros sexan os que, finalmente, deciden se estes informes son publicados —un feito que redunda en certo paradoxo no ámbito da transparencia— e que se reduza a súa avaliación só á normativa estatal, xa que é no eido autonómico onde se produce o maior avance regulatorio en España.

3. Cara á configuración dun modelo de fiscalización con amplas facultades de vixilancia e sanción

Transparencia Internacional, nos informes xa sinalados, resalta a necesidade de que no ámbito da fiscalización das regulacións debe crearse un órgano independente que actúe como un mecanismo coordinado. Polo tanto, non pode posporse máis dar unha resposta clara e efectiva ás deficiencias regulatorias sinaladas. Porén, como acabamos de ver, os informes correspondentes á cuarta e quinta rolda de avaliación do GRECO evidencian a insuficiencia das reformas adoptadas neste sentido respecto ao Consello de Transparencia ou á Oficina de Conflitos de Intereses. O órgano fiscalizador debe contar con recursos suficientes e a disposición de persoal para xestionar de forma eficaz o rexistro, verificar os conflitos de intereses, xestionar a información proactiva, prestar consultoría ou monitorizar e investigar as denuncias. Malia iso, este labor, como regra xeral, está debilitado funcionalmente no ordenamento estatal e autonómico. Unha carencia fiscalizadora que se constata, ben porque non se constitúe como un verdadeiro órgano de control independente con amplas facultades sancionadoras reais, ben porque estas funcións recaen sobre o mesmo órgano de rexistro.

O informe presentado pola Oficina de Conflitos de Intereses referido ao ano 2024²¹ é revelador. O seu labor de consulta reflicte a súa escasa actividade, cínquese a só dúas relacionadas co cumprimento do código de conduta relativas ás declaracións de intereses económicos. A pesar do estipulado no seu artigo 6.2 do Código de conduta das Cortes e as recomendacións feitas en informes anteriores, só corenta e seis deputados e sesenta e catro senadores publicaron a súa axenda de reunións con grupos de interese, unha información que se presenta como anotacións ocasionais e non regulares, e refírense á mera asistencia a actos. Constátase, así, o incumprimento reiterado das recomendacións e a improbable fiabilidade dos datos como reflexo da actividade real dos membros das cámaras. Sobre esta inobservancia do cumprimento do código de conduta, a Oficina de Conflitos de Intereses simplemente se limita a recordar a obriga dos membros das cámaras de publicar nas súas axendas

²⁰ Dispoñible en: <https://www.coe.int/en/web/greco/evaluations/spain>, consultada o 6/03/2025.

²¹ Dispoñible en: https://www.congreso.es/public_oficiales/L15/CORT/BOCG/A/BOCG-15-CG-A-126.PDF#page=15, consultada o 6/03/2024.

as reunións mantidas cos grupos de interese. Deste xeito, evidenciamos que a súa eficacia queda en dúbida ao limitar o seu labor fiscalizador a detectar puntos de mellora do cumprimento das obrigas do código de conduta das cámaras sen reforzar a súa acción cunha capacidade sancionadora a pesar dos incumprimentos reiterados das recomendacións de anteriores informes. Urxe articular un verdadeiro sistema de supervisión e rendición de contas eficaz do Código de conduta que recaia sobre este órgano e non dependa de que a mesa da cámara ou a comisión correspondente adopte as medidas de cumprimento que considere oportunas. As súas competencias e recursos requiren unha desagregación máis detallada da información financeira e unha maior atención tamén no ámbito do poder executivo, un control sobre o cumprimento do seu deber de transparencia que ten que estenderse non só con carácter previo á existencia dun posible conflito de interese, senón tamén sobre as restricións posteriores ao desempeño do emprego. O control sobre o perigo das portas xiratorias e o deber sobre a declaración de bens e actividades que poidan constituír conflitos de intereses debe ampliarse máis alá dos altos cargos, comprender tamén os seus asesores. Nesta liña, resulta evidente que a delimitación detallada da actividade que pode desenvolver o grupo de presión é de extrema importancia. O artigo 65.2 da lei madrileña é un claro exemplo de boa regulación ao recoller de modo exhaustivo as condutas do *lobbying*, aínda que non está de máis deixar algunha cláusula aberta, a xeito de caixón de xastre, que permita incluír outras accións de influencia que teñan cabida no *lobbying* omitidas ou descoñecidas, dado o avance dos sistemas tecnolóxicos e as dificultades que definen a súa falta de control —é o caso do emprego de *bots*, intelixencia artificial creativa, ou o uso de tecnoloxías descentralizadas como o *blockchain*, por citar algúns exemplos—.

O modelo asimétrico de fiscalización no ámbito autonómico debe superarse. Con carácter xeral, as comunidades autónomas adscriben este rexistro ao poder executivo, en concreto á consellaría que asume as competencias no ámbito da transparencia e o bo goberno —a excepción da axencia aragonesa de integridade e ética pública vinculada ás Cortes de Aragón—. Unha vez máis, xórdennos serias dúbidas sobre a efectividade deste modelo de control executivo maioritario onde o labor de fiscalización recae sobre o mesmo órgano de control do rexistro. A monitorización por un terceiro independente parece garantir en maior medida un control imparcial, pero ese mecanismo de fiscalización debe ser unificado ou, polo menos, integrado. A Oficina de Conflitos de Intereses, o Consello de Transparencia ou os seus homólogos autonómicos, mesmo a creación de novos organismos —como as oficinas antifraude catalá, as axencias de prevención e loita contra a fraude e corrupción valenciana ou balear, a oficina asturiana de bo goberno e loita contra a corrupción ou a axencia aragonesa de integridade e ética públicas—, poden atender de mellor xeito ese requisito. En todo caso, se non se garante a súa independencia económico-financeira e político-xurídica, o fracaso está asegurado. Un verdadeiro control do *lobbying* require a súa comprensión expansiva e integradora nun modelo unificado con amplas facultades de vixilancia e sanción sobre os distintos poderes do Estado nos seus diferentes niveis territoriais. Debe superarse a súa singularidade regulatoria. Só así evitaremos que

Regap



COMENTARIOS

a acción dos *lobbies* pase desapercibida e se filtre a través das fisuras que o propio ordenamento xurídico establece.

Como sinalamos, un rexistro común e integrado, na liña do europeo, pode ser un bo comezo para reestruturar ese modelo de control real e independente. Un mecanismo de fiscalización integrado e imparcial é o seguinte paso. Como simplifica JIMÉNEZ ASENSIO, os elementos propios que, desde unha perspectiva interna, definen un sistema de integridade institucional completo son os seguintes: un plan de integridade que fixe os obxectivos, finalidades, instrumentos e garantías; un código ético ou de conduta que estableza os valores e normas de actuación; mecanismos de difusión e comunicación do seu contido; medidas de prevención que reforcen os mecanismos de integridade e que permitan a avaliación de riscos e a xestión de conflitos de intereses; canles e procedementos de resolución de dúbidas, queixas ou denuncias internas; un órgano de garantía con autonomía funcional que fiscalice o sistema de integridade; instrumentos de autorregulación, entre os que se inclúen os rexistros de grupos de interese; e, finalmente, unha avaliación continua do seu funcionamento.

